

# **As relacións sexoafectivas intermasculinas e interfemininas no trobadorismo galego**

(Volume 2 de 2)

Carlos Callón

Universidade da Coruña

Tese de Doutoramento

2017

Directora e director: Pilar García Negro e Manuel Ferreiro Fernández

**Programa Oficial de Doutoramento en  
Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



## Índice - Volume 2

Presentación e criterios editoriais.....	9
Cantiga 1: "Pero non fui a Ultramar".....	13
Cantiga 2: "Aquestas coitas que de sofrer hei".....	16
Cantiga 3: "Conhecedes a donzela".....	18
Cantiga 4: "Comprar quer'eu, Fernan Furado, muu".....	22
Cantiga 5: "Achei Sanch[a] Anes encavalgada".....	25
Cantiga 6: "Pero da Ponte, paro-vos sinal".....	28
Cantiga 7: "Dizia la ben-talhada".....	30
Cantiga 8: "O meu senhor, o bispo, na Redondela ūu dia".....	33
Cantiga 9: "Abril Perez, muit'hei eu gran pesar".....	36
Cantiga 10: "Irei a lo mar vee-lo meu amigo".....	39
Cantiga 11: "Un cavaleiro me diss'en baldon".....	41
Cantiga 12: "Rui Gonçalviz, pero vos agravece".....	43
Cantiga 13: "Alvar Rodriguez dá preço d'esforço".....	46
Cantiga 14: "Do que eu quigi, per sabedoria".....	48
Cantiga 15: "Jograr Saco, non tenh'eu que fez razon".....	50
Cantiga 16: "Jograr Sac', eu entendi".....	53
Cantiga 17: "Da esteira vermelha cantarei".....	55
Cantiga 18: "Tercer dia ante Natal".....	57
Cantiga 19: "Enmentar quer'eu do brial".....	59
Cantiga 20: "A mí quer mal o infançon".....	61
Cantiga 21: "En este son de negrada".....	63
Cantiga 22: "Desto son os zevrões".....	65
Cantiga 23: "Os zevrões foron buscar".....	68
Cantiga 24: "Ora tenho guisado".....	70
Cantiga 25: "Sela aleivosa, en mao dia te vi".....	72

Cantiga 26: "Ao lançar do pao".....	74
Cantiga 27: "Airas Moniz, o zevron".....	76
Cantiga 28: "O infançon houv'atal".....	79
Cantiga 29: "Joan Fernandiz, un mour'est'aqui".....	83
Cantiga 30*: "D'úa cousa soo maravilhado".....	85
Cantiga 31: "Fernan Diaz, este que and'aqui".....	87
Cantiga 32: "Fernand'Escalho leixe mal doente".....	89
Cantiga 33: "Fernand'Escalho vi eu cantar ben".....	91
Cantiga 34: "Don Fernando, pero mi mal digades".....	93
Cantiga 35: "Que muito mi de Fernan Diaz praz".....	95
Cantiga 36*: "Dona Maria Negra, ben-talhada".....	97
Cantiga 37: "Don Estevã[o], en grand'entençon".....	99
Cantiga 38: "Don Marco, ve[j]i eu muito queixar".....	102
Cantiga 39: "Pero Fernandiz, home de barnage".....	105
Cantiga 40: "Don Estevan fez[o] sa partiçon".....	108
Cantiga 41: "Don Estevan, que Lhi non gradecedes".....	111
Cantiga 42*: "Pero Martiiz, ora por caridade".....	113
Cantiga 43: "Vedes, Picandon, soo maravilhado".....	117
Cantiga 44: "Mala ventura mi venha".....	121
Cantiga 45: "Bernal Fendudo, quero-vos dizer".....	123
Cantiga 46: "Pero d'Ambroa, sodes maiordomo".....	126
Cantiga 47: "Don Bernaldo, pesa-me que tragedes".....	128
Cantiga 48: "Don Estevã[o] achei noutro dia".....	131
Cantiga 49*: "Don Estevã[o], eu eiri comi".....	134
Cantiga 50: "Don Estevã[o], tan de mal talan".....	136
Cantiga 51: "Don Bernaldo, por que non entendedes".....	138
Cantiga 52*: "Don Estevã[o] diz que desamor".....	140
Cantiga 53: "Fernan Diaz é aqui, como vistes".....	142

Cantiga 54: "Don Fernando, vejo-vos andar ledo" .....	144
Cantiga 55: "Correola, sodes Adeantado" .....	146
Cantiga 56: "Don Martin Galo, ést'acostumado" .....	148
Cantiga 57: "Ja-u s'achou con torpes, que fezeron" .....	150
Cantiga 58: "Dona Ouroana, pois ja besta havedes" .....	153
Cantiga 59: "Vedes agora que mala ventura" .....	156
Cantiga 60: "Ou é Melion Garcia queixoso" .....	159
Cantiga 61*: "Tant'é Melion pecador" .....	161
Cantiga 62: "Joan Bolo jouv'en ūa pousada" .....	163
Cantiga 63: "De Joan Bol'and'eu maravilhado" .....	165
Cantiga 64: "Joan Bol'anda mal desbaratado" .....	168
Cantiga 65*: "Joan Fernandiz quer [i] guerrejar" .....	170
Cantiga 66*: "Joan Fernandiz, aqui é chegado" .....	172
Cantiga 67: "Direi-vos ora que oi dizer" .....	174
Cantiga 68: "Sancha Perez leve vós ben parecedes" .....	176
Cantiga 69*: "O arraiz de Roi Garcia" .....	178
Cantiga 70: "Fernan Diaz, fazen-vos entender" .....	181
Cantiga 71: "De Pero Bõo and'ora espantado" .....	183
Cantiga 72: "Abadessa, oi dizer" .....	186
Cantiga 73: "Mari'Mateu, ir-me quer'eu d'aquen" .....	189
Cantiga 74: "Trag'agora Marinha Sabugal" .....	192
Cantiga 75: "Pero d'Armea, quando composestes" .....	194
Cantiga 76: "A vós, dona abadessa" .....	197
Cantiga 77: "Vós que [por] Pero Tinhoso preguntades, se queredes" .....	200
Cantiga 78: "Eu digo mal, com'home fadimalho" .....	202
Cantiga 79*: "Noutro dia, en Carrion" .....	204
Cantiga 80*: "Sueir'Eanes, este trobador" .....	207
Cantiga 81: "Don Bernaldo, pois tragedes" .....	209

Cantiga 82: "Mentre m'agora d'al non digo [nada]".....	212
Cantiga 83: "De Fernan Diaz, est[e] asturão".....	214
Cantiga 84: "Quen a sa filha quiser dar".....	218
Cantiga 85: "Don Tisso Perez, queria hoj' eu".....	221
Cantiga 86: "Elvir', a capa velha dest'aqui".....	223
Cantiga 87: "Pediu hoj'un ric'home".....	225
<b>BIBLIOGRAFÍA CITADA.....</b>	<b>228</b>
Índice alfabético das cantigas editadas.....	267
Cadro cronológico dos autores.....	271
Cadro alfabético dos autores.....	273

**APÉNDICE:**  
**CORPUS TEXTUAL DE REFERENCIA**



## Presentación e criterios editoriais

Explicamos xa na epígrafe 0.5 da dissertación os criterios xerais de edición, que se basean nas "Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval" (Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontañá, eds., 2008: 197-204). Así mesmo, expuxemos tamén nesa sección que, aínda que os textos posúen un número identificativo propio, están ordenados conforme a súa disposición na "Tabela de cantigas" do proxecto Glossa (Ferreiro, dir., 2014-).

Esta edición ten un carácter instrumental para a pesquisa, razón pola que non nos detivemos en realizar o aparato de variantes manuscritas e diverxencias editoriais. Todos os datos destacadábeis sobre unha e outra cuestión son sinalados nas notas. Tampouco introducimos explicacións lingüísticas salvo que estas foren determinantes para o sentido da composición. Do mesmo xeito, por regra non nos ocupamos do esquema métrico e, cando este for de relevo, será sinalado en nota.

Cando apuntemos as edicións precedentes cotexadas, indicaremos Lapa ou Lopes e o número de orde que aí teña asignada a composición nas respectivas edicións de conxunto, pondo só entre parénteses o ano de edición e paxinación concreta que consultamos. Na citación que realicemos das cantigas pola Universidade Nova de Lisboa (Lopes / Ferreira et al., 2011-), indicaremos Projeto Littera e, en nota de rodapé, a ligazón concreta<sup>1</sup>. Por último, no proxecto impreso de *Lírica profana galego-portuguesa* (Brea, coord., 1996), indicaremos LP e o número de cantiga, cifra que nese caso está asignada segundo os criterios de Tavani (1967), cunhas modificacións parciais que tamén nós tivemos en conta na súa distribución (Brea, coord., 1996: 15-23). No resto dos estudos citaremos por apelidos, ano consultado de publicación e páxina, para se poder examinar doadamente na bibliografía. Todas estas edicións serán relacionadas segundo a orde en

---

<sup>1</sup> Consultamos as edicións en liña das cantigas nesta páxina entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017, datas en que non consta na base de datos que realizasen ningunha modificación que afectase ás composicións sobre as que nos debruzamos.

que se deron a coñecer ao público, aínda que nós citemos por algunha impresión ou versión posterior. Por exemplo, embora nós nos referenciamos na edición de Lapa de 1998, esta irá antes que a *Antoloxía da poesía obscena...* de Arias Freixedo que saíu do prelo en 1993, xa que o traballo do profesor portugués é moi anterior.

Centraremos as nosas notas nas discordancias que manteñamos coas edicións precedentes de Lapa (que foi o noso referente fundamental) ou Lopes, así como naqueles casos en que, mesmo concordando, sexa necesario explicar con vagar as razóns polas súas repercuśóns no conxunto desta tese. Non nos deteremos cando esas diferenzas sexan aspectos mínimos de puntuación ou adaptación gráfica e, como dixemos, só nalgúns casos relevantes para o noso estudo cando exista hoxe consenso sobre as solucións adoptadas.

Hai tres cantigas que non figuran no traballo de Lapa: na [2] tomamos como principal modelo o traballo de Manuel Ferreiro, na [10] o de Rip Cohen e na breve [68] as nosas coincidencias son sobre todo co Projeto Littera.

Por ser esta unha edición de carácter instrumental, non en todas as composicións vimos necesario confrontar todas as lecturas de que foron obxecto, embora sexamos conscientes de que ao final foi ese o caso en varias das cantigas. Como non podía ser doutro xeito, só sinalamos aquelas edicións precedentes que comprobamos.

Por exemplo, citamos só en ocasións a edición paleográfica de Monaci (1875) do Cancioneiro da Vaticana, á cal acudimos para tentar resolver algunas pasaxes especialmente complexas. Así mesmo, referenciamos en varias ocasións algunas obras cuxa metodoloxía está xa ultrapasada, como as de Braga, Paxeco / Machado ou Álvarez Blázquez, mais que en ocasións ofrecen posibilidades de interpretación verosímiles (para além da utilidade de confrontarmos diferentes lecturas en relación cun tema que tivo censura social). *Verbi gratia*, Braga permitiuños reparar en que o verso 21 da cantiga [82] non ten ningunha carencia nos códices; Paxeco / Machado facilitou que reparásemos noutra hipótese de lectura do v. 17 de [59], e Álvarez Blázquez realizou unha proposta a ter en conta para o v. 21 da [76]. Atendemos tamén algunas antoloxías en que non houbo só un labor de recolla, senón tamén de edición propia, como é o caso dos traballos

de Arias Freixedo.

Incluímos, así mesmo, un sucinto resumo do contido de cada composición e, nos casos en que for necesario, unha explicación tamén breve sobre os principais equívocos, áinda que sexan todos eles aspectos que se desenvolven no corpo da disertación.



## ***Cantiga 1***

Rubrica: *Esta cantiga fez Martin Soarez a un cavaleiro que era chufador, que dezia que viinha d'Outramar.*

Pero non fui a Ultramar,  
muito sei eu a terra ben,  
per Soeir'Eanes, que én ven,  
segundo lh'eu oi contar:  
5       diz que Marselha jaz alen  
do mar e Acre jaz aquen,  
e Somportes log'i a par.

E as jornadas sei eu ben  
como lhi eiri oi falar:  
10     diz que pod'ir, quen ben andar,  
de Belfurad'a Santaren,  
se noutro dia madurgar,  
e ir a Nogueirol jantar  
e maer a Jerusalen.  
  
15     E diz que vio ūu judeu  
que vio prender Nostro Senhor;  
haveredes i gran sabor  
se vo-lo contar, cuido-m'eu;  
diz que é [un] judeu pastor,  
20     natural de Rocamador,  
e que ha nom[e] Don Andreu.

Do Sepulcro vos [ar] direi,  
per u andou, ca lho oi  
a Don Sueiro; ben assi  
25 como m'el disse, vos direi:  
de Santaren tres legoas é,  
e quatr'ou cinco de Loulé,  
e Belfurado jaz log'i.

Per i andou Nostro Senhor,  
30 d'ali diz el que foi romeu;  
e depois que lh'o Soldan deu  
o perdon, houve gran sabor  
de se tornar; e foi-lhi greu  
d'andar Coira e Galisteu  
con torquis do Emperador.

Martin Soarez

*REPERTORIOS:* D'Heur 114; Tavani 97,28.

*MANUSCRITOS:* B 143.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Michaëlis de Vasconcelos (1904: I, 777-778). Bertolucci Pizzorru (1992: 45-48). Lapa 284 (1998: 188) [=LP 97,28 (1996: 653)]. Martínez Pereiro (1999:161-167). Lopes 247 (2002: 301-302 e 576<sup>2</sup>). Projeto Littera<sup>3</sup>.

Especificamente para a rubrica: Lagares (2000: 111).

---

<sup>2</sup> Nesta última páxina hai un erro de numeración, e os comentarios que se corresponden coa cantiga aparecen a segunda vez que figura o número 246 e non na 247, como debería.

<sup>3</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=114&tr=4&pv=sim>>

## *CONTIDO*

Soeir'Eanes di que foi á Terra Santa, porén mestura as zonas polas que tería que pasar nesa viaxe con topónimos doutras zonas, co cal se demostra que mente.

Hai un xogo equívoco con algúns termos (unidos no v. 28, *Belfurado jaz*) en que se insinúa que, mentres dicía que viaxaba, estaba a deitarse con outros homes como pasivo, talvez con ese mozo Don Andreu que se cita. Varios topónimos que se citan son de relevo para ese entendemento: *Outramar* ('Outro amar') na rubrica, e xa na cantiga *Belfurado* ('de ano bonito ou alegre') e *Rocamador* ('Amante da dureza').

## *NOTAS*

**Rubrica:** O topónimo que aí aparece —escrito da man de Colocci— é moi difícil de interpretar, xa que o que se le no cancioneiro é *donč mar*. Só Lopes (2002: 302) editou *Ultramar*, porén retomou a interpretación *Outramar* no Projeto Littera. Antes, Carolina Michaëlis de Vasconcelos editara libremente *além mar*.

Debemos atender ao feito de que, se a maioría da crítica acertar con ler *Outramar*, podería existir un equívoco na rubrica: 'outra mar' e 'outro amar'. É este un espazo inesperado para dar duplos sentidos, pois presupomos que estas introducións son propias da tradición manuscrita e que non facían parte do espectáculo trobadoresco.

**12.** Repárese na dupla posibilidade interpretativa deste verso: 'se noutro dia madurgar' ou a maliciosa 'sen outro dia madurgar'.

**17.** Expunximos a connexión e presente no inicio do verso no códice.

**29.** No manuscrito, *Peri*. As edicións consultadas interpretan *per u*.

## *Cantiga 2*

Aquestas coitas que de sofrer hei,  
meu amigo, muitas e graves son;  
e vós mui grave, ha i gran sazon,  
coitas sofredes, e por én non sei  
5      *d'eu por vassal[o] e vós por sen[h]or,*  
*de nós qual sofre más coita d'amor.*

Coitas sofremos, [e] assi nos aven:  
eu por vós, amig[o], e vós por mí!  
E sabe Deus de nós que ést'assi,  
10     e destas coitas non sei eu muit'en,  
*d' eu por vassalo e vós por senhor,*  
*[de nós qual sofre más coita d'amor].*

Guisado teen de nunca perder  
coita meus olhos e meu coraçon,  
15     e estas coitas, senhor, minhas son,  
e deste feito non pos[s]'entender,  
*d'eu por vassalo [e vós por senhor,*  
*de nós qual sofre más coita d'amor].*

Rodrig'Eanes de Vasconcelos

*REPERTORIOS:* D'Heur 329; Tavani 140,1.

*MANUSCRITOS:* B 368.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Michaëlis de Vasconcelos (1904: I, 841). Paxeco / Machado (1949-

1964, II, 149-150). Ferreiro (1992: 69-78) [=LP 140,10]. Lopes 375 (2002: 439). Cohen (2003: 217). Projeto Littera<sup>4</sup>.

#### *CONTIDO*

Un suxeito poético, aparentemente masculino, diríxese a unha voz que identifica como *amigo* para lle transmitir as coitas do amor en termos de vasalaxe.

Outras interpretacións consideran que se trata dunha cantiga de amigo que dirixe unha dama de alta liñaxe a un seu vasalo, ou un diálogo entre ambos.

#### *NOTAS*

**3.** Paxeco / Machado interpretan *Et vos muy graues, ay! gram sazom.*

**4.** Para Paxeco / Machado, *sofrer[e]des.*

**5.** No manuscrito lese *uassal*, porén Michaëlis xa restituíu o *vassalo* en masculino, aspecto en que coincidiu totalmente Ferreiro, xa que o termo aparece íntegro nos versos 11 e 17.

**10.** Para o final do verso, no manuscrito lese *muytem*. Cohen opta por editar *mui ben*.

---

4 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=333&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 3*

Conhecedes a donzela  
por que trobei, que havia  
nome Dona Biringela?  
Vedes camanha perfia  
5 e cousa tan desguisada:  
des que ora foi casada  
chaman-lhe Dona Charia.

D'al and'ora mais nojado,  
se Deus me de mal defenda:  
10 estand'ora segurado,  
un, que maa morte prenda  
e o Demo cedo tome,  
quis-la chamar per seu nome  
e chamou-lhe Dona Ousenda.

15 Pero se ten per fremosa,  
mais que s'ela por Deus pode,  
pola Virgen gloriosa,  
un homem que fede a bode  
e erto seja na forca,  
20 estand'a cerrar-lhe a boca,  
chamou-lhe Dona Gondrode.

E par Deus, o poderoso,  
que fez esta senhor minha,

d'al and'ora más nojoso:  
25      do demo d'úa meninha,  
          d'acola ben de Çamora,  
          u lhe quis chamar sen[h]ora,  
          chamou-lhe Dona Gontinha.

Afonso Sanchez

*REPERTORIOS:* D'Heur 383; Tavani 9,2.

*MANUSCRITOS:* B 415 / V 26.

*EDICIÓNS PRECEDENTES:* Monaci (1875: 17-18). Braga (1878: 5-6). Paxeco / Machado (1949-1964, II: 227-229). Michaëlis de Vasconcelos (2004: 514-515). Lapa 63 (1998: 59) [= LP 9,2]. Lopes 403 (2002: 468-469 e 590). Projeto Littera<sup>5</sup>. Arbor Aldea (2001: 220-235). Gonçalves (2016: 431-437, 493-494 e 579-592).

#### *CONTIDO*

O poeta fai un repaso dos diferentes nomes cos que era coñecida quen fora a súa namorada, que levaba varias vidas paralelas que el descoñecía. Na última destas, insinúase a relación desta dama cunha moza.

#### *NOTAS*

**2.** Michaëlis de Vasconcelos, que tñia.

**4.** Lopes editou *tamanha*, mais no Projeto Littera restitúese por *camanha*, pois é un <c> o que aparece claramente grafado tanto en B como en V.

**7.** Mudando un pouco o sentido da estrofa, Michaëlis de Vasconcelos propuxo refacer en *cham[ei]-lhe*.

Braga, Michaëlis, Lapa, Lopes e Gonçalves len *Maria*. Mariña Arbor Aldea chamou a atención sobre o feito de que se debería manter a forma iniciada en <ch> nos manuscritos

---

5 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=389&tr=4&pv=sim>>

(*charia*, B; *chana*, V), tal e como fixeran Paxeco / Machado na súa edición semidiplomática. O Projeto Littera tamén inclúe, mesmo sen moitas certezas, a forma *Charia*. Trataríase dun arabismo, "pois así eran chamadas entre os árabes andaluces as concubinas brancas, francas e eslavas, que eran vendidas como escravas e que ignoraban por completo a lingua e costumes dos seus compradores" (Arbor Aldea, 2001: 229).

Concordamos con esta editora en que ese significado se axeita mellor á cantiga de crítica á luxuria. Con certeza, *Maria* non fai serie con *Biringela* (v. 3), *Ousenda* (v. 14), *Gondrode* (v. 21) e *Gontinha* (v. 28), os outros alcumes con que se fai referencia ofensiva a esta muller. Porén, no punto negativo desta edición está o feito de que a aparición de *Maria* / *Charia* se produce no único momento en que semella que esa muller satirizada ten unha apariencia formal, xa que acaba de casar (v. 6).

Discordamos da hipótese histórica que se indica no Projeto Littera para xustificar a posibilidade da lectura *Maria*, pois só se basea nunha conjectura referida á alusión a Zamora no v. 26:

Acrescente-se que de Zamora, como explicitamente refere o Nobiliário do Conde D. Pedro (35G2), era D. Maria Rodrigues, a mulher de Fernão Vasques Pimentel, fidalgo a quem João de Gaia dirige uma sátira relacionada com a sua brusca mudança de campo político, aquando do conflito entre D. Dinis e o seu herdeiro, o infante Afonso. Esta referéncia a Zamora poderá, pois, ser mera coincidência ou poderá ser algo mais.

**10.** Michaëlis propón, con dúbidas, *Estand'ora escamado (?)*.

**13.** Michaëlis, *qui'-la*.

**16.** En Michaëlis, *mais quis ela [do que] pode*. No Projeto Littera, *poder pode*.

**18.** De lectura moi difícil nos manuscritos. A principal editora de Afonso Sanchez, Mariña Arbor, reconstruíu con lagoas: *ūu home que .....-ode*. Para Braga, *hum homen a que acode*; en Paxeco / Machado, *oo De[mo] pode*; para Lapa, *un ome que fede a bode*, áinda que en nota tamén suxire outras opcións:

A nossa leitura, puramente conjectural, mas cingida ao texto, podería ainda ser substituída por outras, como *que rijo a fode, que a sacode*. *Por un ome que fede a bode* deverá entender-se "um homem sensualão, cheio de cio".

O profesor portugués chamou a atención á ausencia dos versos 18 e 19 na edición de Carolina Michaëlis porque "pressentiu uma rima obscena"<sup>6</sup>. Lopes propuxo *um homem que por defrode*, no sentido de 'home fraudulento', áinda que na nota á cantiga recoñece que, a pesar da súa tentativa de se manter fiel aos manuscritos, "Quanto à forma *defrodar* = defraudar, não sei se seria um galicismo ou se existiria mesmo" (Lopes, 2002: 590). O Projeto Littera retoma a proposta de Lapa e coloca a outra posibilidade como nota de lectura.

<sup>6</sup> O padre Augusto Magne (1931: 58-88) foi máis alá e excluíu toda a composición na súa edición do trovador. Non sabemos se entendeu só cuestiós sexuais ou se a súa lectura tamén o podería levar a unha comprensión lésbica da última estrofa. O relevante é que viu algo que lle fixo decidir non editala por razóns morais.

A proposta editorial de Elsa Gonçalves, que asumimos, ten o significado de homes que domestica poldros, ou sexa, socialmente inferior.

**19.** En B, *eardo seja na forca*; en V, *cerdo seja na forca*. Para Lopes, *e ardom seja na forca*. No Projeto Littera regrésase á lectura que fixera Lapa, *e cedo seja na forca*, aínda que este tamén sinalaba en nota que "o paralelismo com o v. 12 aconselha a nossa leitura; mas también não iria mal *colgado seja*". Adoptamos a proposta editorial de Elsa Gonçalves, sustentada nun termo que podería ser considerado un hapax no trobadorismo, porén está dicionarizado en galego (Santamarina, coord., 2006-2013: s. v. *erto*).

**20.** Seguimos a Lapa, a pesar da consecuencia da rima imperfecta e, por tanto, de que pensamos que non é aínda a mellor solución. En Arbor, con dúbidas, *estando, cerrou-lh'a boca*. Para Lopes e o Projeto Littera, *estand'a cerrar-lhe a lorca*. Seguen en parte a lectura que fixo Paxeco / Machado (que tamén apostou por *lo[r]ca*), e que nas más recentes edicións xustifican como espazo onde se recollen os peixes; isto é, un equívoco para a vaxina. Solucionaría o problema da rima, mais non nos parece que acabe de se axeitar ao sentido.

**26.** Para Lapa, *que aquel omen de Çamora*. Non concordamos coa súa solución, pois tanto en B como en V o que se le é *dacolo bem*. Mariña Arbor editou todo o verso con reticencias, excepto a rima -ora pola dificultade para encontrar un sentido nun "*locus criticus* con toda probabilidade xa deturpado no antecedente" (Arbor, 2001: 234). Rexeita, iso si, a posibilidade achegada por Lapa, xa que é unha "proposta certamente suxestiva no que respecta á semántica, pero que non se xustifica por razóns paleográficas" (Arbor, 2001: 234).

Nós apostamos pola interpretación que fixeron Braga e Michaëlis, que seguiron tamén Lopes e o Projeto Littera. A lectura que se faga dun ou doutro xeito deste verso é a que decanta a lectura ou non das alusións lésbicas.

A única persoa que nos consta que realizase esta interpretación foi Graça Videira Lopes, que explica que dese xeito se entende a alusión á *meninha* no verso anterior, como un vínculo entre criada e ama:

Mais um passo de leitura muito difícil. A que proponho vê no final desta estrofe uma referéncia a prácticas homossexuais com uma sua criada (neste sentido, talvez Gontinha possa ter um sentido bem diferente do de "pequerucha", sugerido por Carolina Michaëlis). (Lopes, 2002: 469)

Con esa explicación, o suxeito do verbo *querer* pasa a ser con claridade a *meninha*.

Graça Videira Lopes aínda ofrece outro argumento:

A minha convicción é reforçada pela forma *senhora* utilizada pelo trovador: não sendo impossível esta forma feminina num trovador da última geração, parece-me que ela será muito mais plausíbel como o tratamento de uma criada à sua ama. (Lopes, 2002: 590)

## *Cantiga 4*

Comprar quer'eu, Fernan Furado, muu  
que vi andar mui gordo no mercado,  
mais trage ja o alvaraz ficado,

*Fernan Furado, no olho do cuu;*

5 e anda ben, pero que fer'é d'un[l]ha,  
e dize[n]-me que trage ūa espunilha,  
*Fernan Furado, no olho do cuu.*

E, Don Fernan Furado, daquel muu  
creede ben que era eu pagado,

10 se non que ten o alvaraz ficado,

*Fernan Furado, no olho do cuu;*

é caçurr[o], e vejo que rabeja  
e ten espunilha de carne sobeja,

*Fernan Furado, no olho do cuu.*

Airas Veaz<sup>7</sup>

*REPERTORIOS:* D'Heur 427; Tavani 17,2.

*MANUSCRITOS:* B 446.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Michaëlis de Vasconcelos (1910: 310-312). Lapa 131 (1998: 99).

Lanciani (1988: 166-167). Arias Freixedo (1993: 49-50). LP 17,2. Lopes 97 (2002: 134).

Projeto Littera<sup>8</sup>.

---

<sup>7</sup> Lapa é o único editor cotexado que lla atribúe a Fernan Gonzalvez de Seavra.

<sup>8</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=437&tr=4&pv=sim>>

## *CONTIDO*

Pódese entender a composición como que o narrador se dirixe a Fernan Furado para lle dicir que quere comprar un mulo, ou que o narrador se refire a Fernan Furado como un mulo. O animal parece bo, excepto porque ten unha doença no ano. A localización da enfermidade, o apelativo que se lle dá ao satirizado e a metáfora animal son equívocos moi pouco equívocos sobre a homosexualidade.

## *NOTAS*

Lapa atribúella a Fernan Gonzalvez de Seavra. O resto dos editores a Airas Veaz.

**4, 7, 11 e 14.** Considerámolos refrán intercalar, a diferenza de Lapa e Lopes (mais non do Projeto Littera, que mantén o mesmo criterio que Michaëlis, Tavani e LP).

**5.** Seguimos a Lapa, que interpreta *fer'é d'unha*, no sentido de 'fero'. As editoras Michaëlis, Lanciani e Lopes optaron por *fere d'unha* (*d'unha*, no caso de Michaëlis), 'que dá couces'. Lapa sinala, porén, que xa descartaba no seu momento esa última posibilidade interpretativa porque o verbo ferir "daria normalmente *fer < FERIT*".

A rima imperfecta dos versos 5 e 6 lévanos a reconstruír *unlha* en troca de *unha*, tal e como suxeriu como posibilidade en nota Manuel Rodrigues Lapa e como realizara Michælis. No cancioneiro lese *du nha*.

Lanciani descartara esta posibilidade e considerábaa "superflua xa que na lírica galego-portuguesa admítese normalmente a rima imperfecta". É certo, mais propómolo porque sería o único caso de rima imperfecta na composición.

Cómpre atender ao feito de que o termo *unlla* non só existe dialectalmente no galego actual a carón de *uña*, senón que tamén se rexistran ambas no trovadorismo relixioso, en concreto nas cantigas CCXXV e CCXLII de Santa María. Na primeira das citadas aparecen as dúas formas. Así, na introdución desa composición narrativa dísenos: "Como hūu clérigo ena missa consomiu húa aranna que lle caeu no calez, e andava-lle ontr' o coiro e a carne viva, e fez Santa [Maria] que lle saysse pela unna." (Mettman, 1988: 292)

Xa no corpo do poema aparece a forma que reconstruímos tamén nesta composición profana:

Avia esta aranna. E un dia, el estando  
ao sol, ora de noña, foi ll' o braç' escaentando,  
e el a coçar fillou-ss' e non catou al senon quando  
lle sayu per so a unlla aquel poçon tan lixoso.  
(Mettman, 1988: 293)

Na CCXLII rexístrase só a forma *unlla*:

A Virgen Santa María. Enas unllas atan ben  
o teve, macar gross' era, que sol non caeu per ren;

e assi chamand' estava a Sennor que nos manten,  
dependorado das unllas e colgado por caer.  
(Mettman, 1988: 334)

Pola súa banda, a solución *unna* é a única que se rexitura na cantiga XXXI:

E des ali adeante non ouv' y boi nen almallo  
que tan ben tirar podesse o carr' e soffrer traballo,  
de quantas bestias y son  
que an as unnas fendudas,  
sen feri-lo de baston  
nen d' aguillon a 'scodudas.  
(Mettman, 1986: 137)

Tamén é a forma que aparece con claridade no cantar "Contar-vos-ei costumes e feituras" (B 1556), onde no manuscrito se le perfectamente *unhas*.

**12.** Michaëlis reconstruíu *e caçurr'é, [e] vejo que rabeja*, que sería outra posibilidade tamén válida.

## *Cantiga 5*

Achei Sanch[a] Anes encavalgada,  
e dix'eu por ela cousa guisada,  
ca nunca vi dona peior talhada,  
e quige jurar que era mostea;  
5      *e vi-a cavalgar per ūa aldeia*  
      *e quige jurar que era mostea.*

Vi-a en mua e se[n] seendeiro,  
e non ia melhor ūu cavaleiro.  
Santiguei-m'e disse: "Gran foi o palheiro  
10     onde carregaron tan gran mostea";  
      *vi-a cavalgar per ūa aldeia*  
      *e quige jurar que era mostea.*

Vi-a cavalgar indo pela rua,  
mui ben vistida en cima da mua;  
15     e dix'eu: "Ai, velha fududancua,  
que me semelhades ora mostea!"  
      *Vi-a cavalgar per ūa aldeia*  
      *e quige jurar que era mostea.*

Afonso X

*REPERTORIOS:* D'Heur 453; Tavani 18,1.

*MANUSCRITOS:* B 458.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Paxeco / Machado (1949-1964, II: 301-302). Lapa 28 (1998: 38-39) [=

LP (18,1)]. Lopes 21 (2002: 47). Paredes (2010: 86-89) [= Paredes, 2010: 54-56]. Projeto Littera<sup>9</sup>.

#### *CONTIDO*

Sancha Anes vai enriba dunha mula e o suxeito poético considéraa tan fea que lle parece un feixe de palla. Hai varios posíbeis equívocos: que está a *cavalar* (ten duplo sentido de manter relacóns sexuais) enriba dunha *mua* (ou sexa, 'muller que practica sexo contranatura') e as alusións ao palleiro poden ser polo lugar do encontro amoroso.

#### *NOTAS*

**7.** O que se le no cancioneiro é *via caualgirō emuhisse secudeyro / seendeyro*, que abre as portas a varias interpretacións hipersilábicas. A edición de Lapa, repetida nas posteriores, é "Vi-a cavalgar con un seu scudeiro". Ante unha pasaxe tan complexa, é máis que plausíbel. Porén, en nota o profesor portugués propuña outra alternativa: "Também é de considerar uma leitura: *Vi-a cavalgar en un seendeiro*, caso não fosse incompatível com a *mua* do v. 14".

Paxeco / Machado entenden *caualgar oe mu[a] sse[n] Scudeyro*. Lopes, aínda que segue a edición de Lapa, tamén en nota ofrece a opción *Vi-a cavalgar com mua e seendeiro*, embora na liña do mesmo editor matiza que "a repetição da referencia à mula na estrofe seguinte parece desaconselhar esta hipótese".

Ousamos propor unha lectura alternativa, coa certeza de que non é aínda a ideal, porén de que se axusta mellor ao sentido que ten o texto en xeral. A nosa proposta alicérzase en tres razóns. En primeiro lugar, en que non cremos que o conxunto da composición permita entender que haxa un escudeiro ao carón da muller satirizada; ademais, que desta maneira se subliña a contradición entre o porte que leva e a cabalgadura que utiliza, e, por último, abrimos a hipótese de que o aparente hipersilabismo podería explicarse por un erro de copia co comezo da terceira cobra.

**8.** O cancioneiro di *miguor hūū canaliō*. Seguimos a proposta de Lapa, *milhor un cavaleiro*, que continuaron tamén os editores e editora posteriores, xa que ten todo o sentido contextual, como comparación irónica do porte da satirizada. Existe outra lectura, más próxima paleográficamente, que é *mig'or'ūū cavaleiro* (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *cavaleiro*). Este verso e o anterior son certamente confusos.

**9.** Tanto Lopes como Projeto Littera escriben "Santiaguei-me", porén o manuscrito di *Santiguey me*.

---

9 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=459&tr=4&pv=sim>>

**10.** Manuel Ferreiro (2012b: 308-309) advertiu da modificación do tempo verbal en *carregaron* en varias edicións (así acontecía en todas as que cotexamos), cando no manuscrito figura *cayregarã*.

## *Cantiga 6*

Pero da Ponte, paro-vos sinal  
per ante o Demo do fogo infernal,  
porque con Deus, o padr'espírital,  
minguar quisestes, mal per-descreestes.

- 5      *E ben vej'ora que trobar vos fal  
pois vós tan louca razon cometestes.*

E pois razon [a]tan descomunal  
fostes filhar, e que tan pouco val,  
pesar-mi-a én, se vos pois a ben sal  
10     ante o Diaboo, a que obedescestes.

- E ben vej'ora que trobar vos fal  
[pois vós tan louca razon cometestes].*

Vós non trobades come proençal  
mais come Bernaldo de Bonaval;  
15     por ende non é trobar natural  
pois que o del e do Dem'aprendestes.

- E ben vej'ora que trobar vos fal  
[pois vós tan louca razon cometestes].*

- 20     E por én, Don Pedr', en Vila Real  
en mao ponto vós tanto bevestes.

Afonso X

*REPERTORIOS:* D'Heur 485; Tavani 18,34.

*MANUSCRITOS:* B 487 / V 70.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 14). Lapa 17 (1998: 30). Lopes 46 (2002: 77 e 559). Marcenaro (2006: 64-67). Paredes (2010b: 232-237) [= Paredes, 2010: 116-119]. Projeto Littera<sup>10</sup>.

#### *CONTIDO*

O rei recrimínalle a Pero da Ponte que siga unha razón infernal para as súas trobas, que tomaría de Bernal de Bonaval. Acaba responsabilizando do seu desacerto o exceso de bebida.

As alusións ao segrel galego como un trobar non natural (v. 15) ten unha comprensión directa en todas as referencias teolóxicas e xurídicas sobre o pecar contranatura e, ademais, en todos os escarnios que padece Bernal de Bonaval polos seus gustos sexuais.

#### *NOTAS*

**1.** Os cancioneiros din para o final do verso *parouos Smal* (B) e *parouos sm<sup>1a</sup> simal* (V). Braga entendera *par'o vosso mal*, algo semellante ao que Lapa editou, *pare-vos en mal*, aínda que este último suxería en nota *paro-vos sinal*, como expresión propia da linguaxe xurídica co significado de 'notificar xudicialmente'. Neste caso, como dicía o profesor portugués, hai que interpretar a apelación ao Demo no verso seguinte como "simples testemuña de defesa..."

**3.** En B *espiritual* e en V *espiritual*. Ambas as formas se rexistran no galego-portugués medieval (González Seoane, coord., 2006-2012: s. v. *espiritual, espirital*).

**15.** En B, *trobador natāl*; en V, *tōbador nātal*. Nos doux se le claramente *trobador*, que foi o que editou Braga, optando por un verso hipérmetro. No entanto, como indica Lapa, "O verso está seguramente estropiado, pois tem mais duas sílabas" (comeza cun *e*, que tamén se expunxiu das edicións) e, como afirma Lopes, "*trobador* não parece fazer sentido". O caso é que, faga ou non sentido, é o que poñen ambos os testemuños e talvez deba terse en conta para futuras edicións. Pola nosa banda, nin retirando outros termos sen peso semántico para manter as sílabas nin refacendo a puntuación logramos encaixar ese *trobador*.

---

10 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=491&tr=4&pv=sim>>

## ***Cantiga 7***

Dizia la ben-talhada:

"Agor'a viss'eu, penada,  
*ond'eu amor hei*".

A ben-talhada dizia:

5 "Penad'a viss'eu un dia  
*ond'eu amor hei*.

Ca, se a viss'eu, penada,  
non seria tan coitada  
*ond'eu amor hei*.

10 Penada, se a eu visse,  
non ha mal que eu sentisse  
*ond'eu amor hei*.

Quen lh'hoje por mí rogasse  
que non tardass'e chegasse  
15 *ond'eu amor hei*.

Quen lh'hoje por mí dissesse  
que non tardass'e veesse  
*ond'eu amor hei*".

Pedr'Eanes Solaz

*REPERTORIOS:* D'Heur 825; Tavani 117,2.

*MANUSCRITOS:* B 828 / V 414.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 78). Nunes (1912: 351-352). Paxeco / Machado (1949-1964, IV: 138-139). Nunes (1971: 212-213) [= LP 117,2]. Reali (1962: 180-182). Cohen (2003: 285). Projeto Littera<sup>11</sup>.

#### *CONTIDO*

Unha muller fermosa láiase en voz alta por outra muller, de quen desexaría que sofrese de amor como ela sofre. A cantiga termina expresando o seu desexo de que poidan encontrarse axiña, enténdese que elas dúas, polo que sería unha pasaxe do despeito á ansia do reencontro.

Varios editores interpretaron un poema lésbico, polo que modificaron os testemuños dos manuscritos. Outra posibilidade hipotética é que nas catro primeiras estrofas fale dunha rival.

#### *NOTAS*

As dúas últimas estrofas aparecen en orde inversa en V. Seguimos a lección de B, como o resto das editoras e editores, excepto Braga, Nunes (1912 e 1971) e Reali.

**2.** Coincidimos coa segmentación realizada por Cohen, *Agor'a*, na liña da marcada por Paxeco / Machado: *Agor a*.

**3, 6, 9, 12 e 15.** Reali editao con sinal de exclamación nas primeiras tres cobras (vv. 3, 6 e 9) e con interrogación nas dúas derradeiras (vv. 12 e 15).

**5.** Son posíbeis diferentes segmentacións deste verso, como *Penada, viss'eu un dia*, de Nunes, Reali e Projeto Littera. Optamos pola mesma lectura que realizou Cohen, tamén coa segmentación *Penad'a*.

Baseándose na literalidade dos manuscritos, que é *uisse enhū* (B) e *uisse nhū* (V), Braga editou *Penada, visse n'hum dia* e Paxeco / Machado *penad a uisse en ū dia*. Porén, semella que aquí os testemuños confunden <n> / <u>, embora coa preposición o verso tamén faga sentido.

---

11 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=837&tr=4&pv=sim>>

**7.** En B e V, *Cassea uisseu penada*. Varias das edicións cotexadas (Nunes -e, en consecuencia, LP-, así como Reali e Projeto Littera) modifican o pronome *a* en *o*. Tamén acontece o mesmo en antoloxías, como a de Álvarez Blázquez (1975: 60). Como apuntou Cohen, o máis probábel é que interpretasen que ese sería un amor lésbico e que, contextualmente, en comparación coas outras cantigas conservadas, non lle visen sentido.

**10.** En B e V, *Penada sea eu uisse*. Acontece o mesmo que o comentado no v. 7.

## *Cantiga 8*

O meu senhor, o bispo, na Redondela ūu dia  
de noit'e con gran medo, de deshonra fogia;  
eu, indo-mi aguisando por ir con el mia via,  
achei ūa companha assaz brava e crua  
5 que me deceron logo de cima da mia mua:  
azemela e cama levavan ja por sua.

E des que eu nacera nunca entrara en lide,  
[e] pero que ja fora cabo Valedolide  
estojar doas muitas fezeron en Molide,  
10 e ali me lançaron a min a falcatrua  
a maos [e]scudeiros gage o Churruchão  
e [a]taes sergen[t]os ca non gente befua.

Ali me desbulharon do tabardo e dos panos  
e non houveron vergonha dos meus cabelos canos,  
15 nen me deron por ende grā[a]s nen adianos;  
leixaron-me qual fui nado no meio da rua,  
e ūu rapaz tinhoso que a de part'estava  
chamavan "minha nana, velha fududancua!"

Airas Nunez

*REPERTORIOS:* D'Heur 876; Tavani 14,10.

*MANUSCRITOS:* B 885 / V 468.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Monaci (1875: 171-172). Braga (1878: 88). Lapa 71 (1998: 64). Tavani

(1992: 135-139) [= LP 14,10]. Lopes 412 (2002: 477 e 591-592). Projeto Littera<sup>12</sup>.

#### *CONTIDO*

En termos difíciles de entender, relátase unha agresión en Redondela contra o bispo e o seu xa ancián acompañante, que é o que a conta. Os dous últimos versos teñen significantes homófobos: identifícase un "rapaz tinhoso" (que ás veces funciona como sinónimo de 'homosexual', cfr. [77]), úsanse insultos en feminino para un home e, dentro deses termos ofensivos, *fududancua*, que alude en particular a ser penetrada/o analmente e, en xeral, aos relacionamentos que se consideraban contranatura.

#### *NOTAS*

**6.** Lapa, *levavan-na*; Lopes e Projeto Littera, *levarom-na*. Seguimos a Tavani.

**9.** Difícil interpretación do comezo do verso. En B, *estouar doas*; en V, *escouar doas*. Seguimos neste punto a Tavani, cun verbo que tería o sentido de 'esconder, gardar no estojo'.

**10.** Lapa edita *falcacrua*, que é un erro derivada da confusión <c>/<t> dos manuscritos.

**11.** Este verso está ausente de B. En V, *amaes scudeyr9 gage o churruc'hao*. Calquera solución é difícil para manter o esquema rimático ou silábico.

Para Lapa, *a[i], maos escudeiros trage o Churruchão [e assua]*; Tavani, *ja maes scudeirus gage o Churruchão!*, que se aproxima moito á proposta que realizara Braga: *a mais escudeyros, gage o churruchão*; Lopes e o Projeto Littera, *a meus 'scudeiros [em] cage o Churruchão [assua]*.

**12.** Lopes edita *com sa gente bafua* e o Projeto Littera *ca som gente befua*. Ambas propostas parecen ter más sentido que o que nos din os cancioneiros, mais optamos por editar aproximándonos dos testemuños (B, *canõ gẽnt*; V, *canõ genẽ*).

**16.** Nos dous testemuños lese *delarria* no final do verso. Por razóns rimáticas, lingüísticas e de sentido mudouse a *da rua*.

**17.** Editamos o final do verso tal e como nolo transmiten os manuscritos, tal e como fixo Tavani. Lapa ou Lopes tentaron reconstruír para que rimase en *-ua*. Repárese que tamén

---

12 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=889&tr=4&pv=sim>>

na anterior estrofa o penúltimo verso é *palavra perduda* (non así na primeira).

O comezo do verso descífrase confrontando ambos os testemuños: *rapaz* por B e *tinhoso* por V. Así, en B lemos *e hūū rapaz cinheso ȝ ade parč staua*; mentres, en V, *et huū tapat9 cinhoso ȝ ade parẽ staua*.

**18.** En B, *chamauā minha nona velha fududācua*; en V, *chamauā minha nana velha fududadia*. Tavani interpretou *chamava mina mua "vella fududancua"*, cunha modificación que é axeitada contextualmente mais que se distancia sen necesidade dos testemuños. Lapa optou por *chamava-mi "mia nona, velha fududancua!"*. Lopes e o Projeto Littera propuxeron *chamava-mi "minhana, velha fududancua!"*

Aproximámonos a Lapa, mais propomos unha lectura diferente. Primeiro, mudamos *nona* por *nana* (que se rexistra en V), pois este último si é un termo que se localiza abondosamente na prosa medieval co significado de 'avoia' (Varela, dir., 2004-, s. v. *nana*). Polo demais, decidimos manter a literalidade do texto tal e como o transmite B. Iso significa que o *rapazinhoso* do verso anterior sería o complemento directo que *chamavan*. O estraño contraste de idade nos insultos *rapaz / nona* xúntase á contraposición masculino / feminino. Unha comprensión conjectural sería que se producise unha apelación por parte do grupo agresor para que o *tinhoso* violase o ancián esrido.

### *Cantiga 9*

— Abril Perez, muit'hei eu gran pesar  
da gran coita que vos vejo sofrer,  
ca vos vejo come mi lazerar  
e non poss'a mi nen a vós valer,  
5       ca vós morredes com[o] eu d'amor;  
e pero x'est'a mia coita maior,  
dereito faç'en me de vós doer.

— Don Bernaldo, quero-vos preguntar  
com'ousastes tal cousa cometer  
10      qual cometestes en vosso trobar,  
que vossa coita quisestes põer  
con a minha; quen, quant'é mia senhor,  
Don Bernaldo, que a vossa melhor,  
tanto me faz maior coita sofrer.

15      — Abril Perez, fostes-me demandar  
de tal demanda, que resposta non  
ha i mester, e conven de provar  
o que dissetes das donas; enton  
enmentemo-las, e sabe-las-an,  
20      e, poi-las souberen, julgar-nos-an,  
e vença quen tever melhor razon.

— Don Bernaldo, eu iria enmentar  
a mia senhor, assi Deus me perdon,

se non houvesse med'en lhe pesar,  
25      eu a diria mui de coraçon,  
          ca ūa ren sei eu dela, de pran:  
          que, pois-la souberen, conhocer-lh'-an  
          melhoria quantas no mundo son.

— Abril Perez, os olhos enganar  
30      van homen das cousas que gran ben quer;  
          assi fezeron-vos, a meu cuidar,  
          e por seer assi com'eu disser:  
          se vós vistes algūa dona tal,  
          tan fremosa e que tan muito val,  
35      mia senhor é, ca non outra molher.

— Don Bernaldo, quero-vos conselhar  
ben, e creede-m'én, se vos prouguer:  
que non digades que ides amar  
boa dona, ca vos non é mester  
40      de dizerdes de bõa dona mal,  
          ca ben sabemos, Don Bernaldo, qual  
          senhor sol sempr[e] a servir segrel.

Abril Perez e Bernal de Bonaval

*REPERTORIOS:* D'Heur 1074; Tavani 1,1 (=22,2).

*MANUSCRITOS:* B 1072 / V 663.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 126-127). Lapa 87 (1998: 73-74) [= LP 22,2]. Lopes 2 (2002: 24-25 e 551). Projeto Littera<sup>13</sup>.

---

13 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1089&tr=4&pv=sim>>

## *CONTIDO*

Tençon entre Bernal de Bonaval e Abril Perez. O primeiro identifícase coa coita amorosa de Abril Perez, mais este séntese ofendido pola comparación, pois o de Bonaval non pode amar "boa dona, ca vos non é mester". Tendo en conta o ciclo de escarnios contra o segrel galego, a insinuación de homosexualidade, áinda que leve, resulta clara no contexto.

## *NOTAS*

- 20.** Tanto en B como en V, *iulgarnas ham*. Do mesmo xeito que as outras edicións confrontadas, mudamos o *nas* en *nos*.
- 28.** Braga, *melhor ja quantos no mundo som*; Lopes, *melhor ca quantas [e]no mundo som*. Seguimos a lectura de Lapa, que se mantén más fiel aos manuscritos e que continúa na liña de que, unha vez rota a mesura, moita xente quererá pór de menos esas damas.
- 31.** Lapa edita *assi fezeron vós*. Neste punto concordamos con Braga e Lopes e entendémolo como un pronome átono.

## **Cantiga 10**

Irei a lo mar vee-lo meu amigo:  
pregunta-lo-ei se querra viver migo,  
*e vou-m'eu namorado.*

Irei a lo mar vee-lo meu amado:  
5      pregunta-lo-ei se fara meu mandado,  
*e vou-[m'eu namorado].*

Pregunta-lo-ei por que non vive migo  
e direi-lh'a coita [e]n que por el vivo,  
*e vou-m'eu [namorado].*

10     Pregunta-lo-ei por que m'ha despagado,  
e si m'assanhou a tort'[o] endõado,  
*e vou-m'eu na[morado].*

Nuno Porco

*REPERTORIOS:* D'Heur 1130; Tavani 108,1.

*MANUSCRITOS:* B 1127 / V 719.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Monaci (1873: 9-10). Monaci (1875: 253). Braga (1878: 137). Paxeco / Machado (1949-1964, V: 192-193) Nunes (1912: 345-346). Nunes (1971: 322). LP 108,1. Cohen (2003: 354). Cohen (2010: 30-32). Cohen (2013: 3). Projeto Littera<sup>14</sup>.

---

<sup>14</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1143&tr=4&pv=sim>>

## *CONTIDO*

O suxeito poético diríxese cara ao mar para encontrar o seu amigo e pensa nas preguntas que lle fará sobre a súa relación. É unha cantiga amatoria sen ningún revés equívoco perceptíbel.

## *NOTAS*

A terceira estrofa está ausente de B.

**3.** Nos cancioneiros pon claramente *namorado*: *E uoumeu namorado* (B), *e uoumeu namorado* (V). Coa excepción do traballo paleográfico de Monaci (1875) —e non así en Monaci, 1873—, todo o resto das edicións o modificaron, coa salvedade de Cohen (2010).

É moi importante o feito de que a maioría da crítica reescriba o que entendeu para así poder xustificar que é unha relación heterosexual. Sorprende a modificación que se realiza na edición semidiplomática de Paxeco / Machado.

Sen necesidade de reescribirmos nada, a cantiga pode ser tamén sobre unha relación heterosexual se lermos "*e vou, meu namorado!*".

**8.** Este verso, igual que o conxunto da cobra, só está presente en V, onde lemos *e direylha coitanq p'el uyuo*. Cohen (2003 e 2010) edita *e direi lh'a coita 'n que por el[e] vivo*; en 2013, *e direi lh' a coit' en que por el[e] vivo*.

**11.** En B, *E siimassanhou atortendoão*; en V, *Essimha ssanhou atortendoão*. Monaci (1873), *E si mh'assanhou a tort'endõado*; Braga, *e ssi m'assanhou a tort'endoado*; Nunes (1912), *e ssi mh-assanhou, á tort'endõado*; Paxeco / Machado, *E ssi m assanhou a tort endõado*; Nunes (1971), *e se mi-assanhou; á tort'endõado*; LP, *e se mi assanhou, a torto, endõado*; Cohen, *e s[e] xi mh assanhou a tort'endõado*; Projeto Littera, *e s'i m'assanhou a tort'[e] endõado*.

Seguimos a proposta que amosa o Proxecto Glossa: *e si m'assanhou a tort[o] endõado* (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *endoado* ~ *endõado*).

## **Cantiga 11**

Rubrica: *Esta cantiga foi feita a un cavaleiro, que lhe apoinhan que era puto.*

Un cavaleiro me diss'en baldon  
que me queria põer eiceiçon  
mui agravada, come home cruu.

E dixi-lhi enton como vos direi:  
5 "Si mi a poserdes, tal vo-la porrei  
*que a sençades ben ata o cuu.*"

E disse-m'el: "Eiceiçon tenh'eu ja  
tal que vos ponha, que vos custará  
máis que quanto val aqueste meu muu".

10 E dixi-lh'eu: "Poi-lo non tenh'en al:  
se mi a poserdes, porrei-vo-la tal,  
*que a sençades [ben] ata o cuu.*".

"Tal eiceiçon vos tenh'eu de põer",  
diss'el a min, "per que do voss'haver  
15 vos custe tanto que fiquedes nuu".

E dixi-lh'eu: "Coraçon de judeu,  
se mi a poserdes, tal vos porrei eu,  
*que a sençades ben ata o cuu.*"

Estevan da Guarda

*REPERTORIOS:* D'Heur 1321; Tavani 30,34.

*MANUSCRITOS:* B 1304 / V 909.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 170). Lapa 104 (1998: 83) [= LP 30,34]. Pagani (1971: 104-105). Arias Freixedo (1993: 47-48). Lopes 431 (2002: 497). Projeto Littera<sup>15</sup>.

Rubrica: Lagares (2000: 134).

#### *CONTIDO*

O suxeito poético advirte a un home que, se presenta unha cláusula contra el nos tribunais, castigara o penetrándoo analmente. Na segunda estrofa, o denunciante di que ese procedemento xurídico lle custaría tanto ao suxeito poético como a el lle custou o seu mulo, o que parece unha alusión pouco velada á prostitución.

#### *NOTAS*

**Rubrica:** En V, *Esta cantiga de cima*, pola súa posición no cancioneiro; en B, só *Esta cantiga*, pois o texto vai a continuación. Lapa non incluíu a palabra *cantiga*.

**2 e 7.** Braga editou *citação* por *eiceiçon*.

**7.** En B, *E disser omel*; en V, *E diss' omel*. Para Lapa, *E diss' er-m' el*.

**12.** Só Pagani reconstrúe o termo que falta neste verso.

**13.** Braga editou *exeiçon*.

**15.** Por probábel lapso, Lapa edita *vos fique tanto*. Nos manuscritos lese claramente *custe*.

**5-6, 11-12, 17-18.** Lopes interpretou todos estes versos como refrán. En Arias Freixedo non aparece editado ningún refrán. Pola nosa banda, seguimos a Lapa, que considera así o último de cada estrofa.

---

15 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1334&tr=4&pv=sim>>

## *Cantiga 12*

Rui Gonçalviz, pero vos agravece  
porque vos travou en vosso cantar  
Joan'Eanes, vej'eu el queixar  
de qual deosto lhi de vós recrece:  
5        u lhi fostes trobar de mal dizer  
en tal guisa que ben pod'entender  
quen quer o mal que a olho parece.

Por én partid'este feito de cedo,  
ca de mal dizer non tirades prol;  
10      e como s'en Joan'Eanes dol,  
ja de vós perdeu vergonha e medo:  
ca entend'el que se dev'a sentir  
de mal dizer que a seu olho vir  
que pode log'acertar con seu dedo.

15      Pois sodes entendud'e [é à] vista,  
sabed'agora catar tal razon  
per que venha este feit'a perdon;  
e por parardes melhor a conquista  
outorgad'ora, senhor, que nos praz:  
20      se mal dizer no vosso cantar jaz  
que o poedes tod'o voss'à vista.

Estevan da Guarda

*REPERTORIOS*: D'Heur 1329; Tavani 30,31.

*MANUSCRITOS*: B 1312 / V 917.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 171). Lapa 112 (1998: 87-88) [=LP 30,31]. Pagani (1971: 124-127). Lopes 439 (2002: 506-507 e 597). Arias Freixedo (2003: 883-886). Projeto Littera<sup>16</sup>.

#### *CONTIDO*

Recrimínase lle a Rui Gonçalviz que trobase contra Joan Eanes sen xogar con equívocos. A cantiga si está composta con duplos sentidos, pois a través do termo *olho* alúdese ás relacóns sexuais entre Rui e Joan e no último verso hai tamén un equívoco coa desnudez.

#### *NOTAS*

**7.** Nos cancioneiros lese *que alho parece* (B) e *qui ailho parece* (V). Braga editou *que ai lh'aparece*; Lapa e Pagani, *que aí lhe parece*, mais concordamos coa lectura de Graça Videira Lopes: "a minha lição, para este passo, possível paleograficamente, tem em conta o equívoco que penso existir; repare-se, aliás, que a expressão *a olho* repete-se, mais à frente, no v. 13" (Lopes, 2002: 597).

**11.** É unha opción paleográfica entender un adverbio *i* a partir da lección de B (*perderi*), dando como resultado *perdeu i*, como entenderon a maioría das edicións (non así a de Braga, que parte de V, e no Projeto Littera). Porén, o testemuño de B tamén admite a lectura sen o adverbio, que reclama a lectura de V (*perden*).

**14.** Paso de lectura difícil alí onde B pon *loga čtar* e V *loga tčar*. Braga optou por *log'a tocar*. Na primeira edición das súas *Cantigas d'escarnho e de maldizer...*, Lapa resolveu *logo tocar*, que mudou na segunda por *log'acalçar*. Para Lopes, *a[p]ontar*; para Pagani e o Projeto Littera, *acertar*. A que nos parece máis plausíbel é a última das citadas, pois parece un desenvolvemento más nítido da abreviatura.

**15.** Os manuscritos din *entendude vista* (B) e *enconde vista* (V). Braga, a pesar de ser o editor deste último cancionero, editou *entendud'en vysta*, que nos parece que fai sentido coa idea de que no verso seguinte se lle diga que debe por tanto *catar* ('observar') *tal razon*. Se a opción de Braga pecaba de hiposilábica, Lapa propuxo unha interpretación

---

16 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1342&tr=4&pv=sim>>

hipersilábica: *Pois sodes entendud'e [avedes] vista*, coa cal concordou Pagani. Lopes ofreceu unha lectura convencional segundo a que non se podería ler *vista* porque a composición non ten dobre nas outras estrofas e a palabra *vista* xa está de xeito claro no final desta. O problema é que muda substantivamente os códices: *Pois sodes entendud'e [bon ra]vista*.

A mesma investigadora indicou, así mesmo, outra interpretación que intensificaría o equívoco homosexual, mais que implica unha alteración importante dos manuscritos e, por tanto, non pasa de ser levemente conjectural:

Havería outra reconstrucción possível, na liña da que proponho, mas que implicava uma outra leitura do final da estrofe e uma outra interpretación da cantiga, e que sería *e [arrabista]*. Neste caso, que tamén é muito possível, a disputa sería entre dous homossexuais. (Lopes, 2002: 597)

Unha opción posíbel sería seguir a liña de Braga, mais coa reconstrucción da convención copulativa para así introducir as menores modificacións posíbeis nos testemuños: *[E] pois sodes entendud'e[n] vista*. No entanto, semellanos áinda máis plausíbel a reconstrucción proposta no Proxecto Glossa: *Pois sodes entendud'e [é à] vista* (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *vista*), que asumimos.

**19.** Para Braga, Lapa e Pagani, *vos praz*; para Lopes e Littera, *nos praz*.

**21.** Nos dous cancioneiros lese *queo poedes todo uossa uista*. Excepto Braga, que leu *voss'a vista*, os outros editores entenden sempre *nossa*. Lapa reconstruíu ao comezo un *[por]* e terminou o verso cunha interrogación.

Lopes formulase tamén a posíbel lectura *vossa*, áinda que non a privilexie na edición. Sinala nese sentido que, "[a]nda na hipótese de se tratar de dous homossexuais", esa sería a interpretación "mais óbvia", que equivalería se callar a "numa primeira leitura, ao vosso olhar maldizente?" (Lopes, 2002: 597).

### ***Cantiga 13***

Alvar Rodriguiz dá preço d'esforço  
a est'infante mouro pastorinho  
e diz que, pero parece menin[h]o,  
que parar-se quer a tod'alvoroço;  
5 e maestr'Ali, que vejas prazer,  
d'Alvar Rodriguiz punha de saber  
se fode ja este mouro tan moço.

Diz que per manhas e per seu sembrante  
sab'el do mouro que hom'é comprido  
10 e pera parar-se a tod'arroido;  
e que sabe que tal é seu talante;  
e maestr'Ali, que moiras en fe,  
d'Alvar Rodriguiz sab'ora como é  
e se fode ja este mour'infante.

15 El diz do mouro que sabe que ten o  
seu coraçon en se parar a feito,  
porque o cria e lhi sab'o jeito,  
pero parece de corpo pequeno;  
e maestr'Ali sab'i ora ben  
20 d'Alvar Rodriguiz, poi-lo assi ten,  
se fode ja este mouro tan neno.

Estevan da Guarda

*REPERTORIOS:* D'Heur 1334; Tavani 30,1.

*MANUSCRITOS:* B 1317 / V 922.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 173). Lapa 116 (1998: 90). Pagani (1971: 139-141). LP 30,1. Arias Freixedo (1993: 61-62). Lopes 443 (2002: 511). Projeto Littera<sup>17</sup>.

#### *CONTIDO*

Cunha sintaxe equívoca, formúlase ao maestre Ali unha pregunta que pode ser interpretada de dous xeitos: se o "mouro" que está con Alvar Rodriguez, a pesar de ser moi novo, xa ten relacóns sexuais; ou se o mouro que está con Alvar Rodriguez ten relacóns sexuais co propio Alvar Rodriguez.

Aínda que se use a relación interxeracional entre dous homes como argumento, polo contexto coas outras composicións que se lle dirixen podemos supor que ese mouro novo é o propio pene, que traería circuncidado cando voltou das cruzadas. Porén, aínda hai unha terceira alusión, a do maestre Ali (cuxo nome o identifica tamén como *mouro*) con Alvar Rodriguez.

#### *NOTAS*

**7, 14 e 21.** Lapa considerounos refrán.

**9.** Braga, *qu'é home comprido*. Pagani, *que home comprido*.

**10.** Braga, *tod'o ruydo*; Pagani, *todo rruydo*.

**16.** Lapa edita *afeito* e interprétao co significado de "exercitado, habituado", segundo indica no seu "Vocabulário" (Lapa, 1998: 290). Para nós é claramente unha locución adverbial co significado de 'sen interrupción, habitualmente'. Braga editara *em ss'emparar afeito*.

**17.** Braga, *e lhi he sujeito*.

---

17 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1347&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 14***

Do que eu quigi, per sabedoria,  
d'Alvar Rodriguiz seer sabedor  
e dest'infante mouro mui pastor,  
ja end'eu sei quanto saber queria  
5       per maestr'Ali, de que aprendi  
que lhi diss'Alvar Rodriguiz assi:  
que ja tempo ha que o mouro fodia.

Com'el guardou de frio e de fome  
este mouro, poi-lo ten en poder,  
10     mai-lo devera guardar de foder,  
pois con el sempre alberga e come;  
ca maestr'Ali jura per sa fe  
que ja d'Alvar Rodriguiz certo é  
que fod'o mouro como fod'outr'home.

15     Alá guarde tod'a prol en seu seo,  
Alvar Rodriguiz que pôs en tirar  
daqueste mouro, que non quis guardar  
de seu foder, a que tan moço veo;  
ca maestr'Ali diz que dias ha  
20     que sabe d'Alvar Rodriguiz que ja  
fod'este mouro a caralho cheo.

Estevan da Guarda

*REPERTORIOS:* D'Heur 1335; Tavani 30,13.

*MANUSCRITOS:* B 1318 / V 923.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 173). Lapa 117 (1998: 90) [=LP 30,13]. Pagani (1971: 141-143). Arias Freixedo (1993: 63-65). Lopes 444 (2002: 512 e 597<sup>18</sup>). Projeto Littera<sup>19</sup>.

#### *CONTIDO*

A cantiga pode lerse de varios xeitos, que serían resposta á cantiga [13]. Nun nivel de lectura, respóndese que o mouro xa ten relacóns sexuais; noutro, que ten relacóns sexuais co propio Alvar Rodriguez.

Como comentamos na [13], é evidente o uso cómico da relación entre dous homes e de diferentes idades, mais por comparación coas outras composicións que se lle dirixen nos cancioneiros, parece que sería un xogo metafórico co feito de que Alvar Rodriguez regresase de Terra Santa circuncidado. O *mouro* sería o seu propio pene. No entanto, un novo sentido equívoco estaría entre as posíbeis relacóns de Alvar Rodriguez co maestre Ali que coñece tan ben o seu membro viril.

#### *NOTAS*

**3.** Lapa edita é no inicio do verso. Entendemos que procede unha convención.

**13.** Braga edita *ao pé* en troca de *certo* é.

**16.** Lapa e Pagani, *pôs en tomar*; Lopes e Projeto Littera, *por en tirar*. Isto último é o que se le nos manuscritos (*porem tirar* tanto en B como en V), mais ten o problema de que non ten sentido lingüístico, polo que optamos por corrixir o códice.

**17.** Lapa e Projeto Littera editan *daquesto*. O que nós lemos en B é *Daqueste* e en V *daqste*. Mantemos, pois, o demostrativo terminado en -e.

---

18 Por unha gralla, as notas da cantiga están no número 443 e non no 444 como deberían.

19 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1348&tr=4&pv=sim>>

### **Cantiga 15**

Rubrica: *Don Fernan Paez de Tal[h]amancos fez este cantar de maldizer a ūu jograr que chamavan Jograr Saco, e era mui mal feito; e por én trobou-lhi que mais guisad'era de seer saco ca jograr.*

Jograr Saco, non tenh'eu que fez razon  
quen vos pos nome jograr e vos deu don;  
mais guisado fora Sac'e Jograr non.

*Assi Deus m'ampar,*

5       *vosso nome vos dirá quen vos chamar  
Sac'e non Jograr.*

Rodrig'Airas vo-lo diss'e fez mal sén,  
pois que vós non citolades nulha ren;  
or'havede nome Sac', e será ben.

10      *Assi Deus m'ampar,*  
          *vosso nome vos dirá [quen vos chamar  
Sac'e non Jograr].*

Quen vos Saco chamar, prazerá a nós;  
e dira-vo-lo ben lheu que[n] vos, en cos,

15      vir tira-los nadigões apôs vós.

*Assi Deus m'ampar,*  
          *vosso nome vos dirá [quen vos chamar  
Sac'e non Jograr].*

Quen a vós chamou Jograr a pran mentiu,

20      ca vej'eu que citolar non vos oiu,  
nen os vossos nadigões non os viu.  
*Assi Deus m'ampar,*  
*vosso nome vos dirá [quen vos chamar*  
*Sac'e non Jograr].*

Fernan Paez de Tamalhancos

*REPERTORIOS:* D'Heur 1352; Tavani 46,4.

*MANUSCRITOS:* B 1334 / V 941.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 176-177). Lapa 132 (1998: 99-100). Martínez Pereiro (1992: 87-96) [= LP 46,4]. Lopes 3 (2002: 26 e 551). Projeto Littera<sup>20</sup>.

Rubrica: Lagares (2000: 148).

#### *CONTIDO*

Composición denigratoria contra o Jograr Saco, a quen se lle di que o seu nome é moi acaído polo seu grande traseiro, sobre o que se fan alusións sexuais, mais non polos seus dotes xogularescos.

#### *NOTAS*

**Rubrica:** Polo uso tanto na presentación no cancioneiro como nos versos, semella que Jograr Saco funcionaba todo el como un nome, razón pola que pomos tamén o primeiro termo en maiúsculas. Do mesmo xeito, restituímos o nome do trobador, *Tamal[h]ancos*, segundo as últimas investigacións que se realizaron sobre o mesmo (Souto Cabo, 2012c: 131, n. 2).

**4-6.** Concordamos coa distribución do refrán que propón Carlos Paulo Martínez Pereiro (1992: 92-93). Lapa realizara unha discutíbel reorganización do texto do manuscrito en dous versos:

Vosso nome vos dirá, assi Deus m'ampar,  
quen vos chamar saco e non [já] jograr.

---

20 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1365&tr=4&pv=sim>>

Como xa indicamos nas anotacións á rubrica, entendemos que Jograr fai parte do nome neste caso.

**13.** Braga, *prazera a vós*; Projeto Littera, *prazará a nós*.

**15.** Para Braga, *vistira lus nadigões*, de xeito semellante a como o interpretaría Lapa: *vistirá los*. No entanto, en ambos os cancioneiros se le *uir* e non *uis*.

Aínda que a idea de *vestir*, por cubrir a súa nudez, sería con esa modificación do manuscrito unha outra lectura tamén de cariz sexual, débese observar que con esa interpretación existirían problemas de coherencia gramatical.

## *Cantiga 16*

Jograr Sac', eu entendi,  
quando ta medida vi,  
que sen pan t'irás daqui,  
*ca desmesura pedes;*  
5        como vëes, vai-t'assi  
*pois tu per saco medes.*

Gran medida é, de pran;  
pero que dele muit'han,  
sac'é [e] non cho daran,  
10      *ca desmesura pedes;*  
u fores, recear-t'-an,  
*pois tu per saco medes.*

Fernan Paez de Tamalhancos

*REPERTORIOS:* D'Heur 1353; Tavani 46,3.

*MANUSCRITOS:* B 1335 / V 942.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 177). Lapa 133 (1998: 100). Martínez Pereiro (1992: 97-100) [= LP 46,3]. Lopes 4 (2002: 27). Projeto Littera<sup>21</sup>.

*CONTIDO*

Xogo equívoco co nome do Jograr Saco, onde a súa segunda forma tanto significa recipiente para gardar as recompensas que pide como o seu ano. Para ambos os sentidos

---

21 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1366&pv=sim>>

dise que pide moito e que por iso será rexeitado. Obsérvese tamén o equívoco con *pan* no v. 3 e con medida no v. 7.

#### *NOTAS*

**3.** Braga leu *que sem partires d'aqui*; Lapa, *que t'en partiras daqui*. En B lese *Que sen pan tiras daqui*; en V, *que sen pātiras daqui*.

**9.** Lopes editou a transcripción que ofrecen os manuscritos, mais que supón hiposilabismo: *sa que nom cho darám*, comprendendo *sa que* como 'sabe que'. No Projeto Littera corrixiuse o problema métrico co adverbio i: *sa que [i] nom cho darám*.

Os anteriores editores, Lapa e Martínez Pereiro, reconstruíran un *e*: *saqu'é [e] non cho daran*, aínda que o profesor galego colocou unha vírgula antes da convención, que nos parece a mellor das solucións, pola que a adoptamos no seu conxunto.

## **Cantiga 17**

Rubrica: *Don Lopo Lias trouou a ūus cavaleiros de Lemos, e eran quatro irmãos e andavan sempre mal guisados; e por én trouou-lhis estas cantigas.*

Da esteira vermelha cantarei  
e das mangas do ascari farei  
[...]  
*e da sela que lh'eu vi rengelhosa*  
5      *que ja lh'hogano rengeu ant'el-Rei*  
*ao zevron e pois ante sa esposa.*

Da esteira cantarei, des aqui,  
e das mangas grossas do ascari,  
e o brial enmentar-vo-l'ei i  
10     *e da sela que lh'eu vi rengelhosa*  
*[que ja lh'hogano rengeu ante mi]*  
*ao zevron, e pois ante sa esposa.*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1355; Tavani 87,7.

*MANUSCRITOS:* B 1338 / V 945.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 177). Álvarez Blázquez (1975: 141-142). Lapa 252 (1998: 169). Pellegrini (1969: 11-12). Lopes 215 (2002: 266). Projeto Littera<sup>22</sup>. Souto Cabo (2011b: 121-122).

---

<sup>22</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1369&pv=sim>>

## *CONTIDO*

Anúnciase que se vai realizar un canto no cal se fale dunha albarda (*esteira*), dunha peza de roupa feita dun material valioso (*ascari*) e da sela do grande onagro (*zevron*) que renxeu perante o rei e a súa esposa. O que se anuncia é o comezo dun ciclo de sátiras que vai durar desde esta até a cantiga [28]. Os equívocos son escuros, mais o renixer parece aludir ao sexo e as metáforas équidas a unha relación homosexual.

## *NOTAS*

**2.** Lapa e Lopes editaron o final do verso como *direi*. Nos cancioneiros pon *farei*. Álvarez Blázquez reconstruíu *e das mangas do ascarí [o] farei*.

**3.** Falta este verso nos cancioneiros, mais Braga, Álvarez Blázquez, Lapa e Lopes tentaron reconstruílo. Optamos pola mesma saída que Pellegrini, Souto Cabo e o Projeto Littera.

**6 e 12.** Pellegrini e Souto Cabo interprétano como un nome propio, *Zevron*. Para nós, esa lectura, aínda que posíbel, resta forza ás posibilidades do equívoco. Mesmo na opción de que se usase ese apelativo, nas composicións hai un xogo decidido co aumentativo de *zevra* entendido como cabalgadura, os sentidos figurados negativos que se lle atribuirían a un ser humano a partir da súa comparación cun mulo salvaxe e, a partir de aí, outros hipotéticos sentidos.

Cómpre ter presente que tampouco na rubrica se dá información sobre que ese fose un apelativo familiar ou alcume, como si fan outras introducións explicativas, como p. ex. en V 1040. Repárarse, ademais, que non se pode concluír que non se usou porque esa información puidese ser redundante, xa que cando nunha rubrica se ofrece o nome que ten ou se lle dá a unha persoa, este aparece tamén na propia cantiga (Lagares, 2000: 81).

**11.** Braga, Pellegrini, Lopes e o Projeto Littera reconstrúen o final do verso [*ant'el rei*]. Lapa e Souto Cabo, con quen coincidimos, [*ante mij*].

### **Cantiga 18**

Tercer dia ante Natal,  
de Lecia lhi foi dar  
*un brial a mia senhor bela;*  
*e ao zevron renge-lh'a sela.*

5       *[Un] brial a mia senhor bela,*  
*e ao zevron renge-lh'a sela.*

Sei eu un tal cavaleiro  
que lhi talhou en janeiro  
*un brial a mia senhor bela;*

10      *e ao zevron renge-lh'a sela.*  
*Un brial a mia senhor bela,*  
*e ao zevron renge-lh'a sela.*

Filhou-lh'o manto caente  
e talhou-lho en Benavente  
15      *un brial a mia senhor bela;*

*e ao zevron renge-lh'a sela.*  
*Un brial a mia senhor bela,*  
*e ao zevron [renge-lh'a sela].*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1356; Tavani 87,20.

*MANUSCRITOS:* B 1339 / V 946.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 177-178). Lapa 253 (1998: 170). Pellegrini (1969: 13-14).

Lopes 216 (2002: 267). Projeto Littera<sup>23</sup>. Souto Cabo (2011b: 122).

#### *CONTIDO*

Tres días antes de Nadal, o cebro retíralle a unha muller (parece que á amada do suxeito poético) o manto e ponlle un brial, que é unha túnica custosa que usaban tanto mulleres como homes. Parece unha escena erótica heterosexual, mais o refrán advírtenos de algo que a rompe: a ese home metaforizado nun onagro rénxelle a sela, que é tanto como dicir que el do que gusta é de *cavalar*, metáfora amplamente utilizada para se referir ao rol sexual pasivo.

#### *NOTAS*

**2.** Braga e Lapa, *o infançon lhi foi dar*. Projeto Littera e Lopes, [o] de Lemos *lhi foi dar*. Pellegrini e Souto Cabo editaron de Lecia, en alusión a un topónimo estremeño. É o que más se aproxima aos cancioneiros: *De leçla* en B; *deleçia* en V.

**4, 6, 10, 12, 16 e 18.** Pellegrini e Souto Cabo interpretan *Zevron* como nome propio. Explicamos a nosa discordancia na cantiga [17].

**11 e 17.** Souto Cabo reconstrúe *[Un]*, cando non é necesario, pois xa aparece nos cancioneiros nesas cobras.

---

23 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1370&pv=sim>>

### **Cantiga 19**

Enmentar quer'eu do brial  
que o infançon, por Natal,  
deu a sa molher, e fez mal:  
a gran traiçon a matou

5       *que lhi no janeiro talhou  
brial e lh'o manto levou.*

O infançon can, o d'Alvan,  
de muitos é homezian,  
se for d'ant'el-Rei lhi diran,

10      ca fremosa dona matou  
*que lhi no janeiro [talhou  
brial e lh'o manto levou].*

Brialhesta, vai-te daqui  
u for Lopo Lias, e di

15      que faça i cobras por mi  
ao que a dona matou  
*que lhi no janeiro [talhou  
brial e lh'o manto levou].*

Ben t'ajudarán d'Orzelhon

20      quantos trobadores i son  
a escarnir o infançon,  
ca fremosa dona matou  
*que lhi no janeiro [ro talhou  
brial e lh'o manto levou].*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1357; Tavani 87,10.

*MANUSCRITOS:* B 1340 / V 947

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 178). Lapa 254 (1998: 170-171). Pellegrini (1969: 14-16). Lopes 217 (2002: 268). Projeto Littera<sup>24</sup>. Souto Cabo (2011b: 122-123).

#### *CONTIDO*

A decisión de lle quitar o manto á muller e cortarlle o brial acabou por mata-la de frío. Hai unha serie de elementos moi difíciles de identificar na composición. Unha interpretación posíbel é que a dona morreu de frío porque non tiñan relacións sexuais, supонse que porque os gustos do marido ían cara a outro lado.

#### *NOTAS*

**7.** Braga: *O infançon ca ond'a liçam*; Lapa: *O infançon, cão e livan*; Pellegrini: "O infançon can", o d'Alvam; Lopes: *O infançon com o d'alvam*; Projeto Littera: *O infançon cam, o d'Alvam*; Souto Cabo: *O infançon can, o d'Alvan*.

**13.** Braga, *Brialheste*; Lapa, *Brialete*; Lopes e Projeto Littera, *Brialhesta*; Pellegrini e Souto Cabo, *Brialesta*. En B e V, no propio verso lese *Brialhesta*. Porén, no espazo do verso anterior, para o refrán, probabelmente por un erro de copia, en B aparece o que debería ser xa o comezo do 13, e o que aparece nese caso é *Brialesta*. Tendo en conta a vacilación de B e que esa parece ser a forma con máis sentido lingüístico, optamos por ela.

---

24 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1371&pv=sim>>

## *Cantiga 20*

A mí quer mal o infançon,  
a mui gran tort'e sen razon,  
por trobadores d'Orzelhon  
que lhi cantan a seu brial;  
5      *e pesa-m'en e é-mi mal*  
*que lh'escarniron seu brial*  
*que era nov'e de cendal.*

Quantos hoj'en Galiza son,  
ata en terra de Leon,  
10     todos con o brial "colhon!"  
dizen, e fazen-no mui mal;  
*e pesa-m'en e é-mi mal*  
*que lh'escarniron seu brial*  
*que era nov'e de cendal.*

15     E seu irmão, o zevron,  
que lhi quer mal de coraçon  
porque lhi reng'o selegon  
— e, se lhi renge, non m'en cal;  
*e pesa-m'en e é-mi mal*  
20     *que lh'escarniron seu brial*  
*que era nov'e de cendal.*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1358; Tavani 87,5.

*MANUSCRITOS:* B 1341 / V 948.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 178). Lapa 255 (1998: 171). Pellegrini (1969: 16-17).

Lopes 218 (2002: 269). Projeto Littera<sup>25</sup>. Souto Cabo (2011b: 123)

#### *CONTIDO*

O asunto do brial da cantiga [19] converteuse en motivo de burlas contra o infançon. Na última estrofa dise que o *zevron* é o irmán menor, a quen lle renxe a sela, metáfora que aludiría á súa posición pasiva nas relacións con outros homes.

#### *NOTAS*

**10.** Pellegrini e Souto Cabo optan por pór unha exclamación "*colhon!*", coa que concordamos polo refrán da cantiga [21]. Lapa non colocaba este termo entre aspas, mais nós si o consideramos necesario por ser un discurso directo.

Repárese en que o termo probabelmente non tería o significado de 'testículo', senón de 'covarde' (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *colhon*<sub>2</sub>).

**15.** Pellegrini e Souto Cabo poñen *zevron* en maiúsculas. Explicamos xa na cantiga [17] as razóns da nosa discordancia.

**16.** Nos cancioneiros, *mui gran mal*, que Braga mantivo, mais que é necesario expunxir parcialmente por razóns métricas.

**18.** Braga interpreta *e se lhi renge non ment'al*, que tamén é unha opción interesante.

---

25 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1372&pv=sim>>

## **Cantiga 21**

En este son de negrada  
farei un cantar  
d'ña sela canterlada,  
liada mui mal;  
5       esté a sela pagada,  
e direi do brial:  
*Todos: "Colhon, colhon, colhon!"*  
*con aquel brial de Sevilha*  
*que aduss'o infançon*  
10      *aqui, por maravilha.*

En este son de negrada  
un cantar farei  
d'ña sela canterlada  
que vi ant'el-Rei;  
15      esté a sela pagada,  
e do brial direi:  
*Todos: "Colhon, colhon, colhon!"*  
*con aquel brial de Sevilha*  
*que aduss'o infançon*  
20      *aqui, por maravilha.*

Logo fui maravilhado  
polo ascari,  
e assi fui espantado  
polo soceri;

25      vi end'o brial talhado  
e dixi-lh'eu assi:  
*Todos: "Colhon, colhon, colhon!"*  
*con aquel brial de Sevilha*  
*que aduss'o infançon*  
30      *aqui, por maravilha.*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1359; Tavani 87,9.

*MANUSCRITOS:* B 1342 / V 949.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 178). Álvarez Blázquez (1975: 142). Lapa 256 (1998: 171-172). Pellegrini (1969: 17-19). Lopes 219 (2002: 270). Projeto Littera<sup>26</sup>. Souto Cabo (2011b: 123-124).

#### *CONTIDO*

Burla decidida contra o infançon que se presenta cun brial que, polo que sabemos polas outras composicións, era o que lle retirara á súa muller. Tendo en conta que a *sela* é metáfora do 'traseiro' e *pagar* no galego medieval ten, como unha das súas acepcións, a de 'satisfacer', a *sela pagada* pode querer dicir 'traseiro satisfeito'.

#### *NOTAS*

**1.** Lopes edita o incipit *A este son de negrada*. O resto das edicións inician coa preposición *en*, que é a que se le nos cancioneiros.

**7.** Concordamos na edición gráfica do refrán que propuxeron Pellegrini e Souto Cabo, mais son posíbeis diferentes interpretacións do discurso directo.

---

<sup>26</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1373&pv=sim>>

## **Cantiga 22**

Desto son os zevrões  
de ventura minguada:  
ergen-se nos arções  
da sela canterlada  
5        e dan dos nadigões;  
e diss'a ben-talhada:  
*"Maa sela tragedes,*  
*por que a non odedes?*  
*Maa sela levades,*  
10      *por que a non atades?"*

Desto son os zevrões  
de ventura falida:  
ergen-se nos arções  
da sela come podrida,  
15      e dan dos nadigões;  
e disse-lh'a velida:  
*"Maa sela tragedes,*  
*[por que a non odedes?*  
*Maa sela levades,*  
20      *por que a non atades?]"*

Direi-vos que lh'eu ouço:  
en dia de sa voda,  
ao lançar do touço,  
da sela rengelhosa,

25 feriu de cu' a bouço;  
e disse-lh'a fermosa:  
"Maa sela tragedes,  
[por que a non odedes?  
Maa sela levades,  
30 por que a non atades?]"

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1360; Tavani 87,8.

*MANUSCRITOS:* B 1343 / V 950.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 178-179). Lapa 257 (1998: 172-173). Pellegrini (1969: 19-21). Lopes 220 (2002: 271). Projeto Littera<sup>27</sup>. Souto Cabo (2011b: 124-125).

#### *CONTIDO*

Os grandes cebros ou homes teñen unhas selas rotas, mais que non arranxan, de maneira que se dan continuamente nas nádegas, para sorpresa dunha muller que ve esa situación e non comprende como non lle poñen remedio. A *sela rengelhosa* é unha metáfora erótica que, no contexto duns cebros que se dan continuamente no traseiro, semella unha situación de carácter homosexual que sorprende á muller que, segundo nos insinúa a 3ª estrofa, vai casar con un deles (aínda que a referencia á *voda* tamén podería ser simplemente para describir todo o anterior como un relacionamento sexual, como se fai máis veces nos cancioneiros, e non para o ritual). Para Francisco Nodar Manso (1983: 351 e 1990: 159) sería un exemplo de incesto homosexual.

Esta cantiga seméllase moito á [26].

---

<sup>27</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1374&pv=sim>>

## *NOTAS*

Pellegrini realiza unha distribución estrófica 13a - 13a - 13a - 6b - 6b - 6c - 6c. Mantemos a do resto das edicións.

**1 e 11.** Pellegrini e Souto Cabo interpretan *Zevrões* como nome propio. Non concordamos (cfr. [17]).

**5. e 15.** Braga, *dando os nadigões*; Lapa, *dand'òs nadigões*. Mantemos a mesma solución que Pellegrini, Lopes, o Projeto Littera e Souto Cabo, aínda que vemos que ambas as lecturas son posíbeis e equívocas.

**8.** Tanto en B como en V, aparece claramente *odedes*. Nas outras cobras o refrán está incompleto, polo que é o único en que se pode observar este verbo. Tería un sentido de 'atar' (cfr. Ferreiro, dir., 2014-, s.v. *oder*), mais nas cantigas en que se rexistra o seu uso é hipotético. Braga optou por eliminar todo ese verso do refrán.

Lapa, Pellegrini, Lopes e o Projeto Littera optaron por *cosedes*, este último coa edición [*c*]osedes. Souto Cabo, pola forma exacta dos cantautores.

### **Cantiga 23**

Os zevrões foron buscar  
Rodrigo, po-lo matar;  
mais ouviu-lhes el cantar  
*as selas, por que guariu:*  
5      *polas selas que lh'oiu  
renger, por essas guariu.*

Non lhis guarirá per ren,  
a[o] torto que lhis ten;  
mais rengeron, por seu ben,  
10     *as selas, por que guariu:*  
*polas selas que lh'oiu  
renger, por essas guariu.*

Non lhis podera guarir,  
ca os non vira viir;  
15     mais oiu-lhes el ganir  
*as selas, por que guariu:*  
*polas selas que [lh']oiu  
renger, por essas guariu.*

E[les] foron-lhi meter  
20     ciada, po-lo prender;  
mais oiu-lhis el renger  
*as selas, por que guariu:*  
*polas selas que [lh']oiu  
renger, por essas guariu.*

*REPERTORIOS:* D'Heur 1361; Tavani 87,15.

*MANUSCRITOS:* B 1344 / V 951.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 179). Lapa 258 (1998: 173). Pellegrini (1969: 21-22).

Lopes 221 (2002: 272). Projeto Littera<sup>28</sup>. Souto Cabo (2011b: 125-126)

#### *CONTIDO*

Os grandes cebros, clara metáfora dun conxunto de homes, quixeron ir prender e matar un tal Rodrigo, mais este sentiuños a tempo e conseguiu fuxir. O ruído das selas volve estar presente nesta composición, o que pode indicar unha tentativa de violación.

#### *NOTAS*

**1.** Pellegrini e Souto Cabo interpretan *Zevrões* como nome propio, o cal ao noso entender limita o alcance do equívoco. Vid. nota correspondente na cantiga [17].

**3.** En B, *ouuyulhes*. Pellegrini, Lapa e Souto Cabo editaron *ouviu-lhes*, opción con que concordamos, pois é o que manifestan os manuscritos e que non se contradí con que noutros versos se use o verbo *oir*; Lopes e o Projeto Littera, *oíu-lhes*. *Ouvir* e *oír* están presentes ambos no galego-portugués até a actualidade, embora a segunda forma se xeneralizase máis tarde na Galiza por ser a coincidente coa do español.

**9.** Para Braga, *mays reng'ome per seu ben*, que podería supor un equívoco para a nosa disertación, porén non é unha boa escolla editorial.

---

28 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1375&pv=sim>>

### ***Cantiga 24***

Ora tenho guisado  
de m'achar o zevron:  
non and'encavalgado  
nen traj'én selegon  
5      nen sela, mal pecado,  
nen lh'oirei o son:  
*ca ja non traj'a sela,*  
*de que riu a bela,*  
*a sela canterlada,*  
10     *que rengeu na ciada.*

Val-mi Santa Maria,  
pois a sela non ouço,  
a que renger soia  
ao lançar do touço;  
15     matar-se-m'-ia un dia  
ou ele ou Airas Louço:  
*ca ja non traj'a sela,*  
*de que riu a bela,*  
*a sela canterlada,*  
20     *que rengeu na ciada.*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1362; Tavani 87,14.

*MANUSCRITOS:* B 1345 / V 952.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 179). Lapa 259 (1998: 173-174). Pellegrini (1969: 22-23). Lopes 222 (2002: 273). Projeto Littera<sup>29</sup>. Souto Cabo (2011b: 126).

#### *CONTIDO*

O cebrón xa non trae a sela rota e xa non anda encabalgado. Parece importante o feito de que a sela só renxía cando lanzaba o *touço*, o pau (vv. 12-14), o cal fai más nítida a metáfora sobre as relacións homosexuais.

#### *NOTAS*

**2.** Colocamos *zvron* en minúscula, a diferenza da opción de Pellegrini e Souto Cabo, para manter as posibilidades do equívoco (cfr. [17]).

**3.** Para Braga, *non and'eu cavalgado*.

---

29 <[cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1376&pv=sim](http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1376&pv=sim)>

## **Cantiga 25**

Sela aleivosa, en mao dia te vi;  
por teu cantar ja Rodrigo perdi,  
riiu-s'el-Rei e mia esposa de mí.

*Leixar-te quero, mia sela, por én,*

5       *e irei en oussو e baratarei ben.*

Sela aleivosa, polo teu cantar,  
perdi Rodrig'e non o poss'achar;  
e por ende te quero [ja] leixar.

*Leixar-te quero, mia sela, por én,*

10      *[e irei en oussو e baratarei ben].*

Des oimais non tragerei esteos  
nen arções, se mi valha Deus,  
e vencerei os enmiigos meus.

*Leixar-te quero, mia sela, por én,*

15      *[e irei en oussو e baratarei ben].*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1363; Tavani 87,18.

*MANUSCRITOS:* B 1346 / V 953.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 179). Lapa 260 (1998: 174). Pellegrini (1969: 23-24).

Lopes 223 (2002: 274). Projeto Littera<sup>30</sup>. Souto Cabo (2011b: 126-127).

---

30 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1377&pv=sim>>

#### *CONTIDO*

Cantiga posta en boca de un dos *zevrões*, que se manifesta arrepentido polas consecuencias que o uso da sela tivo: perdeu a Rodrigo e ríronse del o rei a a súa muller. Por iso, mudará de vida. Parece de novo que hai unha metáfora sexual, que se manifesta como homosexual cando se vincula algo relacionado co seu traseiro (*a sela*) coa vontade de deixar de levar con el non só *arções* (que eran as partes que sobresaían da sela), senón tamén *esteos*, termos que tamén ten connotacións fálicas noutras composicións do cancionero, como en [86].

#### *NOTAS*

5. Nos cancioneiros lese claramente *ousso*. Braga editou *ôsso* neste verso e mantivo a lectura *ousso* nas outras repeticións do refrán; Lopes e Projeto Littera, sempre *osso*.

## **Cantiga 26**

Ao lançar do pao,  
*ena sela,*  
deu do cuu mao  
*e quebrou-lh'a sela,*  
5      *c'assi diss'a bela:*  
      "*Rengeu-lh'a sela!*"

Ao lançar do touço,  
*[ena sela],*  
deu do cu' a bouço  
10     *e quebrou-lh'a sela,*  
*c'assi diss'a bela:*  
      "*Rengeu-lh'a sela!*"

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1364; Tavani 87,6.

*MANUSCRITOS:* B 1347 / V 954.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Monaci (1875: 326). Braga (1878: 179). Lapa 261 (1998: 174).

Pellegrini (1969: 24-25). Lopes 224 (2002: 274). Projeto Littera<sup>31</sup>. Souto Cabo (2011b: 127).

### *CONTIDO*

Ao dar cun pau desde o cabalo, rompeulle a sela e caeu ao chan. A muller que o viu exclamou que lle fixo ruído a sela. Esta cantiga seméllase moito á [22], onde tamén hai unha muller estrañada pola situación que contempla, que parece ser relativa a unha

---

31 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1378&pv=sim>>

relación homosexual, de aí a referencia á *selas* como alusión ao traseiro e ao *cuu mao* por ser usado con propósitos sexuais.

#### *NOTAS*

- 1.** No Projeto Littera, *pau*. Nos cancioneiros, con <o>.
- 3.** No Projeto Littera, *mau*. Nos cancioneiros, con <o>.
- 5.** As edicións consultadas interpretan *ca* no inicio do verso, que foi tamén a lectura na edición paleográfica de Monaci. Seguimos o Proxecto Glosa (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *e*).
- 9.** Braga, *deu do arcabouço*. Lapa e Lopes reconstrúen *cu[u]*, bisilábico como no verso 3, mais iso supón un problema métrico.

## *Cantiga 27*

Airas Moniz, o zevron,

leixad'o[r]'o selegon

e tornad'ao albardon:

*andaredes i melhor*

5      *ca na sela rengedor;*

*andaredes i mui ben*

*e non vos rengerá per ren.*

Tolhede-lh'o peitoral,

apertade-lh'o atafal,

10     e non vos rengerá per ren

*andaredes [i melhor*

*ca na sela rengedor;*

*andaredes i mui ben*

*e non vos rengerá per ren].*

15     Podedes en bafordar

e o tavlado britar,

e non vos rengerá per ren

*andaredes i melhor*

*ca na sela rengedor;*

20     [*andaredes i mui ben*

*e non vos rengerá per ren].*

Lopo Lias

*REPERTORIOS*: D'Heur 1365; Tavani 87,4.

*MANUSCRITOS*: B 1348 / V 955.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 179). Lapa 262 (1998: 175). Pellegrini (1969: 25-26).

Lopes 225 (2002: 275). Projeto Littera<sup>32</sup>. Souto Cabo (2011b: 127-128).

#### *CONTIDO*

O suxeito poético aconselléllalle a Lopo Lias que mellore os arreos da súa cabalgadura, que é tanto como recomendarlle unha mudanza na súa vida erótica, como vimos no resto das composicións do ciclo.

#### *NOTAS*

**1.** Pellegrini e Souto Cabo editaron *Zevron*. Pómolo en minúsculas, como nas restantes edicións, para manter o equívoco (cfr. [17]).

**3.** Pellegrini, Lopes e o Projeto Littera editan *albardar*, que é o que poñen os cancioneiros. Por razóns rimáticas, mantemos a edición de Lapa, con que tamén concorda Souto Cabo.

Localizamos o termo *albardon* en dous documentos galegos da primeira metade do século XV, co significado aparente de 'cabalo de carga': "Primeiramente, que tomou Ares de Triindade quatrocentos mrs et hua azémela et que tomou Afonso de Loureiro çinco beserros e hun albardón (...)", Ferro Couselo, 1967: II, 288; "Iten a ferradura mular et dos albardoes lançada enno pee a tres branquas et huu coroad" (González Seoane, coord., 2006-2012: s. v. *albardon*).

No entanto, no vocabulario que o padre Sobreira realizou a finais do século XVIII figura como unha "Especie de aparejo, etc.", supomos que vinculado coa albarda (Santamarina, dir., 2006-2013: s. v. *albardón*).

**10.** Parécenos convincente a proposta de Lapa, con que tamén concorda Souto Cabo, de editar *per [al]* ao final do verso e non o *per ren* que figura nos cancioneiros (e que mantiveron Pellegrini, Lopes e o Projeto Littera). Non obstante, as dúbihdas que hai sobre a estrutura rimática destas cobras fai que nos manteñamos fieis aos manuscritos neste punto.

**17.** De xeito análogo ao que acontecía no v. 10, Lapa e Souto Cabo modificaron o final do verso por razóns rimáticas. Frente ao *per ren* dos códices, propuxeron *[e ar]*. As dúbihdas

---

32 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1379&pv=sim>>

que hai sobre o esquema de rimas orixinal fai que manteñamos a lección dos códices, que foi tamén a seguida noutras edicións: Pellegrini, Lopes e Projeto Littera.

**18.** No cancioneiro, *Andaredes hi muy melhor*.

### **Cantiga 28**

O infançon houv'atal  
tregoa migo des Natal  
que agora oiredes:  
que lhi non dissesse mal  
5 da sela nen do brial;  
mais aquel dia, vedes,  
*ante que foss'ña legoa,*  
*comecei*  
*aqueste cantar da egoa,*  
10 *que non andou na tregoa;*  
*e por én lhi cantarei.*

Non neg'eu que tregoa de'i  
ao brial, ha sazon [i],  
e aa rengelhosa;  
15 e de pran andaron i  
as mangas do ascari,  
mais non a rabicosa.  
*Ante que foss'ña legoa,*  
*comecei*  
20 *aqueste cantar da egoa,*  
*que non andou na tregoa;*  
*e por én lhi cantarei.*

Dei eu ao infançon  
e a seu brial [enton]

25 tregoa, ca mi a pedia;  
e ao outro zevron,  
a que reng'o selegon;  
mais logo naquel dia,  
*ante que foss'ũa legoa,*  
30 *comecei*  
*aqueste cantar da egoa,*  
*que non andou na tregoa;*  
*e por én lhi cantarei.*

Ao infançon vilan,  
35 afamado come can,  
e a[a] canterlada  
e o seu brial d'Alvan  
tregoa lhi dei eu, de pran;  
e, pois lha houvi dada,  
40 *ante que foss'ũa legoa,*  
*comecei*  
*aqueste cantar da egoa,*  
*que non andou na tregoa;*  
*e por én lhi cantarei.*

Lopo Lias

*REPERTORIOS:* D'Heur 1366; Tavani 87,13.

*MANUSCRITOS:* B 1349 / V 956.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 179-180). Álvarez Blázquez (1975: 142). Lapa 263 (1998: 175-176). Pellegrini (1969: 26-28). Lopes 226 (2002: 276-277). Projeto Littera<sup>33</sup>. Souto

---

33 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1380&pv=sim>>

Cabo (2011b: 128-129).

#### *CONTIDO*

O infançon pediuelle unha tregua ao trobador, mais este axiña comezou a facer sátira con outros temas que o infançon non lle pediu que calase. Xa que non podía comentar nada da sela nin do brial (sobre os que, no entanto, si está a falar...), decide burlarse da egua. É un equívoco erótico, mais non sabemos ben a que se corresponde; se á dama que viu as situacóns, se á decisión de mudar de "cabalgadura" (de homes a mulleres) ou a outra cuestión.

#### *NOTAS*

**11, 22, 33 e 44.** Pellegrini edita *cantei*.

**12.** Lopes e o Projeto Littera editan *tregoa di*, mais nos cancioneiros lese *dey hi*. No Proxecto Glossa obsérvase que non se rexitra a forma *di* como conxugación do verbo *dar* nos códices (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *dar*).

**13.** Braga, *a sazon*; Lapa, *assaz o [vi]*; Pellegrini, *á sazon hi*; Lopes, *há sazom i*; Projeto Littera, *há sazom [i]*; Souto Cabo, *a sanci*. Nos dous cancioneiros, *a sazon*. En principio parece máis plausíbel a opción maioritaria das editorase e editores, mais iso significa colocar a mesma palabra en posición de rima en tres ocasións na mesma cobra. Lapa, pola súa banda, introduce unha modificación no contido da cantiga.

**24.** Dentro das reconstruccións editoriais realizadas, optamos pola menos agresiva, que é a realizada por Lopes e o Projeto Littera. Álvarez Blázquez propuxo *[collón]* e, pola súa banda, Lapa suxeriu *[cochon]* e *[felon]*:

Na I.a edición adoptámos a calafetación *cochon*, no sentido de "ordinário, reles". Agora, parece-nos muito mais acertada a leitura "*brial felon*", com o sentido de "cruel, traidor", que diz bem com a situación e os personagens, pois foi o brial, fino demais para o inverno, que matou a mujer do infançao. (Lapa, 1998: 176)

**26.** Pellegrini e Souto Cabo poñen *Zevron* en maiúsculas, o que diminúe as opcións equívocas ao noso entender (cfr. [17]).

**36.** En B, *E a cancerllada*; en V, *ea cãterllada*. Lapa edita *e à [sela] canterlada*; Souto Cabo, *e a [...] canterlada*. Seguimos a proposta editorial de Pellegrini e do Projeto Littera, que nos parece unha reconstrución más reducida e que fai tamén sentido.

**37.** De acordo co Proxecto Glossa (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *o<sub>1</sub>*), editamos como un artigo e non como unha contracción, a hipotética ó.

**44.** Braga termina mudando o tempo verbal: *cantei*. En V, que é o cancionero que edita, falta totalmente esa parte do refrán, polo que supomos que é unha pretensión estilística do editor para marcar o final da cantiga.

Como xa indicamos no v. 11, Pellegrini edita *cantei* en todas as repeticións do refrán.

### **Cantiga 29**

Rubrica: *Esta outra cantiga fez d'escarnho a un que dizian Joan Fernandiz, e semelhava mouro, e jogavan-lh'ende e diss'assi.*

Joan Fernandiz, un mour'est'aqui  
fugid', e dizen que vó-lo havedes;  
e fazed'ora [a]tanto por mí,  
se Deus vos valha: que o mooredes,  
5       ca vo-lo iran da pousada filhar;  
e se vós virdes no mouro travar,  
sei eu de vós que vos assanharedes.

Levad'o mour'e ide-vos daqui,  
poil'a seu don'entregar non queredes,  
10      e jurarei eu que vo-lo non vi,  
en tal que vós con o mour'escapedes,  
ca hei pavor d'iren vosco travar;  
e quero-m'ant'eu por vós perjurar  
ca vós por mouro mao pelejedes.

15      Siquer meaçan-vos agor'aqui  
por este mouro que vosco tragedes,  
e juran que, se vos achan assi  
mour'ascondudo, com'est'ascondedes,  
se o quiserdes un pouc'emparar,  
20      ca vo-lo iran so o manto cortar,  
de guisa que vos sempr'en doeredes.

Martin Soarez

*REPERTORIOS:* D'Heur 1385; Tavani 97,12.

*MANUSCRITOS:* B 1376 / V 975.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 183). Lapa 297 (1998: 194-195) [=LP 97,12]. Bertolucci

Pizzorusso (1992: 145-146). Lopes 260 (2002: 318). Projeto Littera<sup>34</sup>.

Rubrica: Lagares (2000: 163).

#### *CONTIDO*

Advírtese a Joan Fernandiz que se agoche co mouro fuxido con quen sempre anda. A insinuación homosexual da primeira lectura semella que é un xogo equívoco para se referir ao propio pene de Joan Fernandiz, ao que chamarían *mouro* por estar circuncidado, así como á apariencia física xeral que lle atribuíán ao satirizado.

#### *NOTAS*

**4. Braga, mour'edes.**

---

34 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1398&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 30\**

D'ña cousa soo maravilhado  
que nunca vi a outre conterec:  
de Pedro Bõo, que era arriçado  
e ben manceb'assaz pera viver,  
5 e foi doent'e non se confessou,  
deu-lh'o peer, e peeu, e ficou  
seu haver todo mal desemparado.

E pero havia un filho barvado  
de barragãa, non o vio colher:  
10 tanto o tev'o peer aficado,  
que o non pode per ren receber  
e ren de seu haver non lhi leixou,  
ca peeu ced', e o filho ficou,  
pois que seu padre peeu, mal parado.  
  
15 Pero, tanto que s'el sentio coitado,  
quando lhi deu a lança do peer,  
log'el houve por seu filh'enviado,  
ca lhi queria leixar seu haver  
e sa herdad'; e o filho tardou,  
20 e peeu entramente, [e] ficou  
seu filho mal, ca ficou exerdado.

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS:* D'Heur 1390; Tavani 125,11.

*MANUSCRITOS:* B 1372 / V 980

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 184). Lapa 374 (1998: 239-240). Blasco (1984: 229-231)

[= LP 125,11]. Lopes 339 (2002: 404). Projeto Littera<sup>35</sup>.

#### *CONTIDO*

Causa sorpresa o falecemento de Pedro Bõo, que parecía que tiña boa saúde, mais morreu tras expulsar fortes gases. A referencia equívoca a *peer* e *lança do peer* pode aludir o sexo anal en termos de doença e padecemento. Ademais, debe pórse en diálogo coa cantiga [71], que ofrece novas chaves sobre a mesma figura.

#### *NOTAS*

**1.** Lopes, *sõõ*; Projeto Littera, *sõõ*. Editámolo sen marcas de nasalidade, pois non aparecen nos manuscritos.

Hai unha cantiga do mesmo *incipit* da autoría de Pero da Ponte (B 1638, V 1172).

**3.** Blasco edita [*B*]oo, sen nasalidade. Para Blasco, *arrizado*; para Braga, *arrijado*.

**6.** *Deu-lh'o peor e perceu*, edita Braga.

**8.** Braga edita a partir de V, onde se mestura o comezo deste verso co final do primeiro verso da estrofa terceira, saltando toda a segunda cobra.

**9.** Blasco non edita a nasalidade, *barragaa*, e tamén *vyo*.

**14.** Para Blasco, no final do verso é *mal pecado*.

**15.** Blasco, *sentio*.

**16.** Braga termina o verso como *a lançada'a perder*.

**20.** Para Blasco, este verso sería *e pee[u] entrament'*, *e ficou*; para Braga, *e poreñ entramente ficou*.

---

<sup>35</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1403&tr=4&pv=sim>>

### **Cantiga 31**

Fernan Diaz, este que and'aqui,  
foi ūa vez d'aqui a Ultramar,  
e quanto bon maestre pôd'achar  
de castoar pedras, per quant'oi,  
5 todo-los foi provar o pecador;  
e pero nunca achou castoador  
que lh'o olho soubess'encastoar.

E pero mui boo maestr'achou i,  
qual no mund'outro non pod'én saber,  
10 de castoar pedras e de fazer  
mui bon lavor de caston outrossi;  
pero lh'o olho amesurou enton,  
tan estreito lhi fez end'o caston  
que lhi non pôd'i o olho caber.

15 E a Don Fernando conteceu-lh'assi  
d'un maestre que con el baratou:  
cambou-lh'o olho que daqui levou  
e disse-lhi que era de çafi,  
destes maos contrafeitos d'El Poi;  
20 e meteu-lhi un grand'olho de boi,  
aquei maior que el no mund'achou.

Olho de cabra lhi quis i meter,  
e non lhi pôde no caston fazer;  
e con seu olho de boi xi ficou.

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS*: D'Heur 1393; Tavani 125,15.

*MANUSCRITOS*: B 1375 / V 983.

*EDICIÓNES PRECEDENTES*: Braga (1878: 185). Lapa 377 (1998: 241). Blasco (1984: 241-244) [= LP 125,15]. Arias Freixedo (1993: 67-69). Lopes 342 (2002: 407 e 584). Arias Freixedo (2003: 766-769). Projeto Littera<sup>36</sup>.

#### *CONTIDO*

Fernan Diaz foi a Ultramar e probou alá mestres que lle puidesen engastar pedras preciosas, mais non conseguía que lle engastasen o seu ollo (pedra preciosa). Un mestre moi bo parecía que o ía conseguir, mais o ollo era moi estreito. Outro mestre enganouno e púxolle un ollo diferente e enorme. Hai un xogo sexual co significante *olho*, cos seus tamaños e cos traballos que realizarían os mestres.

Aínda cabería unha posíbel interpretación política desta sátira, referida á procura de aliados árabes por parte do satirizado, hipoteticamente o nobre galego Estevan Fernández de Castro (vid. cap. 7). Que se nos diga "este que and'aqui", na corte afonsina, permítenos matizar que non se compuxo nun momento en que estaba desnaturado.

#### *NOTAS*

**8.** Mantemos *boo*, como escribe Lapa seguindo os manuscritos, e non *bôõ* nin *bôo*, como poñen Lopes e o Projeto Littera, respectivamente.

**9.** Lapa interpretou *non pôd' en saber* e o Projeto Littera *nom pod'en saber*; pola contra, Blasco e Lopes interpretaron *non poden saber* (coa terminación gráfica en -m da edición de Lopes).

**13.** Para Braga, *Ihi fazend'o caston*.

**15.** Para Blasco, o comezo do verso é *Ca*.

---

<sup>36</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1406&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 32***

Fernand'Escalho lexei mal doente  
con olho mao, tan coitad'assi  
que non guerrá, cuid'eu, tan mal se sente,  
per quant'hoj'eu de Don Fernando vi:  
5       ca lhi vi grand'olho mao haver,  
e non cuido que possa guarecer  
dest'olho mao, tant'é mal doente.

E o maestre lhi disse: "Dormistes  
con aquest'olho mao; e por én  
10      Don Fernando, non sei se vó-lo oistes:  
'quen se non guarda, non o preçan ren';  
por én vos quer'eu ûa ren dizer ja:  
se guarides, maravilha será,  
deste olho mao velho que teedes.  
  
15      Ca conhosc'eu mui ben que vós havedes  
olho mao mesto con cadarron;  
e deste mal guarecer non podedes  
tan ced', e direi-vos por que non:  
ca vós queredes foder e dormir;  
20      por esto sodes mao de guarir  
dest'olho mao velho que havedes".

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS:* D'Heur 1394; Tavani 125,13.

*MANUSCRITOS:* B 1376 / V 984.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 185). Lapa 378 (1998: 242). Blasco (1984: 245-247) [= LP 125,13]. Arias Freixedo (1993: 55-57). Lopes 343 (2002: 408 e 584-585). Projeto Littera<sup>37</sup>.

#### *CONTIDO*

Deixou doente a Fernando Escalho, con "ollo mao" (mal de ollo, ollo enfermo), e non sabe se poderá coidarse, porque está moi doente. O médico díxolle que se seguía durmindo con ese ollo mao, e só durmindo e tendo sexo, nunca podería sandar.

A composición estrutúrase sobre todo por dous equívocos: *doente* (enfermo / excitado sexualmente) e *olho mao velho* (amante vello / ollo enfermo / ano ou pene con doenças venéreas / mal de ollo). Para gañar forza reiterativa, *dormir* tamén ten un sentido equívoco moi claro.

#### *NOTAS*

**11.** Braga, *non o praza ren*.

**16.** Seguimos a puntuación de Lapa e o Projeto Littera e non a de Blasco, Arias Freixedo e Lopes, que colocan unha vírgula despois de *mesto* (Lopes, ademais, coloca este vocábulo todo el entre vírgulas). Polo contexto, vese que significa 'mesturado', xa que non coincide co outro sentido que tamén tiña no galego medieval (cfr. Parker, 1977: *ja-quanto lle dava húa pouca de fealdade as sobrōcellas que avia mestas et juntas*) e que mantén na actualidade en Galiza, de 'espeso'. A hipótese de Blasco de que signifique 'triste, lúgubre' non resulta convincente.

A través do TMILG (Varela Barreiro, dir., 2004-) localizamos outro texto, de 1304, onde aparece *mesta* co significado de 'unida': *aquella casa con seu saydo et pertenencias que esta enna rua dos Ferreiros quita de toda carrega salue de soldariça a qual casa esta mesta con lo forno de Maria Paes de Bretonna* (cit. in Cal Pardo, ed., 1999: 145).

---

37 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1407&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 33*

Fernand'Escalho vi eu cantar ben,  
que poucos outros vi cantar melhor;  
e vi-lhe sempre, mentre foi pastor,  
mui boa voz, e vi-o cantar ben;  
5       mais ar direi-vos per que o perdeu:  
houve sabor de foder, e fodeu,  
e perdeu todo o cantar por én.

Non se guardou de foder, e mal sén  
fez el que non poderia peor;

10     e han-lh'as gentes por én desamor,  
per bõa voz que perdeu con mal sén,  
voz de cabeça, que xi lhi tolheu,  
ca fodeu tanto que lh'enrouqueceu  
a voz, e ora ja non canta ben.

15     E a Don Fernando conteceu assi:  
de mui bõa voz que soia haver  
soube-a per avoleza perder,  
ca fodeu moç'e non canta ja assi,  
ar fodeu pois, mui grand'escudeiron,  
20     e ficou ora, se Deus mi perdon,  
con a peior voz que nunca vi.

E ora ainda mui grand'infançon  
se quer foder, que nunca foi sazon  
que más quisesse foder, poi-lo eu vi.

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS*: D'Heur 1395; Tavani 125,14.

*MANUSCRITOS*: B 1377 / V 985.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 185). Lapa 379 (1998: 242). Blasco (1984: 249-251). Arias Freixedo (1993: 58-60). Lopes 344 (2002: 409). Projeto Littera<sup>38</sup>.

#### *CONTIDO*

Fernand'Escalho cantaba moi ben antes de ter relacóns sexuais, mais agora tenas continuamente e iso mudoulle a voz. Hai tres pasaxes que nunha primeira lectura se aplican a Fernand'Escalho ou, nunha lectura maliciosa, ao seu par sexual: *moço* (v. 18), *escudeiron* (v. 19) e *infançon* (v. 22).

#### *NOTAS*

**9.** Para Blasco, no comezo do verso, *fel'el*.

**21.** Nos manuscritos lese *uy* (B) e *ui* (V). Lapa apuntou que "Deve ser oí, por exigéncia da métrica e do sentido". Braga e Blasco optaron por manter *vi*, por fidelidade co códice, aspecto que nós tamén mantemos, pois xa na primeira cobra se contrasta en tres ocasións o uso do verbo *veer* nun contexto auditivo: *vi eu cantar ben*, *vi cantar melhor* e *vi-o cantar ben*.

**22.** Para Lapa, *E or' avida mui grand' infançon*, quen considera que "sem dúvida, trata-se do verbo *avidar*", que significaría 'animar, incitar'. Para Lopes e o Projeto Littera, *E ora ajuda mui grand'infançom*. Seguimos a Arias Freixedo, *E ora ainda mui grand'infançon*, pois é o más fiel cos cancioneiros: *E ora amda* (B), *E ora ãida* (V).

---

38 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1408&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 34***

Don Fernando, pero mi mal digades  
quero-vos eu ora desenganar,  
ca ouç'as gentes de vós posfaçar  
de cavalgar, de que vos non guardades;  
5 cavalgades pela sest[a] aqui  
e cavalgades de noit'outrossi,  
e sospeitan que por mal cavalgades.

Mais rogo-vos ora que mi creades  
do que vos ora [quero] conselhar:  
10 se queredes con as gentes estar,  
Don Fernando, melhor ca non estades,  
sinher, forçade vosso coraçon  
e non cavalguedes tan sen razon,  
siquer por vossas bestas que matades.

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS:* D'Heur 1396; Tavani 125,10.

*MANUSCRITO:* B 1378 / V 986.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 185-186). Lapa 380 (1998: 243). Blasco (1984: 253-255) [= LP 125,10]. Arias Freixedo (1993: 81-82). Lopes 345 (2002: 410). Projeto Littera<sup>39</sup>.

*CONTIDO*

Aconséllase a Don Fernando que non cabalgue tanto a todas as horas, pois a xente

---

39 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1409&tr=4&pv=sim>>

pensa que o fai por mal e ademais pode causar que morran os cabalos. O verbo *cavalgar*, cun claro contido sexual, é o eixo do equívoco.

#### *NOTAS*

**3.** En B, *ca ouras gentes deuos posfacar*; en V, *ca ouças gentes deuos posfazar*. Braga edita *profaçar*.

**5.** Lapa edita *seesta*, aínda que recoñece que non hai unha vogal xeminada nos manuscritos nin é unha forma documentada. Lopes ségueo. Pola nosa banda, optamos por separar o *sestaqui* dos cancioneiros por supor unha menor intervención editorial.

Braga edita *pela fest'aqui*.

**6.** Braga le *de noyt'outro ssy*, que non nos parece válido para editar porén si indicario dun posíbel equívoco.

**9.** Mantemos a reconstrución que propuxo Lapa e que seguen tamén as outras edicións que consultamos.

**12.** Braga corrixe o provenzalismo e edita *senhor*.

### **Cantiga 35**

Que muito mi de Fernan Diaz praz,  
que fez el-Rei Don Afonso Meirinho,  
e non cata parente nen vezinho,  
con sabor de tee-la terra en paz.

- 5        Se o pode por malfeitor saber,  
            vai sobr'el, e se o pode colher  
            na mão, logo del justiça faz.

- E por que ha Don Fernando gran prez  
das gentes todas de mui justiceiro,  
10      o fez el-Rei Meirinho des Viveiro  
            ata Carron, ond'outro nunca fez;  
            e se ouve de malfeitor falar,  
            vai sobr'el, e non lhi pod'escapar,  
            e faz-lhi mal jogo por ũa vez.

- 15      E cuidará del quen o vir aqui,  
            que o vir andar assi calado,  
            ca non sabe parte nen mandado  
            de tal justiça fazer qua[l] lh'eu vi:  
            leixou a gente adormecer enton  
20      e trasnoitou sobr'un hom'a Leon  
            e fez sobr'el gran justiça log'i.

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS*: D'Heur 1397; Tavani 125,42.

*MANUSCRITOS*: B 1379 / V 987.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 186). Lapa 381 (1998: 243). Blasco (1984: 257-258) [= LP 125,42]. Arias Freixedo (1993: 83-84). Lopes 346 (2002: 411). Projeto Littera<sup>40</sup>.

#### *CONTIDO*

Desde que Fernan Diaz foi nomeado Meiriño por Afonso X é estrito no cumprimento da lei e vai enriba de todos os homes que entende que o merecen. Ou sexa, que abusa do seu poder para se deitar cos varóns que quere.

#### *NOTAS*

**5.** O termo *malfeitor* aparece tamén na versión galega da *General estoria* para describir os habitantes de Sodoma: "erã (...) tam mal feytores em aquel feyto de seus corpos, (...) nẽ catauã (...) as suas ydades enque erã cada huüs deles pera fazer aquela maldade et pecado, nem faziam departimëto ontresi de nõ pecar: qual quer omẽ cõ qual quer outro, ovello cõ omoço, omâcebo cõ ovello, et todos huüs cõ outros" (Martínez López, ed., 1963: 209).

**9.** Unha parte do verso, *de mui*, só está presente en V.

**17.** En B, *mendado*; en V, *m dado*.

**18.** En B, *qualheu uy*; en V, *qua lheu ui*. Optamos pola mesma solución editorial que Lapa, Blasco, Lopes e o Projeto Littera. Braga editou *qu'a lh'eu vi*.

---

40 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1410&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 36\**

Dona Maria Negra, ben-talhada  
dizen que sodes de min namorada.  
Se me ben queredes,  
por Deus, amiga, que m'oi sorrabedes  
5 se me ben queredes.

Pois eu tanto por voss'amor hei feito,  
ali u vós migo talhastes preito!  
Se me ben queredes,  
[por Deus, amiga, que m'oi sorrabedes,  
10 se me ben queredes].

Por non viir a min soa, sinlheira,  
venha convosc'a vossa covilheira.  
Se me ben queredes,  
[por Deus, amiga, que m'oi sorrabedes,  
15 se me ben queredes].

Pois m'eu [tanto] por vós de peidos vazo,  
ali u vós migo talhastes prazo!  
Se me ben queredes,  
[por Deus, amiga, que m'oi sorrabedes,  
20 se me ben queredes].

Pero Garcia Burgales

*REPERTORIOS:* D'Heur 1402; Tavani 125,9.

*MANUSCRITOS:* B 1383<sup>bis</sup> / V 992

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 187). Lapa 385 (1998: 245-246). Blasco (1984: 271-273)

[=LP 125,9]. Lopes 350 (2002: 415 e 585). Projeto Littera<sup>41</sup>.

#### *CONTIDO*

Maldizer contra Maria Negra, a quen o suxeito poético lle pide que non ande detrás del. Na terceira estrofa hai unha insinuación sexual coa *covilheira*, quizais como lésbica quizais como conseguidora (ou quizais ambas a un tempo). Se non, a súa referencia non resultaría ofensiva.

#### *NOTAS*

**2.** Lapa, *de mi*. En B percíbese unha leve marca de nasalidade e en V gráfase *demin*.

**4.** En B, *sorrabedes*. Lapa reconstrúe *moit'onr'avedes*. Blasco aproxímase algo máis aos códices e edita *[saberedes]*, como fixera Braga. Concordamos con Lopes en manter a lección dos manuscritos, pois o verbo *sorrabar* ten un sentido moi claro que se axeita ao contexto.

**11.** A marca de nasalidade para *vīir* só está presente en V. Lapa e Lopes optaron por editar *viir*.

**12.** En B, *cauilhera*; en V, *couilheyra*.

**16.** Manteño a proposta de reconstrucción de Lapa para manter o isosilabismo.  
Blasco edita *vaso*.

---

41 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1415&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 37*

Don Estevã[o], en grand'entençon  
foi ja or'aqui por vosso preito:  
oi dizer por vós que, a feito,  
sodes cego; mais dix'eu que mui ben  
5 oides, cada que vos cham'alguen:  
vedes como tiv'eu vossa razon!

E muitos oi eu hoj'en mal son  
dizer por vós [atal]: que, a feito,  
sodes cego; e dix'eu log'a eito  
10 esto que sei que vos a vós aven:  
que nunca vos home diz nulha ren  
que non ouçades, se Deus mi perdon.

Oi dizer por vós que ha sazon  
que ve[e]des quanto, pois me deito  
15 e dormesco e dórmio ben a feito,  
que assi veedes gó-lo açon;  
e assanhei-m'eu e dixi por én:  
"Confonda Deus quen cego chama quen  
assi ouve come gó-lo sarmon".

Roi Queimado

*REPERTORIOS:* D'Heur 1405; Tavani 148,7.

*MANUSCRITOS:* B 1386 / V 995

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 187). Lapa 419 (1998: 263) [= LP 148,7]. Lopes 388 (2002: 448). Projeto Littera<sup>42</sup>.

#### *CONTIDO*

Aínda que din que Don Estevan é cego, si ouve moi ben aquilo que quere e, como se comproba na estrofa 3<sup>a</sup>, cando ve mellor é de noite. Dentro do ciclo satirizador en que se insire, *cego* é un equívoco sobre a luxuria. Ademais do claro xogo con ver mellor de noite que de día, os versos 11-12 teñen insinuacións homosexuais.

#### *NOTAS*

**1.** Lapa editou *úa grand'entençon*, a pesar de que en ambos os códices se le sen dúbidas a preposición *en*, tal e como el consigna no aparato crítico.

**7.** Nos cancioneiros, *mal sen*. Seguimos a Lapa e a Lopes en mudalo polo esquema rimático.

**9.** Nos cancioneiros, *loguenton* (B) / *loguēton* (V), que modificaría a estrutura das rimas, polo que seguimos a mudança proposta por Lapa e mantida por Lopes. Porén, como ben sinala esta última,

note-se que parece haver vestígios de um outro esquema rimático, que é o da 3<sup>a</sup> estrofe. Cabe perguntar se não faltará um verso às duas primeiras estrofes. Ou será um erro do copista, confundindo exactamente com esta terceira estrofe? (Lopes, 2002: 589)

**14.** Ante a crase en *vedes* que se le nos cancioneiros, Lapa e Lopes optaron por reconstruír cun adverbio para así manter o isosilabismo na composición: *que vedes [já] quanto, pois me deito*. De acordo co noso propósito de mudar os textos o menos posible e tendo en conta que nesta cantiga tanto se rexistra *vedes* (v. 6) como *veedes* (v. 16), esa foi a alteración que realizamos.

**16.** Lapa considerouno un erro dos copistas e eliminou toda a liña: "O escriba não percebendo o sentido dos versos anteriores, procurou esclarecê-lo num outro verso, de que resultou uma trapalhada ininteligível". É verdade que deste xeito pasamos a ter unha estrofa cun verso de más, e que este é o que muda o esquema rimático das anteriores cobras, porén non vemos probas de que fose unha decisión do escriba por eses motivos. Ademais, as notas que marcamos para os versos 7 e 9 talvez indiquen, como xa expuxemos, que existía a pretensión doutro esquema rimático.

---

42 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1418&tr=4&pv=sim>>

Tanto en B como en V lese *açon*, para o que non achamos posíbel interpretación, mais optamos por manter fielmente o texto do códice. Lopes propuxo *arton*, opción que resulta contextual no sentido que lle ofrece de "arteiro, ou seja, astuto, manhoso, aqui no duplo sentido de malfeitor (...) e de homossexual" (2002: 448), mais que non podemos seguir por dous motivos. Primeiro, porque tampouco achamos más testemuños na lingua medieval, polo que nos avanzaríamos nada a respecto do *açon* que se le nos cancioneiros; segundo, porque a editora portuguesa partiu para a súa proposta dunha lectura dos códices con que discordamos. Segundo ela, tanto en B como en V leríase *a-ton* (Lopes, 2002: 589), mais nós, igual que Lapa, lemos *açon*, en V sen ningunha posibilidade de dúbida.

Braga editou o verso do seguinte xeito: *que assy veedes vol-o a son'*.

### *Cantiga 38*

Don Marco, ve[j]i eu muito queixar  
Don Estevan de vós, ca diz assi:  
que, pero foi mui mal doent'aqui,  
que vos nunca quisestes trabalhar  
5      de o veer, nen o vistes; mais ben  
jura que o confonda Deus por én  
se vos esto per casa non passar.

Qual desden lhi vós fostes [i] fazer  
nunca outr'home a seu amigo fez;  
10     mais ar fara-vo-lo [el], outra vez,  
se mal houverdes: non vos ar veer;  
ca x'é el home que x'ha poder tal,  
ben come vós, se vos ar veer mal,  
de vos dar én pelo vas'a bever.

15     Diz que o non gui'i Nostro Senhor,  
se vos mui ced'outr'atal non fezer:  
non vos veer quando vos for mester,  
poi-lo non vistes; aind'al diz peior,  
un verv'antigo, con sanha que ha:  
20     "como lhi cantardes, bailar-nos-a",  
ca non ha por que vos baile melhor.

Roi Queimado

*REPERTORIOS*: D'Heur 1407; Tavani 148,8.

*MANUSCRITOS*: B 1388 / V 997.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 188). Lapa 421 [= LP 148,8]. Lopes 390 (2002: 450 e 589).

Projeto Littera<sup>43</sup>.

#### *CONTIDO*

Sátira ás relacións entre Don Marco e Don Estevan, o primeiro non foi visitar ao segundo cando estivo *doente* ('enfermo' / 'excitado'), polo que o segundo se vingará tamén co mesmo desdén ao seu *amigo* cando estea igual ca el.

Póñense en xogo equívocos sobre a luxuria (a cegueira, vv. 5, 11, 13, 17, 18...; *doente*, v. 3), sobre o sexo anal (*nunca outr'home a seu amigo fez*, v. 9; *pelo vaso*, v. 14), sobre o sexo en xeral (*trabalhar*, v. 4; *fazer*, vv. 8-10...) etc.

#### *NOTAS*

**1.** Reconstruímos o *[i]* como hipótese para manter o isosilabismo. Lapa e Lopes manteñen a lectura dos códices, cunha sílaba de menos. Braga edita *vej'en*.

**10.** En B, *faravolout<sup>a</sup>*; en V, *faravolouſ*. Lapa editou *mais ar fará-vos ele, outra vez*. Optamos por manter o más posíbel o texto dos códices, polo que coincidimos coa proposta que realizou Lopes.

**14.** En B, *na sabeuer*; en V, *uasabeuer*. Ningunha das edicións que cotexamos repararon en que aquí existe un equívoco case inequívoco.

*Vas* ten xa un significado erótico en latín relacionado con 'orificio para penetrar' (Adams, 1982: 88). Así mesmo, *Dar por vaso* é unha expresión que aparece repetidamente na Idade Moderna na documentación sobre sodomía na Inquisición. Por exemplo, en documentos do Santo Oficio lemos "dormindo con alguns pelo vaso traseiro" en 1591 (Mott, 2010: 23), "para que se dejase dar por el vaso trasero" en 1639 (Rodríguez, 2014), "penetrar pelo seu vaso traseiro", en 1665 (Mott, 2010: 123) etc. O dicionario da Real Academia Española de 1739 tamén define a sodomía como "Concúbito entre personas de un mismo sexo, ó en vaso indebido" (Real Académia Española, 1739, s. v. *sodomia*). Nalgún documento portugués moderno achamos a diferenza entre *vaso dianteiro* e *vaso traseiro*, sendo o primeiro a vaxina e o segundo o ano (Mott, 2010: 149-150).

43 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1420&tr=4&pv=sim>>

**15.** Lapa editou *Diz que o non guii Nostro Senhor*, opción que seguiron tamén Lopes e o Projeto Littera. Pola nosa banda, optamos pola outra posibilidade que ofrecía Lapa en nota, que nos parece máis plausíbel.

Braga propuña unha solución á que non lle vemos sentido: *Diz que o non guise nostro senhor*.

**20.** Lapa, Lopes, e o Projeto Littera editan *bailar-vos*, mais o cancionero pon claramente *baylarn9* en B e *baylamos* en V. Entendemos que é así o *verbo antigo* e que por tanto non debería modificarse polo resto do contexto da cantiga.

Braga resolve *baylemos a ca*.

Fernanda Scopel Falcão segue a lectura de Lapa, *bailar-nos*, e interpreta así o seu significado no seu estudo sobre os proverbios na sátira galego-portuguesa medieval:

É muito semelhante aos medievais "Comu ti cantarán, ansine bailarás" e "Según canten, ansine bailaremus". Outros ditados portugueses atuais possuem a mesma estrutura: "Como plantardes, assim colherás" e "Como fizeres, assim acharás" (...). E a expressão brasileira "Dançar como tocam" (...) recupera-lhe o sentido. (Falcão, 2012: 91-92)

### *Cantiga 39*

Pero Fernandiz, home de barnage,  
que me non quer de noite guardar o muu,  
se aca del travaren por peage,  
como non trage dinheiro nen uu,  
5      non lhi vaan [e]na capa travar  
nen o assanhen; ca, se s'assanhar,  
pagar-lhis-a el peage de cuu.

Desses mi han i d'andar en mia companha,  
ca nunca home tan sanhudo vi.  
10     Eu oi ja que un home d'Espanha,  
sobre peagen, mataron aqui;  
e com'é home de gran coraçon,  
se lhi peagen pedir o Gaston,  
peage de cuu pagará i.  
  
15     Ca el ven quebrando con grand'ardura  
con este mandado que ouiu ja,  
e ferve-lh'o sangu'e fara loucura,  
que nulha ren i non esguardará:  
se lhi peagen foren demandar  
20     os porteiros do Gaston de Bear,  
bevan a peagen que lhis el dara.

Gonçal'Eanes do Vinhal

*REPERTORIOS:* D'Heur 1410; Tavani 60,12.

*MANUSCRITOS:* V 1000.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 188-189). Lapa 168 (1998: 119). Lopes 128 (2002: 171).

Víñez Sánchez (2004: 193-203) [= LP 60,12]. Projeto Littera<sup>44</sup>.

#### *CONTIDO*

Pero Fernandiz é un home de nobreza, mais non quere gardar o mulo á noite, se lle insisten con que ten que pagar peaxe, pois non ten diñeiro. Se o agarran da capa e o enfadan, vai pagar "peaxe de cu". Nunca se viu un home tan colérico, pois xa aquí mataron unha persoa por causa da peaxe. Mesmo así, se os porteiros do Gaston de Bear insisten, el, que é un home de gran corazón, pagará co cu ou dándolle de beber.

Hai xogos de equívocos en varios niveis. Un deles é un rexistro claro de xogo coa homosexualidade: o mulo, a capa, o ofrecemento de pagar deixándose penetrar...

#### *NOTAS*

**2, 4 e 7.** Lopes e o Projeto Littera editan *muu, nen uu* (Lopes *nēu*, Littera *nēum*) e *cuu* con crase. É especialmente contraditorio porque si manteñen *cuu* no verso 14. Todas elas son bisílabas no manuscrito.

**3.** *Travar* ten aquí o sentido de 'agarrar, prender' (Ferreiro, 2014-, s. v. *travar*, e Víñez, 2004: 1999) e non o de 'obrigar' que entendía Lapa.

**8.** Víñez editaa como exclamativa. Non o consideramos necesario.

**10.** *Espanha* é nesta altura un termo xeográfico, aínda que Afonso X foi o primeiro monarca que tentou fomentar o seu uso político, que só se consolidaría moito tempo despois, no século XVIII. No caso concreto deste rei medieval,

al traducir abusivamente el término latino "Hispania" por "España" y usar este como sinónimo de Castilla, convirtió a todos los demás reinos peninsulares, presentes y pasados, en una propiedad potencial suya. Hay que recordar que Hispania, para los romanos, era un término puramente geográfico, como puede serlo para nosotros Escandinavia o Centroeuropa, y que incluía además una parte sustancial del Norte de África (la Mauritania tingitana), y por supuesto Portugal. (Murado, 2013: 92)

---

44 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1423&tr=4&pv=sim>>

**13 e 20.** Tendo en conta que Gonçalo Eanes do Vinhal faleceu en agosto de 1285 (Víñez, 2004: 85-87), a referencia ha de ser a Gaston VII de Montcada e de Bearn, de Gascoña, que gobernou nese territorio un longo período que vai de 1229 a 1290 (Foundation for Medieval Genealogy, 2016).

### *Cantiga 40*

Don Estevan fez[o] sa partiçon  
con seus irmãos e caeu mui ben

.....

en Lixboa e mal en Santaren,  
5       mais en Coimbra caeu ben provado:  
caeu en Runa ata eno Arnado,  
[e] en todos tres portos que i son.

Quen diz d'Estevan que non vee ben  
dig'eu que mente, ca diz mui gran falha;  
10      e [eu] mostrar-lh'-ei que non disse ren  
nen é recado que nulha ren valha;  
pero mostrado devia seer  
ca non pode, per nulha ren, veer  
mal home que non vee nemigalha.

15      E se lho diz, sei que lhe non diria  
ca vee mal, se migo falass'ante,  
ou se o visse andar fora da via,  
como o eu vi, junt'a Amarante,  
que non sabia sair d'ũu tojal;  
20      por én vos digo que non vee mal  
quen vee de redo quant'é deante.

Joan Soarez Coelho

*REPERTORIOS*: D'Heur 1424; Tavani 79,17.

*MANUSCRITOS*: V 1014.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Monaci (1875: 350). Braga (1878: 192). Lapa 231 (1998: 157) [= LP 79,17]. Lopes 194 e 195 (2002: 242-243 e 571). Projeto Littera<sup>45</sup>.

#### *CONTIDO*

Crítica contra Don Estevan. Comeza falando de que fixo unha repartición con seus irmáns (familiares, relixiosos ou outro sentido?) e que *caeu* moi ben en varios lugares de Portugal (o verbo *caer* é equívoco sexualmente). Nas seguintes estrofas regresa ao tema, común a outras composicións, de satirizalo pola súa cegueira. Varias expresións insinúan homosexualidade: *veer / mal home* (vv. 13-14), *andar fora da via* (v. 17), *vee de redo quant'é deante* (v. 20) etc.

#### *NOTAS*

A primeira estrofa é para Lopes e o Projeto Littera unha "Cantiga incompleta", mentres que a segunda e a terceira conformarían outra composición diferente (numerada como V 1014<sup>bis</sup>). Algúns elementos da argumentación da profesora portuguesa son convincentes: o inicio da segunda cobra semella o exordio dunha nova cantiga, hai unha mudanza substancial nos equívocos e faltaría un verso na hipotética primeira estrofa. Porén, tamén hai elementos temáticos que agrupan o conxunto, como o tema unitario da crítica a Don Estevan con xogos lingüísticos sobre a súa homosexualidade.

A nivel estilístico a primeira e a segunda cobra poderían ser capcaudadas, no caso de que Lapa tivese razón na súa corrección do final do v. 7 en *ten*, porén no cancioneiro o que figura é *son*, que é o que mantemos pola nosa banda.

**3.** Lapa edita *Lisboa*, mais no cancioneiro lese *Lixboa*.

**7.** No cancioneiro, *en todos tres os portos que hy son*. Lapa reconstrúe o final do verso: "A rima exige em absoluto uma forma, que difficilmente poderá deixar de ser *ten*", que ficaría *en tódolos tres portos que i ten*. Lopes mantén as modificación de Lapa, mais o Projeto Littera só inclúe desas dúas propostas editoriais a reconstrúen dun artigo que non figura no códice: *en tódolos três portos que i son*. Preferimos acrecentar unha convención

---

45 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1437&tr=4&pv=sim>> e <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1438&tr=6&nl=0&pv=sim>>, xa que interpreta a primeira estrofa como unha cantiga e as outras dúas como outra diferente.

copulativa no inicio, por ser unha modificación menor no testemuño.

**8.** Lopes e o Projeto Littera acrecentan o tratamento *Dom* antes do nome que nonfigura no cancioneiro. Como ese acrecentamento supón un problema silábico, no Projeto Littera optouse pola crase en *vee*.

**11.** Lapa mudou o *nē e recado* do cancioneiro por *nen á recado*. Tal e como Lopes e o Projeto Littera, mantemos a lectura do códice.

**15.** O inicio deste verso é complexo. Monaci descríbeo así: "Il Ms. ha *Emen*, ma la prima asta della *m* pare cancellata". Lopes e o Projeto Littera propoñen *E quem lho diz, sei que lhe nom diria*. Seguimos a edición de Lapa, que é más próxima paleograficamente.

### ***Cantiga 41***

Don Estevan, que Lhi non gradecedes  
qual doairo vos deu Nostro Senhor,  
e como faz de vós haver sabor  
os que vos veen, que vós non veedes?

- 5      E al i devedes a gradecer:  
          como vos faz antr'os boos caer,  
          e antr'os maos, que vós ben caedes!

E u vos jogan ou u vós jogades,  
mui ben caedes en qual destas quer;

- 10     [e] en falardes con toda molher  
          ben caedes, e u quer que falades;  
          e ant'el-Rei muito caedes ben:  
          sequer manjar nunca tan pouco ten  
          de que vós vossa parte non hajades.

- 15     E pois el-Rei de vós é tan pagado  
          que vos seu ben e sa mercee faz,  
          d'haverdes [bon] nome muito vos jaz  
          e non seer home desensinado:  
          ca, pois per cort'havedes a guarir,  
20     nunca de vós devedes a partir  
          un home que vos trag'acompanhado.

Joan Soarez Coelho

*REPERTORIOS*: D'Heur 1425; Tavani 79,18.

*MANUSCRITOS*: V 1015.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 192). Lapa 232 (1998: 157) [= LP 79,18]. Lopes 196 (2002: 244). Projeto Littera<sup>46</sup>.

#### *CONTIDO*

Sátira política sobre Don Estevan que se basea na crítica dos seus gostos sexuais. Úsase o verbo *caer* tanto para burlarse dos seus problemas de visión como para expresar que ten o favor real e para se referir ás relacións con outros homes, algo moi nítido nos versos 6 e 7. Neses mesmos versos, igual que no 8-10, hai tamén insinuacións sobre a súa mudanza de papeis activo / pasivo e quizais tamén á súa bisexualidade.

#### *NOTAS*

**5.** As edicións consultadas optaron por *[I]hi* (ou, tendo en conta que se refire ao Deus monoteísta, *[L]hi*). Achamos que non é necesaria esa reconstrución.

Braga, Lopes e o Projeto Littera consideran que o verbo é *agradecer*. Concordamos con Lapa en que se trata da preposición *a* e o verbo *gradecer*.

**6.** Lopes, *bôôs*; Projeto Littera, *bôos*. No códice non hai ningunha marca de nasalidade.

**7.** No cancioneiro, *ben uos caedes*. Lopes e o Projeto Littera editan *vós ben caedes*.

**10.** Concordamos coa solución adoptada por Lopes, e mantida polo Projeto Littera, para manter o isosilabismo a través da reconstrucción da conxunción copulativa no comezo do verso. Temos as nosas dúbdidas sobre a pertinencia da lectura *tod'a molher* que realizan tamén en ambos os casos. Parécenos que contextualmente se entende mellor *toda molher*, tal e como editou Lapa.

---

46 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1439&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 42\****

— Pero Martiiz, ora por caridade,  
vós, que vos teedes por sabedor,  
dizede-mi quen é comendador  
eno Espital, ora da escassidade,  
5 ou na fraqueza, ou quen no forniz,  
ou quen en quanto mal se faz e diz.  
Se o sabedes, dizede verdade.

— Pois, Don Vaasc', un pouco m'ascoitade:  
os que mal fazen e dizen son mil:  
10 eno forniz é[ste] Don Roi Gil  
e Roi Martiiz ena falsidade,  
e ena escasseza é o seu priol.  
Non vos pod'hom'esto partir melhor;  
se más quise[r]des, por más preguntade.

15 — Pero Martiiz, mui ben respondestes,  
pero sabia-m'eu esto per min,  
ca todos tres eran senhores i  
das comendas, comendadores estes,  
e partistes-mi-o tan ben, que m'é mal;  
20 mais ar quer'ora de vós saber al:  
que mi digades de quen o aprendestes.

— Vós, Don Vaasc', ora me cometestes  
doutros preitos; des i, ar dig'assi:

non mi deu algo, pero lho pedi,  
25 o priol; e fodi e vós fodestes  
con Roi Gil; e meus preitos talhei  
con Frei Rodrig'e mentiu-mi-os, e sei,  
per aquest', a sa fazenda daquestes.

— Pero Martiiz, respondistes tan ben  
30 en tod'esto, que fostes i con sén  
e trobador; e cuid'eu que leestes.

— [De] vós, Don Vaasco, tod'esso m'é ben;  
hei sis'e sei trobar e leo ben;  
mais que tardi que mi o vós entendestes!

Vasco Gil, Pero Martiiz

*REPERTORIOS:* D'Heur 1430; Tavani 132,1 (= 152,7).

*MANUSCRITOS:* V 1020.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 193). Michaëlis de Vasconcelos (2004: 130-131). Lapa 423 (1998: 265-266) [= LP 152,7]. Piccat (1995: 277-304). Lopes 396 (2002: 456-457 e 589). Arias Freixedo (2003: 856-858). Projeto Littera<sup>47</sup>.

#### *CONTIDO*

Vasco Gil pregunta a Pero Martiiz sobre os vicios que existen na Orde do Hospital e cales son os comendadores designados para cada un deses males. Martiiz detállalle os nomes dos encargados e, nos versos 25-26, dá unha resposta equívoca sobre se tiveron relacións sexuais con Roi Gil ou xunto a Roi Gil. Debe lembrarse historicamente que as

---

47 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1444&tr=4&pv=sim>>

ordes relixioso-militares tiveron o estigma de promocionar a homosexualidade, como lle aconteceu aos Templarios.

#### *NOTAS*

**1., 10., 15. e 29.** Michaëlis edita *Martīiz* e Lopes *Martīiz*, cunhas nasalidades que non aparecen no cancioneiro. Xa no Projeto Littera, óptase por *Martiins* que non nos parece xustificábel segundo o testemuño do códice. Piccat opta por *Martiinz*.

**2.** Michaëlis e Piccat nasalizan *tēedes*.

**5.** No códice lese *franqueza*, mais non fai sentido que coloque un termo positivo no medio dos defectos. Por iso, seguimos a Lapa quen propón *fraqueza*, "em sentido moral (cobardia)".

**10.** Michaëlis, para corrixir a hipermetría, propuxo *eno forniz* é [mestre] *don Roy Gil*. Lapa reconstrúe *eno forníz[io]*. Reparemos en que a forma *forniz* xa aparece no v. 5.

**11.** Michaëlis edita *e Roy Martīiz* é [o] na falsidade.

**12.** Para Michaëlis, *e (e)na (e)scasseza* é-o seu prior.

**16.** Michaëlis, *per mi*.

**21.** No cancioneiro, *deñno*. Mantemos a transcripción de Lapa. Para Lopes e o Projeto Littera, *quen'o*; para Arias Freixedo, *quen o*.

Michaëlis subliña a hipermetría: *que (mi) digades de quen o aprendestes*.

**22.** Lapa edita *Vasco ja*, que é outra lección posíbel do códice. No entanto, parécenos que, en comparación con outras secuencias da cantiga, se le claramente no códice *uaascora*, que é o que editan Lopes e Projeto Littera, aínda que Lapa considere que "não faz sentido".

**25.** Michaëlis elide por tabú: *e f..i e vos f..estes*.

**26.** Michaëlis, *Gil(es)*.

**27.** Michaëlis, *mentiu-m'os*.

**30.** Michaëlis, *fuistes*.

**31.** Michaëlis muda o inicio: *de trobador*.

**32.** Seguimos a "calefatação" que propuxo Lapa, e que mantiveron Lopes e o Projeto Littera, pois áinda que non é necesaria silabicamente e obriga a ter que interpretar aí *Vasco* como bisílaba, é necesaria contextualmente. Arias Freixedo optou por manter o verso tal e como o transmite o códice.

**34.** Lapa saltou o pronome *mi*, que se le nos cancioneiros, *qmho uos entendestes*.

### **Cantiga 43**

— Vedes, Picandon, soo maravilhado  
eu d'En Sordel, que ouço en tençoes  
muitas e boas e mui boos soes,  
como fui en teu preito tan errado:

- 5       pois non sabes jograria fazer,  
por que vos fez per corte guarecer?  
Ou vós ou el dad'ende bon recado.

— Joan Soarez, logo vos é dado  
e mostrar-vo-l'-ei en poucas razões:

- 10      gran dereit'hei de gaar [muitos] dões  
e de seer en corte tan preçado  
como segrel que diga: "Mui ben ves,  
en canções e cobras e serventés",  
e que seja de falimen guardado.

- 15      — Picandon, por vós vos muito loardes,  
non vo-lo catarán por cortesia,  
nen por entrardes na tafularia,  
nen por beverdes, nen por pelejardes:  
e se vos esto contaren por prez,  
20      nunca Nostro Senhor tan cortês fez  
como vós sodes, se o ben catardes.

— Joan Soarez, por me deostardes,  
non perç'eu por esso mia jograria;

e a vós, senhor, melhor estaria  
25 d'a tod'home de segre ben buscardes;  
ca sei canções muitas e canto ben  
e guardo-me de todo falimen  
e cantarei, cada que me mandardes.

— Sinher, conhosco-mi-vos, Picandon,  
30 e do que dixi peço-vos perdon  
e gracir-vo-l'-ei se mi perdoardes.

— Joan Soarez, mui de coraçon  
vos perdoarei, que mi dedes don  
e mi busquedes prol per u andardes.

Joan Soarez Coelho e Picandon

*REPERTORIOS:* D'Heur 1431; Tavani 79,52 (=137,1)

*MANUSCRITOS:* V 1021.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 193). Nunes (1912: 406-407). Lapa 241 (1998: 163) [= LP 79,52]. Gonçalves (2016: 355-368). Lopes 205 (2002: 254-255 e 572). Arias Freixedo (2003: 552-555). Projeto Littera<sup>48</sup>.

*CONTIDO*

Joan Soarez Coelho comeza burlándose de Picandon, que sería un xograr ao servizo do trobador italiano Sordello a pesar de que non sabería facer xograría. O portugués pregúntase entón por que o trae consigo. Porén, Picandon acaba convencéndoo de que si ten talento, polo que acaba recibindo desculpas.

As insinuacións maliciosas da primeira estrofa refórzanse polo nome do xograr,

---

48 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1445&tr=4&pv=sim>>

Picandon, pois o verbo *picar* ten tamén no noso trobadorismo o sentido de 'ser penetrado analmente' (v. 10, [44]). Consérvanse varias sátiras provenzais contra Sordello onde se fala do seu gusto tanto por mulleres como por homes. Por último, mesmo cabe a posibilidade de que este xograr, só rexistrado nesta tençon, sexa un invento de Joan Soarez Coelho para se burlar do compositor occitano.

#### NOTAS

**1.** Lopes e Projeto Littera, *som*; Nunes, *sõo*. No cancionero, *soo*, que mantemos. Lapa ten moi claro que sería disílabo na lectura, mais o cómputo rimático parece indicar que sería monosílabo.

**2.** Lapa edita *eu d'En Sordel, [de] que ouço entenções*, como fixera Nunes. Braga tamén terminara o verso como *entenções*. A "calefatação" da preposición é ao noso entender sobrante, pois fai que o verso teña unha sílaba de máis. Concordamos coa interpretación global de Lopes.

Lapa, Lopes e Gonçalves márcanlle unha nasalización que non está presente no manuscrito.

**3.** En V, *muytas e boas ey mui boos soes*, que é a ao que más se aproxima Braga: *muytas e boas, ey mui boos sões*. Gonçalves opta por *muytas e boas [e] en mui boos sões*. Lopes edita *muitas e boas e em mui bons sões*; no Projeto Littera, *muitas e boas [e] en mui bōos sões*. Lapa le *muitas e boas e mui boos sões*. Só nos distanciamos desta última opción en non nasalizar unha vogal que non aparece nasalizada no cancionero, por más que si o estean na mesma posición *razões e dões* na cobra seguinte.

**10.** Gonçalves reconstrúe [*por en*].

**12.** O final do verso no cancionero di *mui bē ues*. Lapa editouno como un discurso indirecto que chegaría até o v. 13, sobre todo pola estraneza de que ves suporía que o xograr pasaría de súpeto a atuar o trobador:

como segrel que diga: "Mui ben m'es  
en cançós e cobras e serventés"

Lopes editouno como *mui ben vers*, que non nos parece xustificado pola lingua dos cancioneiros, embora sexa contextualmente acaído. O Projeto Littera retoma a interpretación literal do cancionero, *mui ben ves*, que fora o que fixeran tamén Braga e Gonçalves.

Optamos por editalo como discurso indirecto, tal e como propuxera Lapa, e a partir de aí manter a literalidade do manuscrito. O tutexo, nesta interpretación, non sería directamente do xograr ao trobador, senón unha reflexión en alto dun segrel, polo que

non habería ruptura nin lingüística nin social.

A posibilidade de entender *ves* como unha influencia occitánica na lingua debe atenderse con cautela, pois sería o único caso nos cancioneiros (Gonçalves, 2016: 358, n. 6).

**13.** Lapa edita como un provenzalismo, *cançós*, mais no manuscrito lese *cançoeſ*. Nunes interpretara *entençõeſ*.

**14.** Gonçalves opta por *falimento*, que é o que figura no códice, porén iso convertería o verso en hipersilábico. Por iso, optamos por *falimen*, que é a forma que se rexistra no v. 27.

### ***Cantiga 44***

Mala ventura mi venha  
se eu pola de Belenha  
*d'amores hei mal.*

E cofonda-me San Marcos,  
5 se pola donzela d'Arcos  
*d'amores hei mal.*

Mal mi venha cada dia,  
se eu por Dona Maria  
*d'amores hei mal.*

10 Fernand'Escalho me pique,  
se eu por Sevilh'Anrique  
*d'amores hei mal.*

Roi Paez de Ribela

*REPERTORIOS:* D'Heur 1436; Tavani 147,7.

*MANUSCRITOS:* V 1026.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1998: 195). Álvarez Blázquez (1975: 49-50). Lapa 410 (1998: 259). LP 147,7. Arias Freixo (2003: 830-831). Lopes 379 (2002: 442). Projeto Littera<sup>49</sup>.

*CONTIDO*

O suxeito poético nega que teña amores con catro mulleres, que cita polos seus

---

49 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1450&tr=4&pv=sim>>

nomes en cada unha das estrofas. Na última utiliza como fórmula para xurar unha crítica homófoba contra Fernando Escalho.

#### *NOTAS*

- 1.** Lopes e o Projeto Littera editan *me*. No códice pon claramente *mi*.
- 12.** Braga, *se eu por de Vyl' Hanrique*. Ségueo Álvarez Blázquez: *pola de Vila Anrique*.

### *Cantiga 45*

Bernal Fendudo, quero-vos dizer  
o que façades, pois vos queren dar  
armas e “dona salvage” chamar:  
se vós con mouros lid'acaecer,  
5       sofrede-os, ca todos vos ferran,  
e, dando colbes en vós, cansarán,  
e haveredes pois vós a vencer.

E ali, logo, sa lide ha volver;  
verran-vos deles deante colpar;  
10      des i os outros, por vos non errar,  
ar querran-vos por alhur cometer;  
mais sofrede [e] ferran per u quer,  
ca, se vos Deus en armas ben fezer,  
ferindo en vós, han eles de caer.

15      Pero, com'ha mui gran gente a seer,  
muitas vezes vos han a derrobar;  
mais sempre vós havedes a cobrar  
e eles han mais a enfraquecer,  
pero non quedaráن de vos ferir  
20      de todas partes; mais, ao [fiir],  
todos morrerán en vosso poder.

Joan Baveca

*REPERTORIOS*: D'Heur 1472; Tavani 64,7.

*MANUSCRITOS*: B 1453 / V 1063.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 202-203). Lapa 188 (1998: 130) [= LP 64,7]. Zilli (1977: 139-146). Lopes 153 (2002: 197 e 568). Projeto Littera<sup>50</sup>.

#### *CONTIDO*

Crítica contra un tal Bernal Fendudo (probabelmente, Bernal de Bonaval), a quen xa desde a denominación vemos que se satiriza pola súa pasividade con outros homes. Díselle que, fronte a quen o quere chamar de *dona salvage* (v. 3), el debería pelexar con moitos mouros e deixarse *ferir / de todas partes* (vv. 19-20) para así deixalos exhaustos e que morran. É, do comezo ao fin, unha clara sátira sexual.

O termo "dona salvage" pode ser a feminización de "cavaleiro salvage" ou "home salvage", dúas figuras que se usaban moito nos espectáculos para a nobreza. Nese sentido, todo podería ser parte dunha loita para escenificar.

#### *NOTAS*

**2.** Braga, *que vós façades*.

**5.** Braga, *todos ferrar-vos-am*.

**7.** En Lopes e Projeto Littera, *havedes*. Lapa e Zilli manteñen o tempo verbal dos dous cantoneiros: *aueredes*.

**8.** As edicións que consultamos optan pola lección de V, que coloca un adverbio *u* (*logo u ssa*) que supón unha sílaba de máis. Excepto Zilli (*logo, hu*), as outras posteriormente redúcenlo a través da súa asimilación en *log'u*. Pola nosa banda, optamos directamente polo testemuño de B.

Todas as edicións cotexadas interpretan que hai unha elisión no condicional (*s'a / s'ha*), mais as dúbihdas sobre esa posibilidade na lingua trovadoresca medieval (Ferreiro, 2013; cfr. [59], v. 17) fai que leamos *sa* como posesivo: 'a súa pelexa, a súa loita'.

Outra posibilidade sería editar *sa lide avolver* (cfr. Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *avolver*).

**9.** Braga, *cobrar*.

---

50<<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1486&tr=4&pv=sim>>

**12.** Tanto en B como en V, *sofrede ferrã*. Lapa reconstrúe: *mais sofrede-o, e ferran per u quer*; Zilli, *mays sofrede, [se] f erran per hu quer*; Lopes e Projeto Littera, *mais sofrede[-os], feiram per u quer*, que se debe á interpretación de *feirã* por parte de Lopes no manuscrito.

Reconstruímos o verso, por razóns métricas, coa menor intervención editorial posíbel.

**13.** Braga, *se vos dês em armas*.

**20.** Lapa ten un pequeno erro ao marcar como reconstruído *[ao]*, que non figura en B, mais si en V.

Seguimos a reconstrucción presente xa en Braga, mais sen a marca de nasalidade que lle propoñen Lapa e Zilli, xa que a única vez que aparece o termo completo nos nosos cancioneiros, tampouco a ten: *fijr* (V 1013, v. 2).

### *Cantiga 46*

Pero d'Ambroa, sodes maiordomo  
e trabalhar-s'-a de vos enganar  
o albergueiro; mais d'escarmentar-  
-lo havedes. E direi-vos eu como:  
5        se vos mentir do que vosco poser,  
          seja de vós e de nós, como quer,  
          e brita[de]-lh'os narizes no momo.

A de vosso .....  
[...]

10      E .....  
[...]

E pois mercade lo al: logo cedo  
vos amonstr'a roupa que vos dará;  
e se pois virdes que vo-la non dá,  
15     ide sarrar-la port', a vosso quedo,  
         e desses vossos narizes log'i  
         fiqu'o seu cuu quebrantad', assi  
         que ja sempr'haja d'espanhoes medo.

Joan Baveca

*REPERTORIOS:* D'Heur 1476; Tavani 64,24.

*MANUSCRITOS:* B 1457 / V 1067.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 203). Lapa 192 (1998: 132). Zilli (1977: 161-164) [= LP 64,24]. Lopes 157 (2002: 201 e 569). Projeto Littera<sup>51</sup>.

#### *CONTIDO*

Cantiga incompleta na cal se lle aconsella a Pero d'Ambroa que resolva os seus problemas cun albergueiro penetrándoo analmente (vv. 16-17). Tamén debe haber algúñ matiz de tipo racial ou xenófobo, polo último verso, en que confronta os habitantes da Península Ibérica cos doutra orixe.

#### *NOTAS*

**7.** Lapa, Lopes e o Projeto Littera: é *brita[r]-lh'os*. Dese xeito, o verso fica hiposilábico. A proposta de Zilli introduce máis modificacións no manuscrito: *[id]e brita[r]-lh'os*. Por iso, optamos por *e brita[de]-lh'os*.

**8.** Lapa non o edita. Lopes e o Projeto Littera, *E de nosso*; Zilli, *E de vosso*. Estes fragmentos, con espazos, só se len en B, onde figura *A de uosso*.

**12.** Para Zilli, *E poys mercade d'ele al logo, cedo*.

**15.** Diferenciámonos do resto das edicións cotexadas en que interpretamos *a vosso quedo* como unha expresión diferenciada que significaría 'silenciosamente' (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *quedo*).

**17.** Para Braga, *fic'o seu cuu quebrand'assy*.

---

51 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1490&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 47*

Don Bernaldo, pesa-me que tragedes  
mal aguadeir'e esse balandrao;  
e aqui dura muit'o tempo mao,  
e vós e[n] esto mentes non metedes;  
5 e conselho-vos que catedes al  
que 'n cobrades, ca esse non é tal  
que vos vós so el muito non molhedes.

E quen vos pois vir la saia molhada,  
ben lheu terrá que é con escasseza,  
10 e en vós houve sempre gran largueza;  
e pois aqui vee-la invernada,  
maravilha será, se vos guardar  
ũu dia, poder Deus de vos molhar  
so ũa mui boa capa dobrada.

15 E Don Bernaldo, vel en esta guerra,  
de quanto vo-lo vosso home al mete,  
haved'ũa capa ou un capeirete,  
pero capa nunca s'a vós ben serra;  
ar queredes-vos vós cras acolher  
20 e cavalgar, e non pode seer  
que vos non molhedes en essa terra.

Joan Baveca

*REPERTORIOS:* D'Heur 1478; Tavani 64,10.

*MANUSCRITOS:* B 1459 / V 1069.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 204). Lapa 194 (1998: 133-134) [= LP 64,10]. Zilli (1977: 171-178). Arias Freixedo (1993: 51-53). Lopes 159 (2002: 203 e 569). Projeto Littera<sup>52</sup>.

#### *CONTIDO*

Aconséllase a Don Bernaldo que traia unha capa mellor, pois con esa mollarase moito. Por se había dúbidas sobre que se trataba dun equívoco sexual, na terceira estrofa dise que lle fai falta unha capa boa por *quanto vo-lo vosso home al mete* (v. 16) e para *cavalgar* (v. 20). A capa seguramente sexa un xogo cun profiláctico feito de tecido. Por outra banda, semella que nos versos 6 (*cobrades*, de *cobrir* / *costrar*), 9-10 (*laugeza* / *escasseza*) e na última estrofa (*meter* diñeiro na man / penetrar) hai tamén insinuacións sobre Don Bernaldo como prostituto.

#### *NOTAS*

**2.** Lopes e o Projeto Littera reconstrúen aquí unha preposición *en* ([n']esse), que podería ter tamén sentido, pois querería decir que esa capa que levaba (*balandrao*) non era boa capa para a chuva (*aguadeira*).

**4.** Só Zilli e o Projeto Littera marcan que a proposición é unha reconstrucción.

**6.** En B, *Quene cobrades*; en V, *quẽ cobrades*. Lapa, *qu' en cobrades*; Lopes, *qu'encobrades*; Zilli e Projeto Littera, *que 'n cobrades*.

**11.** Seguimos a Lapa. Zilli, *vẽe-la invernada*; Lopes, *veem la invernada*; o Projeto Littera marca a reconstrución: *vee[m] la invernada*.

**13.** Nos cancioneiros: *huũ dia Poderde9 deuos molhar* (B) e *huũ dia poderdẽ deuos molhar* (V). Non nos parece xustificada a opción de Lapa, *un dia [de] poderdes-vos molhar*. Unha opción editorial sería *poderdes* (é a forma pola que optan Zilli e Braga; Lapa e o Projeto Littera, *puderdes*).

No entanto, coincidimos coa opción de Arias Freixedo de ler *de9 = Deus*, que ten todo o sentido contextual, na liña de responsabilizar a divindade das inclemencias

---

52 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1492&tr=4&pv=sim>>

meteorolóxicas, no *sensus literalis* da composición.

**14.** Lapa e Arias Freixedo interpretan *só*, como adverbio. Somos más da opción de Zilli, Lopes e o Projeto Littera, de o entender como unha preposición, igual que no verso 7. Parécenos máis atinado contextualmente: a opción de se resguardar é baixo unha capa.

**15.** En Lapa falta a conxunción inicial, presente en ambos os códices.

**16.** Lapa, Zilli e Arias Freixedo editan *ar mete*. Nos cancioneiros, *almete*. Editamos *al* tamén porque, contextualmente, reforza o sentido obsceno. Para analizar o uso erótico deste pronome nas cantigas de amigo, cun uso elusivo propio do xénero, véxase Cohen (2012: 49-60). Repárese, no entanto, que "[i]n this genre at least, *al* appears to be an *ad hoc* euphemism used by a small group of poets" (Cohen, 2012: 59), entre os cales non estaría Joan Baveca.

**17.** Arias Freixedo le *capoirete*, tal e como figura en B; en V, *capeyrete*.

### *Cantiga 48*

Don Estevã[o] achei noutro dia  
mui sanhudo depos un seu hom'ir;  
e sol non lhi pôd'un passo fogir  
aquel seu home depos que el ia;  
5 e filhó-o i pelo cabeçon  
e ferio-o mui mal dun gran baston  
que na outra mão destra tragia.

E Don Estevã[o] assi dizia  
a nós, que lho non deixamos ferir  
10 más: "Quero-vos eu ora descobrir  
com'este vilão migo vivia:  
más era eu seu ca era el meu,  
e muit'andava más en pos el eu  
ca el pos mí, pero xi m'el queria".

15 E o vilão enton respondia  
com[o] agora podedes oir:  
"Mui gran mal fazedes en consentir  
a est'hom'o torto que mi fazia;  
ca, de-lo dia en que o eu sei,  
20 sempr'a gran coita deante lh'andei,  
e el sempre deante me metia.

E veed'ora, por Santa Maria,  
se hei poder de co el más guarir,

ca me non poss'un dia del partir  
25      de mi dar golpe, de que morreria,  
d'un gran pao que achou non sei u;  
e, pois s'assanha, non cata per u  
feira con el, sol que lh'home desvia".

Airas Perez Vuitoron<sup>53</sup>

*REPERTORIOS:* D'Heur 1492; Tavani 16,4 (=101,2).

*MANUSCRITOS:* B 1472 / V 1083.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 206-207). Lapa 73 (1998: 65-66) [= LP 101,2]. Lopes 266 (2002: 324-325 e 578). Projeto Littera<sup>54</sup>.

#### *CONTIDO*

Don Estevan foi detrás dun vilán para o ferir cun bastón, mais non lle deixaron. Entón os dous explicaron as súas razóns. Don Estevan séntese despeitado polo seu servente, que disque o quería moito (v. 14) e do que fala en termos claramente amatorios e de parella (v. 12). O vilán pide protección, porque Don Estevan sempre o puña diante (vv. 20-21; equívoco sobre a penetración) e, se non, daríalle cun *gran pao* (v. 26, que é tamén unha clara figuración fálica).

#### *NOTAS*

**5.** Braga, Lopes e Projeto Littera, *filhou*, que é unha alteración dos códices. Porén, trátase dunha redución no morfema de número e persoa *-ou* da P3 en *-o* debido ao contexto fonético. É necesaria, pois, a acentuación diacrítica.

53 Con algunas atribucións a Men Rodriguez Tenoiro (Projeto Littera e LP; Braga tamén, mais coloca debaixo cun interrogante a opción de Airas Perez Vuitoron). En B aparece atribuída ao primeiro e en V a ambos. Lapa explica que como é Vuitoron quen "toma à sua conta a sistemática ridicularización de D. Estêvão, e considerando, além disso, que Tenoiro parece ser trovador algo menos antigo, atribuímos a composición a Airas Peres Vuitoron, que pôs nela efectivamente a marca do seu estilo". Concordamos cos seus argumentos.

54 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1506&tr=4&pv=sim>>

Repárese en que o termo *cabeça* ten tamén no cancionero a acepción de 'glande', como en «Alvar Ro[drigu]iz, monteiro maior» (V 1037), en que se describe a circuncisión como levar a "cabeça descuberta".

**6.** En Lopes e no Projeto Littera, *feriu-o*. É verdade que o <u> está algo menos claro en B, mais semella graficamente un <o> que non se terminou de fechar; en V é moi nítido.

**9.** No testemuño dos cancioneiros aparece como un verso hipérmetro: *a nos quelho nō leixassem9 ferir e auos ñ lho non leixassemos ferir* (V). Caben dúas opcións, ambas válidas contextualmente: ou a expunción do *non* (*que lho leixassemos ferir / más*) ou a modificación do tempo verbal (*que lho non leixamos ferir / más*). No primeiro caso, o discurso de Don Estevan sería para tentar convencer os protectores e continuar a agredir o seu servente; no segundo, sería unha xustificación do seu comportamento.

**10.** Para Braga, o discurso de Don Estevan incluiría todo o verso. É unha proposta interesante, mais non coincide coa colocación do pronome átono.

**16.** Nos cancioneiros, *com agora podedes oyr*, que é hiposilábico. Por iso, Lopes e o Projeto Littera decidiron mudar o tempo verbal para futuro, *pode[re]des*. Optamos pola reconstrución de Lapa, por supor unha intervención menor nos cancioneiros.

**19.** Lapa reconstrúe *o eu [u]sei*. Non concordamos porque, aínda que este é un xogo equívoco presente, non nos parece que se poida editar como o sentido recto da composición.

**23.** Lopes e o Projeto Littera, *com el*. Nos cancioneiros, *coel*.

**28.** Lapa edita *e/e*, mais nos cancioneiros lese *el*.

### ***Cantiga 49\****

Don Estevã[o], eu eiri comi  
en cas d'el-Rei, nunca vistes melhor,  
e contarei-vo-lo jantar aqui,  
ca x'ha home de falar i sabor:  
5      non viron nunca ja outro tal pan  
os vossos olhos, nen ar veerán  
outro tal vinho qual eu i bevi.

Nen vistes nunca, se Deus mi perdon,  
melhor jantar, e contar-vo-lo-ei:  
10     ha dez anos que non vistes capon  
qual eu i houve, nen vistes, ben sei,  
melhor cabrito, nen vistes atal  
lombo de vinh'e d'alhos e de sal,  
qual mi a mí deu i un de criaçon.  
  
15     Nen vistes nunca nulh'home comer  
com'eu comi, nen vistes tal jantar,  
nen vistes más viços'home seer  
do que eu sevi, en nen un logar,  
ca a min non minguava nulha ren;  
20     e mais viços'home de comer ben  
non vistes, nen havedes de veer.

Airas Perez Vuitoron<sup>55</sup>

---

55 Con algunas atribucións a Men Rodriguez Tenoiro. O nome de Vuitoron aparece en B antes da composición.

*REPERTORIOS:* D'Heur 1493; Tavani 16,6 (=101,3).

*MANUSCRITOS:* B 1473 / V 1084.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 207). Michaëlis de Vasconcelos (2004: 148). Lapa 74 (1998: 66) [= LP 16,6]. Lopes 84 (2002: 120). Projeto Littera<sup>56</sup>.

#### *CONTIDO*

Cóntaselle a Don Estevan o xantar que houbo na casa do rei. Nunha primeira lectura parece que é porque non estivo, mais sabemos por outras composicións que está a facer burla das dificultades visuais que tiña o satirizado, quen podería estar tamén presente. Aínda nunha terceira lectura, relacionada con outras cantigas, pódese entender unha erotización da comida (p. ex., *tal pan / os vossos olhos*) e, en especial, de quen desfrutou dela (*viços'home*, vv. 17 e 20). Son varias as cantigas dos cancioneiros centradas en vincular problemas visuais e gustos sexuais mal considerados socialmente.

#### *NOTAS*

**1.** Michaëlis, *(E)stevan*.

**3.** Michaëlis, *cantarei vo'-lo*.

**4.** Michaëlis interpreta o cancionero (*caxa home*) dun xeito que sería más equívoco: *c'acha home de falar i sabor*.

**7.** No Projeto Littera, *aqual*, seguindo o testemuño de V, que o converte en hipersilábico.

**18.** No Projeto Littera, *nēum*. Nos manuscritos, *nē hū*. Regularizamos de acordo cos criterios de edición marcados.

---

56 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1507&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 50*

Don Estevã[o], tan de mal talan  
sodes, que non podedes de peior:  
que ja por home que vos faça amor  
sol non catades -tal preço vos dan-,  
5 e sérvia-vos home quanto poder,  
se vos desvia quan pouco xiquer,  
ides log'home trager come can.

E tan mal dia vosco, tant'afan  
e tanta coita convosc'ha levar,  
10 pois non havedes por hom'a catar,  
mal serviço faz hom'en vós, de pran;  
ca, se havede-la besta mester,  
se vo-la home toste non trouxer,  
queredes home trager come can.

15 E, Don Estevã[o], pois sodes tan  
sanhudo que non catades por quen  
vos faz serviço, pois vos sanha ven,  
os que vos serven non vos servirán;  
ca, se vos sanha, come sol, preser,  
20 non cataredes home nen molher  
que non queirades trager come can.

Airas Perez Vuitoron.

*REPERTORIOS:* D'Heur 1494; Tavani 16,7.

*MANUSCRITOS:* B 1474 / V 1085.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 207). Lapa 75 (1998: 66-67). LP 16,7. Lopes 85 (2002: 121 e 566). Projeto Littera<sup>57</sup>.

#### *CONTIDO*

Don Estevan di que quere que os seus serventes ou vasalos o traten ben mais, cando se desvían un pouco, el compórtase moi mal con eles. Os equívocos sobre a homosexualidade son moi claros na primeira e na segunda estrofa (*por home que vos faça amor*, v. 3, *home trager come can*, v. 7; *mal serviço faz hom'en vós*, v. 11, etc.), mais na terceira a alusión é á bisexualidade (*non cataredes home nen molher*, v. 20).

#### *NOTAS*

**1 e 15.** Tanto B como V indican o nome no v. 1 con final consonántica (*estevam* e *estavam*, respectivamente), mais iso rompería o isosilabismo da composición. Por iso, seguindo os camiños de Lapa e Lopes, mantido tamén por LP, editamos "Estevã[o]", mais coa diferenza de eles facéreno indicando un circunflexo no *e* deste nome aparentemente grave *e*, tamén, que marcamos a reconstitución. No Projeto Littera editan *Estêvam*.

No 15, en B aparece *estevã* e en V *estavã*, mais reconstituímos "Estevã[o]" polo cómputo métrico. A solución que mantemos refórzase porque os dous casos de hiposilabismo nesta composición son coa aparición deste nome.

**7, 14 e 21.** Non consideramos refrán o último verso de cada estrofa, como si fixeron Braga, Lapa e Lopes. Na edición do Projeto Littera non aparece como refrán e mesmo está descrita como cantiga de mestría, tal e como fixeron tamén en LP.

**19.** Para Braga, *ca se vos sanha como sol prefer'*.

---

57 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1508&pv=sim&p=5>>

### ***Cantiga 51***

Don Bernaldo, por que non entendedes  
camanh'escarnho vos fazen aqui?

Ca nunca más escarnid'home vi  
ca vós andades, aqui u vivedes;

5        ca escarnh'é pera mui bon segrel  
          a que x'assi van foder a molher,  
          com'a vós foden esta que tragedes.

E, Don Bernaldo, se o non sabedes,  
quero-vos eu dizer quant'end'oi:

10      molher tragedes, com'eu aprendi,  
          que vos foden, e de que ficaredes  
          con mal escarnho, se vos emprenhar  
          d'algun rapaz e vos depois leixar  
          filho doutro, que por vosso criedes.

15      Mais semelha-xe que vos vós queredes  
          que xi vos fodan a molher assi,  
          ca, se non, fugiriades d'ali  
          d'u vo-la foden, Don Bernal, e vedes:  
          non é maravilha de xi vos foder  
20      a molher, mais foden-vos do haver  
          ca xi vos foden mal de quant'havedes.

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS*: D'Heur 1495; Tavani 16,3.

*MANUSCRITOS*: B 1475 / V 1086

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 207). Lapa 76 (1998: 67). Arias Freixedo (1993: 133-135).

Lopes 86 (2002: 122 e 563). Marcenaro (2006: 192-195). Projeto Littera<sup>58</sup>.

#### *CONTIDO*

Advirten a Don Bernaldo de que el, a pesar de que é recoñecido como *mui bon segrel* (v. 5, o que fai áinda más probábel que sexa Bernal de Bonaval), está a padecer un grande escarnio: a súa muller élle infiel e, se ficase grávida, o fillo sería doutro.

Os equívocos técense en varios niveis. O primeiro son os calembures, como os dos versos 7 e 11, onde se pode entender que é a muller a penetrada ou que o é el. Aínda un outro equívoco máis profundo (se callar o que non captaba Bernal de Bonaval?) é que el sexa entendido como esa muller (cfr. [32]) e que el puidese ter un fillo sen ser o pai, senón a nai. A idea de homes que fican grávidos ten tradición na literatura popular galega e tamén nalgúnsas sátiras provenzais.

#### *NOTAS*

**15.** A lección de B é *Mays semelhaxe ñ u9 vos nõ ñredes* e a de V *Mays semelhaxe ñuo uos nõ ñredes*. Todas as edicións consultadas optaron por *Mais semelha-xe-nos que vós queredes*. Pola nosa banda, simplemente eliminamos o *nõ*, porque rompería o sentido contextual e suporía hipersilabismo, mais mantemos o resto segundo nolo indican os testemuños.

---

58 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1509&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 52\****

Don Estevã[o] diz que desamor  
ha con el-Rei, e sei eu ca ment'i:  
ca nunca viu prazer, pois foi aqui  
o Conde, nen veerá mentr'el i for;  
5 e, per quant'eu de sa fazenda sei,  
porque non ven ao reino el-Rei,  
non vee causa ond'haja sabor.

Con arte diz que non quer al Rei ben,  
ca sei eu del ca ja non veerá  
10 nunca prazer, se o Conde rein'ha;  
ca ben quit'é de veer nulha ren  
Don Estevã[o] ond'haja gran prazer;  
dest'é ja el ben quite de veer,  
mentr'o Cond'assi houver Santaren.

15 Por que vos diz el que quer al Rei mal?  
Ca ren non vee, assi Deus mi perdon,  
que el más am'eno seu coraçon,  
nen veerá nunca; e direi-vos al:  
pois que s'agora o reino partiu,  
20 prazer pois nunca Don Estevan viu  
nen veerá jamais en Portugal.

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS*: D'Heur 1498; Tavani 16,5.

*MANUSCRITOS*: B 1478 / V 1089.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 208). Nunes (1912: 385-386). Michaëlis de Vasconcelos (2004: 86). Lapa 79 (1998: 69-70) [= LP 16,5]. Lopes 89 (2002: 126 e 564). Projeto Littera<sup>59</sup>.

#### *CONTIDO*

Don Estevan é satirizado por ter más relacións co rei de Portugal. As alusións á homosexualidade son só insinuacións que entran en xogo con outras composicións contra o mesmo satirizado. O núcleo da composición está nos tres niveis no equívoco co verbo *veer*: que non coñece algo por causa do seu enfado, que ten dificultades de visión e que é luxurioso (cfr. as referencias ao prazer nos versos 3 e 20).

#### *NOTAS*

**1., 12. e 20.** Sobre o nome, véxase o dito xa na cantiga [50]. Lapa e Lopes editan nos tres versos *Estêvão* e Michaëlis e o Projeto Littera, tamén nos tres casos, *Estevam / Estêvam*, respectivamente.

**10.** Michaëlis e Lapa, *reinará / reinar á*. Nos cancioneiros, *Reyna* (B) e *reyna* (V).

**16.** Michaëlis, assi dês.

Lapa e Lopes, *pardon / pardom*. En B lese con <a>, mais en V con <e>. Corrixímolo, de acordo con Ferreiro (2016: 55).

**19.** Para Lopes e o Projeto Littera, *[d]o reino partiu*, dando a entender que Don Estevan se foi de Portugal. A comprensión literal dos cancioneiros referírase á confrontación aberta dos dous bandos, así que o mantemos.

---

59 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1512&tr=4&pv=sim>>

### **Cantiga 53**

Fernan Diaz é aqui, como vistes,  
e anda en preito de se casar;  
mais non pod'o casamento chegar  
—d'home o sei eu, que sabe com'é;  
5 e, por haver casament', a la fe,  
d'home nunca vós tan gran coita vistes.

E por end'anda vestid'e loução  
e diz que morre por outra molher;  
mais este casamento que el quer  
10 d'home o sei eu que lho non daran;  
e por este casamento el, de pran,  
d'home atal coita nunca viu cristão.

Ca d'Estorga ata San Fagundo  
don'ha que ha de Don Fernando torto,  
15 ca por outro casamento anda morto  
d'home o sei eu, que o sabe ja;  
e se este casament'el non ha,  
d'hom'atal coita nunca foi no mundo.

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS:* D'Heur 1499; Tavani 16,10.

*MANUSCRITOS:* B 1479 / V 1090.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 208-209). Álvarez Blázquez (1975: 127). Lapa 80 (1998: 142)

70). Arias Freixedo (1993: 70-72). Lopes 90 (2002: 127). Arias Freixedo (2003: 309-312). Projeto Littera<sup>60</sup>.

#### *CONTIDO*

Nunha primeira lectura, o suxeito poético cónтанos que sabe por un home que Fernan Diaz está a tratar de casar (cunha muller) e que sofre moito polos impedimentos que encontra. A través dun calembur transmítese porén que Fernan Diaz o que quere con intensidade é casar cun home, algo que nunca antes se vería na cristiandade.

#### *NOTAS*

- 3.** Todas as edicións consultadas escriben *pod'ó casamento chegar*. Guiámonos, porén, polo criterio do Proxecto Glossa (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *o<sub>2</sub>*), que o considera un complemento directo.
- 11.** Todas as edicións consultadas realizan a reconstrución *casamento [d]el*, mais non a vemos necesaria.

---

60 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1513&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 54***

Don Fernando, vejo-vos andar ledo  
con deantança que vos deu el-Rei;  
Adeantado sodes, e o sei,  
de San Fagundo e d'Esturas d'Ovedo;  
5       e pois vos Deus ora tanto ben fez,  
punhade d'ir adeant'úa vez,  
ca, atra aqui, fostes sempr'a derredo.

Ca fostes sempre desaventurado;  
mais, pois vos ora Deus tanto ben deu,  
10      Don Fernando, conselhar-vos quer'eu:  
non vos ar lev'atras vosso pecado,  
pois vos el-Rei meteu en tal poder;  
sinher, querede-mi d'esto creer:  
adeant'ide, come Adeantado.

15      E pois sodes ora tan ben andante,  
ben era d'home do vosso logar  
dess'olho mao de vos ar quebrar,  
e non andar com'andavades ante,  
ca somos hoj'e non seremos cras;  
20      e pois punhastes sempre d'ir atras,  
ar punhad'agora d'ir adeante.

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS:* D'Heur 1500; Tavani 16,8.

*MANUSCRITOS:* B 1480 / V 1091.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 209). Lapa 81 (1998: 70-71). Arias Freixedo (1993: 73-74).

Lopes 91 (2002: 128). Marcenaro (2006: 196-199).Projeto Littera<sup>61</sup>.

#### *CONTIDO*

Don Fernando está feliz por ser agora Adiantado do Rei, polo que o suxeito poético aconsella que faga honra ao cargo que recibiu e vaia habitualmente diante, non atrás como até o de agora. É un equívoco sobre a pasividade / actividade no sexo, implicitamente entre dous homes.

#### *NOTAS*

**3.** Todas as edicións consultadas reconstrúen *e[u] o sei*. Parécenos que modifica os testemuños dos códices sen necesidade.

---

61 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1514&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 55*

Correola, sodes Adeantado  
en cas d'el-Rei do ma[l] que s'i fezer;  
e caeredes en este mester,  
se me creverdes, que ést'aguisado:  
5 se algun home virdes mal fazer,  
non lho leixedes, a vosso poder,  
ante o vós fazed'a vosso grado.

E se souberdes u contangen dado,  
que quer alguen perder o que trouxer,  
10 sabed'u é, de quen vo-lo disser,  
e log'ide vosso passo calado  
e non leixedes i nada perder  
senon a vós; e, a vosso poder,  
ante vós i ficade desbragado.

15 E todavia seed'acordado:  
se algun home pelejar quiser  
aqui con outren, seja cujo quer,  
aqui punhad'en seer esforçado;  
e quen quiser a peleja volver,  
20 log'entrad'i e, a vosso poder,  
vos saíd'én con o rostro britado.

E pois tod'esto vos hei conselhado,  
conselho-vos que tragades molher

destas daqui, se peior non veer,  
25 a que achardes i más de mercado;  
e se tal molher poderdes trager,  
será mui ben, e punhad'en poder,  
ca per i é vosso preit'acabado.

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS:* D'Heur 1502; Tavani 16,2.

*MANUSCRITOS:* B 1482 / V 1093.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 209). Lapa 83 (1998: 72) [= LP 16,2]. Lopes 93 (2002: 130 e 564). Projeto Littera<sup>62</sup>.

#### *CONTIDO*

Aconséllaselle a Correola, que foi nomeado Adiantado do Rei, que, antes de permitir que alguén faga algún mal, que o practique el mesmo. Hai varios equívocos sobre a homosexualidade: vv. 5-7, vv. 13-14, a pelexa entre homes da terceira estrofa... Ao final, díselle que, se quixer manter a súa pretensión de casar cunha muller (enténdese que para aparentar), que escolla unha soldadeira (é o que se entende co denigrante *destas daqui, se peior non veer*, v. 24 e *de mercado*, v. 25).

#### *NOTAS*

**1.** En B, *Coyreola*; en V, *Correola*.

**10.** Lapa interpretou como convención, mais concordamos con Lopes e o Projeto Littera de que se entende mellor o verbo *ser*: *sabed'u* é.

---

62 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1516&tr=4&pv=sim>>

## **Cantiga 56**

Don Martin Galo, ést'acostumado  
de lhi daren algo todos de grado;  
e dizen que é ben empregado,  
sol que podessen acalanta-lo.

5       *Ben merec'algo Don Martin Galo*  
*quando quiser cantar, por leixa-lo.*

Ben entend'ele com'agradece  
e, por dar-lh'algo, non o gradece,  
ca el[e] ten que mái-lo merece  
10      ca o merec'a senhor vassalo.

*Ben [merec'algo Don Martin Galo]*  
*quando quiser cantar, por leixa-lo.]*

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS:* D'Heur 1503; Tavani 16,9.

*MANUSCRITOS:* B 1483 / V 1094.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 209). Lapa 84 (1998: 72) [= LP 16,9]. Lopes 94 (2002: 131). Projeto Littera<sup>63</sup>.

*CONTIDO*

Martin Galo está afeito a que premien o seu cantar e mesmo a que lle canten para que adormeza. Porén, canta tan mal que o que deberían é darlle para que cale (ou un premio, ou un golpe, enténdese xa na primeira lectura). Aínda que ese é o sentido central

---

63 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1517&tr=4&pv=sim>>

da sátira, tamén hai algunhas leves insinuacións de homosexualidade (o uso do verbo *dar* no v. 2 e a petición de que o acalanten no v. 4), que hai que pór en diálogo coa cantiga [44].

#### *NOTAS*

**7.** O final do verso di nos dous cancioneiros *coma ñuece*. Mantemos a reconstrución hipotética que realizou Lapa e seguen as outras edicións, a falta de mellor teoría. Este verbo tería o significado, segundo Lapa, de 'enraivecer as persoas'.

## **Cantiga 57**

Ja-u s'achou con torpes, que fezeron  
mui ben de vestir e logo lho deron;  
e el baratou mui ben en filha-lo:  
*ja-u s'achou con torpes, Martin Galo,*

5       *ca o vejo vestid'e de cavalo.*

Ja-u s'achou con torpes na carreira,  
ca o vej'andar con capa augadeira;  
e se non, dou-m'ao demo por vassalo,  
*ja-u s'achou con torpes, Martin Galo,*

10      *[ca o vejo vestid'e de cavalo].*

Airas Perez Vuitoron

*REPERTORIOS:* D'Heur 1504; Tavani 16,11.

*MANUSCRITOS:* B 1483<sup>bis<sup>64</sup></sup> / V 1095.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 209-210). Lapa 85 (1998: 73) [= LP 16,11]. Lopes 95 (2002: 132) [= Projeto Littera<sup>65</sup>].

*CONTIDO*

Martin Galo encontrouse con torpes que o premiaron cun cabalo e con boas vestiduras. Os posíbeis equívocos homosexuais céntranse en especial en catro aspectos: no uso do termo *torpes* (que nalgúns textos latinos tiña esa acepción), en que lle pagaron por algo que el non sabe facer e por tanto recibiu remuneración por facer outras cousas

---

64 En ocasións aparece referida como 1484: "A cantiga vem no CNB sob a numeração 1483; mas é propriamente o nº 1484, como logo adiante se rectifica." (Lapa, 1998: 73).

65 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1518&tr=4&pv=sim>>

(cfr. [43]), na aparición do termo *capa augadeira* (que é posíbel alusión a un profiláctico, cfr. [34]) e na metáfora equina que podería encubrir elementos obscenos.

## NOTAS

**1.** Tanto Lapa como Lopes e o Projeto Littera editan *un / um*, como pronome indefinido. Reparamos, porén, na advertencia de Xosé Bieito Arias Freixedo (2011) observa que nos dous manuscritos se le únicamente *hu* en todos os casos. Con certeza, Lapa equivocouse ao indicar que en V puña *Já hun s' achou*. Tendo en conta isto, editamos como adverbio temporal *ja-u* (Ferreiro, dir., 2014-: s. v.), que é o que ofrece máis sentido á composición.

Noutra orde de cousas, editan *corpes* tanto Lapa (que dá a hipótese de que sexa un galicismo para se referir a unha peza de roupa) como Lopes. A proposta de Braga era *corpos*, que non fai sentido. No Projeto Littera, que repiten a lectura de Lopes, xustifican a solución:

Em B e V, em todas as ocorrências, *torpes*, exceto no v.4, onde se lê, em V, *corpes*. Poderíamos talvez entender *torpes*, ou mesmo *torpês*, como a substantivación do adjetivo correspondente (com torpeza, indignidade), mas é certo que uma peça de vestuário parece mais indicada ao sentido geral da cantiga. Acrescente-se, de qualquer forma, que um dos lugares centrais do *Cantar del Mío Cid* se chama exatamente *Corpes*. Lugar agreste, é aí que as filhas do Cid são abandonadas pelos maridos, depois de agredidas e despidas, num episódio típico de afronta e desonra. Teria o termo *Corpes* adquirido esse valor em linguagem corrente a partir deste episódio? (Lopes, Graça Videira / Ferreira, Manuel Pedro et al., 2011-12)

Pensamos que a coincidencia co topónimo non ten ningunha importancia. O *Cantar de mio Cid* ten más divulgación histórica a partir do século XIX que na Idade Media.

Editamos *torpes* seguindo as indicacións que manifestou no seu momento Xosé Bieito Arias Freixedo (2011):

A outra cuestión problemática radica na forma *corpes*, que Lapa le en V, no primeiro verso, e para a que non atopa unha interpretación doada, mais que prefire á lección de B, *torpes*, que segundo el “também não faz bom sentido”. O certo é que tamén a lección de V é *torpes* tanto neste verso 1 como no v. 6. Só no v. 4 se le *corpes* en V, mentres que en B se le sempre *torpes*.

Neste caso somos da opinión de que se trata dun erro do copista de V, que con relativa frecuencia confunde \*c\* con \*t\*, tal como pode comprobarse nos versos 1, 8, 13 e 21 da cantiga V 1203 (Lapa 321) onde volve copiar de forma reiterada *corpe(s)* en vez de *torpes(s)*.

Para atoparle sentido á forma *torpes* no contido do texto coidamos que é necesario ter presente a cantiga que precede a esta nos cancioneiros (B 1483, V 1094), coa que se establece unha evidente relación intertextual e onde volve aparecer o xograr Martin Galo. Un sentido que estaría relacionado co valor de ‘feo, sucio, de maos costumes’ que tiña o termo *TURPIS* en latín, e para o que non é desatinado pensar áinda nun outro sentido oculto. (Arias Freixedo, 2011)

Existe bibliografía que indica o uso do termo latino, a que tan ben fai referencia Arias Freixedo, para se referir aos actos homosexuais. Por exemplo, “Juvenal depicts passive homosexuality as *turpis*” (Fone, 2000: 50; itálicas no orixinal); no *Tratado de Confissom* de 1489, onde se di que os pecados contra natura “sō muy graues e torpes” (Paxeco / Machado, ed., 2003: 62), ou no XVI Concilio de Toledo, onde describen así en que consistía o pecado sodomítico: “qui hujus nefariae actiones patratores extiterint quique in

his *turpitudinibus* sese implicari permiserint et contra naturam masculi in masculos hanc *turpitudinem* operaverint" (cit. in Tejada y Ramiro, ed., 1864: 567; itálicas salientadas).

Mais en ocasións vese que hai poetas, como Ennodio, de comezos do século VI, que o utilizan para se referir xustamente ao feito de ser activo, ou así di neste epígrama:

Ludi in ancipiū constans fallacia sexu:  
Femina cum patitur, peragit cum turpia, mas est.  
(Mastandrea / Perrelli / Biondi / Zurdi / Viparelli, dirs., 2005-)

No entanto, é certo que este adjetivo tamén ten unha acepción sexual máis xeral de 'luxuria', mesmo aplicada ao desexo excesivo dentro do matrimonio entre muller e home:

Adulter est in sua uxore ardentior amator. In aliena quippe uxore omnis amor *turpis* est, et in sua nimius. Sapiens iudicio debet amare coniugem, non affectu. (Vicente de Beauvais, *Speculum doctrinale* 10.45, cit. in Boswell, 1981: 164, n. 104; itálica acrecentada)

**4.** Ver o referido a *u* no v. 1.

No referente ao debate *corpes / torpes*, a única vez que aparece grafada a primeira forma nos manuscritos é neste verso en V: *ia hu sachou cō corps martingalo*.

**6.** Ver o referido a *u* no v. 1.

**7.** En B, *ãdagueyra*; en V, *augadeyra*.

**8.** En B, *E sse nō dōmao demor*; en V, *ese nō dou mao demo*. A lectura de Lapa ante este difícil verso é "e, se non dou mao demo por vassalo", que é a mesma que propuxera Braga. Lopes e Arias Freixedo (2004 e 2011) propoñen "dou-m'ao demo por vassalo". Penso que teñen razón na proposta, mais acho que a lectura que ofrece Lapa dá pé a un equívoco que tamén funciona. Por unha banda, é unha expresión para marcar que o que vai dicir é verdade e, pola outra, dá a entender que Martin Galo tivo unha relación pecaminosa con outro home e de aí a apelación ao demo. Esta última sería só unha posíbel segunda acepción, polo que privilexiámos, para editar, a primeira e recta, sen negar por iso eses outros niveis de comprensión.

Tendo en conta isto, tamén mudamos a puntuación que propuña Lapa.

**9.** Ver o referido a *u* no v. 1.

En V, *ia hu sachou mtim galo*, cunha liña sobre *mt*. Lapa ten un lapso e di: "*con corps* (ou *torpes*) falta en CBN", cando é en V.

**10.** Falta en B e V. As edicións precedentes non marcan a reconstrución.

### *Cantiga 58*

Dona Ouroana, pois ja besta havedes,  
outro conselh'ar havedes mester:  
vós sodes mui fraquelinha molher  
e ja mais cavalgar non podedes;  
5       mais, cada que quiserdes cavalgar,  
mandade sempr'a besta [a]chegar  
a un caralho, de que cavalguedes.

E cada que vós andardes senlheira,  
se vó-la besta mal enselada andar,  
10      guardade-a de xi vos derramar,  
ca pela besta sodes soldadeira  
e, par Deus, grave vos foi d'haver;  
e punhade sempr'en[a] guarecer,  
ca en talho sodes de peideira.

15      E non [de]moredes muito na rua,  
este conselho filhade de min,  
ca perderedes log'i o rocin  
e non faredes i vossa prol neña;  
e mentr'houverdes a besta, de pran,  
20      cada u fordes, todos vos faran  
honra d'outra puta fududanca.

E, se ficardes en besta muar,  
eu vos conselho sempr[e] a ficar  
ante con muacho novo ca en mua.

Joan Garcia de Guilhade

*REPERTORIOS:* D'Heur 1518; Tavani 70,16.

*MANUSCRITOS:* B 1499 / V 1109.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 212). Lapa 213 (1998: 145) [= LP 70,16]. Domingues (1992: 72). Arias Freixedo (1993: 94-96). Lopes 172 (2002: 216). Projeto Littera<sup>66</sup>.

#### *CONTIDO*

Cada estrofa comeza cuns consellos que se lle dan á soldadeira Dona Ouroana, que parece que son para que cabalgue mellor e sen cansar, pois é moi débil. Mais o último verso de cada cobra rompe abruptamente cos equívocos e amosa o sentido obsceno da composición, onde as cabalgaduras son metáforas sexuais. Na finda, o suxeito poético retoma o puro xogo equívoco e dille que, se ten que escoller entre *besta muar* (v. 22), que escolla antes un mulo novo ca unha mula; ou sexa, que se decida antes por un mancebo que por unha muller.

#### *NOTAS*

**7.** Lopes (2002: 216) substituíu o termo *caralho*, que aparece tanto en B como en V, por *car[v]alho*, coa hipótese "ainda que sem certezas" de que estaría a xogar cun equívoco. Non estamos de acordo con esa posibilidade. Se comprobarmos as estrofas 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup>, veremos que tamén finalizan cun verso en que se rompe o equívoco que se vai tecendo en cada unha de xeito abrupto e obsceno: *peideira* (v. 14), *puta fududancua* (v. 21). O mesmo acontece na primeira.

**21.** Braga edita *fudud'an-cúa*.

**22.** Lapa mantén *muar* cunha marca de nasalidade antietimolólica que aparece en B e V.

**23.** Lapa editou *eu vos conselho sempr'a [vos] ficar*. Igual que Lopes e o Projeto Littera, parécenos más sinxela e, tamén, más próxima aos manuscritos a opción de desenvolver *sempr[e] a*.

**24.** O equivalente feminino do diminutivo *muacho* tamén se encontra, cun claro sentido metafórico para unha persoa que gusta de ter relacións con outra persoa do seu xénero,

66 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1532&tr=4&pv=sim>>

na cantiga [49]. Xa nun ton serio, na composición CLXXVIII das Cantigas de Santa María rexístrase só a forma *muleta*. Unicamente achamos unha ou outra forma nas composicións citadas, pois na documentación notarial ou prosística medieval tan só se rexistran as formas *mua* ou, xa minoritariamente, *muu* (cfr. Varela, dir., 2004-).

En B aparece *munacho* e en V *muācho*. Non mantemos esa marca de nasalidade, como fai Lapa, pois é antietimolóxica. O mesmo acontece con *mua*.

Tanto Lapa como Lopes e Nobiling len a preposición *en*. Seguimos a anotación de Carlos Paulo Martínez Pereiro (1992b, n. 10, e 1996: 129), quen edita *ante con*, pois é o que aparece nos dous manuscritos: *ante cō*. Tamén o fixo así Domingues.

### ***Cantiga 59***

Vedes agora que mala ventura  
de Don Fernando, que non pod'haver  
físico que lh'ora possa tolher  
aqueste mal que ha de caentura;  
5 pero dizen os físicos atal:  
que o guarria mui ben deste mal  
quen lh'o corpo metess[e] a ventura.

E deste mal sempr[e] é mui coitado,  
e non guarrá ja del, se non houver  
10 home que lhi dê quanto lh'é mester;  
mais aquesto ten el mui desguisado:  
ca, pero muitos físicos ha 'qui,  
se lh'o corpo non aventuran i,  
nom guarrá ja, ca jaz desacordado.

15 E pesa-m'ende, par Santa Maria,  
deste seu mal, ca min dizen que non  
pode guarir se maestre Simion  
o non guarisse; mais vos én diria:  
ja lhi non pode nulha ren prestar,  
20 se lh'o maestre non aventurar  
o corpo, ca x'ha mui gran maloutia.

*REPERTORIOS:* D'Heur 1524; Tavani 154,13.

*MANUSCRITOS:* B 1505

*EDICIONES PRECEDENTES:* Paxeco / Machado (1949-1964, VI: 215-216). Lapa 424 (1998: 266-267). Majorano (1979: 136-140). LP 154,13. Lopes 397 (2002: 458). Projeto Littera<sup>67</sup>.

#### *CONTIDO*

Don Fernando ten un mal moi grande: a quentura. Non hai médico que llo poida curar, salvo que haxa un home que lle dea o remedio que necesita.

*Quentura* ten aquí un sentido equívoco: febre e desexo sexual. Por tanto, o remedio que lle ten que dar un home é sexo para aliviar a súa excitación.

#### *NOTAS*

**1.** Non seguimos a Lapa nin a Lopes en escribir *malaventura* como palabra única. No cancioneiro, *mala uētura*. Paxeco / Machado e Majorano editáronas separadas, opción con que concorda Simone Marcenaro (2009: 172) en base aos seus estudos sobre o *mot equivoc* no trovadorismo galego.

**16.** As edicións consultadas optan por *ca mi*, mais no códice lese *camī*.

**17.** Mantemos, con moitas dúbidas, o verso que ofrecen a maioría das edicións críticas, xa que non temos elementos suficientes que sustenten unha proposta alternativa.

Un trazo importante é que só Majorano editara *sen* e non *se*, cando no cancioneiro aparece *sẽ*. Porén, co resto da lectura que fixo Majorano a cantiga perdía coherencia sintáctica.

O problema estriba no final do verso, que se interpretou desde Carolina Michaëlis (1904: II, 537, n. 2) como "maestre Simion", mais que no cancioneiro di *maestresunhō*. Paxeco / Machado xa leran *sen maestr e s un hom*. Pola nosa banda, chegamos á mesma conclusión, aínda que non ofrecemos esa lectura porque conta con tres importantes debilidades: unha lingüística, outra silábica e outra contextual. A lingüística é que o *se* condicional non tende a se asimilar no trovadorismo galego (Ferreiro, 2013), razón pola cal sería precisa a reconstrucción dun *s[e]*. Esa dificultade levaríanos á silábica, porque así o verso ficaría hipérmetro e sen posibilidades de restauración. A razón contextual que tamén nos leva a ser cautos é que nos derradeiros versos da cantiga se fala dun maestre particular que si podería sandalo (vv. 20-21).

---

67 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1538&tr=4&pv=sim>>

A hipótese do "maestre Simion", posíbel paleograficamente, ten como principal fraqueza que é unha denominación que non aparece ningunha outra vez, nin nesta cantiga nin noutras dos cancioneiros.

### *Cantiga 60*

Ou é Melion Garcia queixoso  
ou non faz come home de parage  
escontra duas meninhas que trage,  
contra que non cata ben nen fremoso:  
5      ca lhas vej'eu trager, ben des antano  
ambas vestidas de mui mao pano,  
nunca mais feo vi nen más lixoso.

Andan ant'el chorando mil vegadas,  
por muito mal que han con el levado;  
10     [e] el, come home desmesurado  
contra elas, que andan mui coitadas,  
non cata ren do que catar devia;  
e poilas [el] ten sigo noit'e dia,  
seu mal é trage-las mal lazeradas.

15     E pois el sa fazenda tan mal cata  
contra elas, que faz viver tal vida,  
que nen del nen d'outren non ha[n] guarida,  
eu non lho tenho por bõa barata  
de as trager como trag'en concelho,  
20     chorosas e minguadas de conselho,  
ca Demo lev'a prol que xi lh'én ata.

Don Denis

*REPERTORIOS*: D'Heur 1552; Tavani 25,66.

*MANUSCRITOS*: B 1533.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Lang (2010: 293) [= LP 25,66]. Lapa 88 (1998: 74-75). Lopes 416 (2002: 482). Projeto Littera<sup>68</sup>.

#### *CONTIDO*

Melion Garcia é acusado de tratar moi mal dúas *meninhas* (v. 3), que poderían ser tanto dúas mozas como os seus propios ollos. Para alén das insinuacións entre a doença da vista e a luxuria, tamén semellan alusións á homosexualidade a desatención cara ás mulleres que o acompañan, o v. 12: "non cata ren do que catar devia" e a duplicidade que se desprende do v. 4.

#### *NOTAS*

**4.** Lopes e o Projeto Littera reconstruíron *que[m]*, ao noso entender desnecesario.

**10.** Lapa propuxo *el[e]*, mais seguimos a Lang (do mesmo xeito que Lopes e o Projeto Littera) porque supón unha menor intervención na lingua do manuscrito.

**13.** Lapa propuxo *[con]sigو*, mais mantemos a reconstrucción de Lang polas mesmas razóns que no v. 10.

**17.** Seguimos a reconstrucción de Lapa, que asumiron tamén Lopes e o Projeto Littera. Outra opción sería manter a lectura ambigua do códice, como fixo Lang (nese caso, entenderíase que o suxeito sería o *el* do v. 15): *que nem d'el nem d'outrem nom a guarida*.

---

68 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1566&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 61\**

Tant' é Melion pecador  
e tant' é fazedor de mal  
e tant' é un hom'infernal,  
que eu sõo ben sabedor,  
5        quanto o más posso seer,  
que nunca poderá veer  
a face de Nostro Senhor.

Tantos son os pecados seus  
e tan muit' é de mal talan,  
10      que eu sõo certo, de pran,  
quant'aquest' é, amigos meus:  
que por quanto mal en el ha,  
que jamais nunca veerá  
en nen un temp'a face de Deus.

15      El fez sempre mal e cuidou  
e jamais nunca fez o ben;  
[e] eu sõo certo por én  
del, que sempr'en mal andou,  
que nunca ja, pois assi é,  
20      pode veer, per bôa fe,  
a face do que nos comprou.

Don Denis

*REPERTORIOS*: D'Heur 1553; Tavani 25,127.

*MANUSCRITOS*: B 1534.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Lang (2010: 294) [= LP 25,127]. Nunes (1912: 394). Lapa 89 (1998: 75).

Lopes 417 (2002: 483). Projeto Littera<sup>69</sup>.

#### *CONTIDO*

Melión é un home que cometeu os pecados más graves, razón pola cal non irá ao Paraíso e, ademais, insinúase que ten problemas de visión. A cegueira aparece en máis ocasións (cfr. ciclo sobre Don Estevan) como trasunto da luxuria e, en concreto, da luxuria entre dous homes. O sentido desta composición estaría en diálogo coa [60].

#### *NOTAS*

**3.** No manuscrito, *E tante hū home*. Lang editou *tant'ē ome*, mais corrixiuno despois na Errata.

**4.** No manuscrito non ten marca de nasalidade neste verso, mais si nos 10 e 17, polo que colocamos o til. Lapa decidiu marcalo nos outros e non neste. Si marcan a nasalidade do mesmo xeito que facemos nós agora Lang, Nunes e o Projeto Littera. Non así Lopes, que nos tres casos escribe *sōō*.

**10.** No manuscrito, *soō*. Cfr. v. 4.

**11.** O manuscrito non é nada claro: *qtaqste*. Lang interpretou *quant'aquestes amigos*. Na súa reseña ao traballo de Lang, Carolina Michaëlis (1895: 531) propuxo *quant'aquest'ē*, que foi a interpretación seguida polo resto dos editores e editoras.

**17.** No manuscrito, *soō*. Cfr. o dito para o v. 4.

**21.** Lang, *nós*.

---

69 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1567&tr=4&pv=sim>>

### *Cantiga 62*

Joan Bolo jouv'en ūa pousada  
ben des hogano que da era passou,  
con medo do meirinho, que lh'achou  
ūa mua que tragia negada;  
5       pero diz el que se lhi for mester  
que provará ante qual juiz quer  
que a trouxe sempre des que foi nada.

Esta mua pod'el provar por sua,  
que a non pod'home dele levar  
10      pelo derecho, se a non forçar,  
ca moran ben cento naquela rua,  
per que el poderá provar mui ben  
que aquela mua, que ora ten,  
que a teve sempre, mentre foi mua.  
  
15      Non a perderá se houver bon vogado,  
pois el pode per enquisas pôer  
como lha viron criar e trager  
en cas sa madr[e], u foi el criado;  
e provará per maestre Reinel  
20      que lha guardou ben dez meses daquel  
cerro, ou ben doze, que trag'inchado.

Don Denis

*REPERTORIOS:* D'Heur 1554; Tavani 25,42.

*MANUSCRITOS:* B 1535.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lang (2010: 294-295). Lapa 90 (1998: 75-76). Gonçalves (1991: 46-51) [= LP 25,42]. Lopes 418 (2002: 484). Projeto Littera<sup>70</sup>.

#### *CONTIDO*

Joan Bolo posúe unha mula e teme ter problemas porque pensen que non é súa. El ten probas de propiedade, mais así e todo hai más dun ano que está agochado nunha pousada por medo.

A referencia á mula é un xogo equívoco que podería ter dous sentidos: tanto unha amante muller como un amante home, mais o sentido xeral que parece ter en todas as cantigas do ciclo sobre Joan Bolo é a de ser un varón. A aparición dun tal maestre Reinel (v. 19) pode aludir a doenzas venéreas, pois sería o encargado de sandalas.

#### *NOTAS*

**15.** Todos os editores repiten a marca de nasalidade no adverbio *Nõn*, que consideramos desnecessaria.

**18.** Lapa, Lopes e Projeto Littera reconstrúen *madr[e]*, que nos parece a mellor opción para manter o isosilabismo.

---

70 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1568&pv=sim>>

### *Cantiga 63*

De Joan Bol'and'eu maravilhado:  
u foi sen siso d'home tan pastor  
e led'e ligeiro cavalgador,  
que tragia rocin bel'e loução,  
5 e disse-m'ora aqui un seu vilão  
que o havia por mua cambiado.

E deste cambio foi el enganado:  
d'ir dar rocin feit'e corredor  
por ūa muacha revelador,  
10 que non sei hoj'home que a tirasse  
fora da vila, pero o provasse;  
se x'el non for, non será tan ousado.

Mais non foi esto senon seu pecado,  
que el mereceu a Nostro Senhor:  
15 ir seu rocin, de que el gran sabor  
havia, dar por mua mal manhada,  
que non queria, pero mi a doada  
dessen, nen andar dela embargado.

Melhor fora dar o rocin dõado  
20 ca por tal muacha remusgador,  
que lh'home non guardará, se non for  
el, que x'a vai ja-quanto conhocendo;  
mais se el fica, per quant'eu entendo,

seu cajon dela, ést'aventurado.

- 25      Mui máis queria, besta non havendo,  
          ant'ir de pé ca del'encavalgado.

Don Denis

*REPERTORIOS:* D'Heur 1555; Tavani 25,26.

*MANUSCRITOS:* B 1536.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lang (2010: 295-296). Lapa 91 (1998: 76-77). Gonçalves (1991: 52-58) [=LP 52,58]. Lopes 419 (2002: 485). Projeto Littera<sup>71</sup>.

*CONTIDO*

Joan Bolo, talvez por ser tan novo, deixou que o enganasen: trocáronlle un rocín en moi bo estado por unha mula rebelde. O suxeito poético di que preferiría ir a pé que nesa mula *encavalgado* (v. 26). Este último verso déixanos claro que tanto *rocin* como *mua* son referencias a amantes masculinos.

*NOTAS*

**2.** No cancioneiro, *dome*, que Lapa considerou un erro, mais mantiveron o resto das editoras e editores, pois fai sentido.

**8.** Lopes e o Projeto Littera reconstrúen *[a]feito* co argumento de que "o termo aparece noutras cantigas designando homossexuais". É unha proposta que non achamos elementos para sustentar, pois o termo *afeito* como substantivo ou adjetivo non aparece nin unha soa vez en toda a nosa pesquisa e tampouco o localizamos noutros documentos medievais galego-portugueses (cfr. Varela, dir., 2004-, e Ferreiro, dir., 2014-).

Houbo varias tentativas de aumentar unha sílaba nesta liña, entre as cales se encontra a proposta de Graça Videira Lopes. Pola nosa banda, optamos por ouvir a Elsa Gonçalves (1991: 56), quen advirte de que nese verso en apariencia hipómetro na verdade non fai falta ningunha reconstrucción, xa que existe unha doutrina que coñecemos polo

---

71 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1569&tr=4&pv=sim>>

trobadorismo provenzal segundo a que o encontro dun *r* final cun *r* inicial supón unha pausa que repón a isometría (*dar...rocin*).

**26.** No manuscrito lese *Antyr de peça delencaualgado*. Todas as editoras e editores interpretaron <c> en <c>, pois non se lle encontra outro sentido posíbel.

### **Cantiga 64**

Joan Bol'anda mal desbaratado  
e anda trist'e faz muit'aguisado,  
ca perdeu quant'havia guaanhado  
e o que lhi leixou a madre sua:  
5        ū[u] rapaz que era seu criado  
*levou-lh'o rocin e leixou-lh'a mua.*

Se el a mua quisesse levar  
a Joan Bol'e o rocin leixar,  
non lhi pesara tant', a meu cuidar,  
10      nen ar semelhara cousa tan crua;  
mais o rapaz, por lhi fazer pesar,  
*levou-lh'o rocin e leixou-lh'a mua.*

Aquel rapaz que lh'o rocin levou,  
se lhi levass'a mua que lhi ficou  
15      a Joan Bolo, como se queixou  
non se queixar'andando pela rua;  
mais o rapaz, por mal que lhi cuidou,  
*levou-lh'o rocin e leixou-lh'a mua.*

Don Denis

*REPERTORIOS:* D'Heur 1556; Tavani 25,41.

*MANUSCRITOS:* B 1537.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lang (2010: 296-297). Nunes (1912: 394-395). Lapa 92 (1998: 77).

Gonçalves (1991: 59-62) [= LP 25,41]. Lopes 420 (2002: 486). Projeto Littera<sup>72</sup>.

#### *CONTIDO*

Cóntasenos que un rapaz lle levou o *rocin* e lle deixou a *mua* a Joan Bolo, mais que este preferiría ficar co rocín, motivo polo que se anda a queixar pola rúa. As cabalgaduras son metáforas de amantes masculinos de Joan Bolo e sobre que o seu preferido se foi con outro. Repárese tamén no encabalgamento equívoco nos versos 14-15, relacionado co uso do verbo *ficar*: "mua que lhi ficou / a Joan Bolo".

#### *NOTAS*

##### **1.** No Projeto Littera, *gaanhado*.

**5.** O verso no manuscrito é hiposilábico, mais Gonçalves transcribiuno igual que no códice. Lang propuxo en nota un *mais*, que sería discutíbel contextualmente; Lopes e o Projeto Littera, *pois*. Lapa optou por editar un bisilábico *ūu*, a pesar de que no manuscrito se le *un*. Consideramos que a solución más próxima do manuscrito é a de Lapa, mais marcamos a "calefatação".

---

72 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1570&tr=4&pv=sim>>

## **Cantiga 65\***

Joan Fernandiz quer [i] guerrejar  
*e non quer vinhas alheas talhar,*  
mais quer queimar, ca lhi foron queimar  
en sa natura ja ūa vegada.

5      *E non quer vinhas alheas talhar,*  
*pero ten a más da sua talhada.*

Per tod'outra guerra os quer coitar  
*e non quer vinhas alhēas talhar,*  
mais quer-lhe-la malada esnarigar,  
10     pola sua, que trag'esnarigada.

*E non quer vinhas alhēas talhar,*  
*[pero ten a más da sua talhada].*

Roi Gomez de Briteiros

*REPERTORIOS:* D'Heur 1562; Tavani 144,2.

*MANUSCRITOS:* B 1543.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lapa 408 (1998: 258). LP 144,2. Lopes 377 (2002: 441). Projeto Littera<sup>73</sup>.

*CONTIDO*

Os inimigos cortáronlle o viñedo a Joan Fernandiz. El vingarase, mais non cortándolles as súas, senón queimándollelas.

O asunto da sátira é ese. A crítica asume que hai aí algún tipo de insinuación obscena,

---

73 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1576&tr=4&pv=sim>>

mais esta non fica clara. Pesquisadores como Francisco Nodar Manso (1990) e Paulo Roberto Sodré (2010) interpretan que Joan Fernandiz se quere vingar dos que o castraron, mais non castrándoos, senón penetrándoo coa súa *malada esnarigada*, que sería o resto de pene que tería. Non pensamos que aquí haxa unha referencia nin a castracións nin a relacións homo nin heterosexuais (*malada* significa, rectamente, 'criada'), senón só á circuncisión como marca cultural islámica.

#### *NOTAS*

**1.** No cancionero, *guerreyar*. Lapa e Lopes editan *guerreiar*, mais entendemos que se refire ao sufixo *-ejar*, como en *rabejar* ou *carrejar* (Ferreiro, 1997: 201-202; Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *rabejar*; Varela, dir., 2004-: s. v. *carrejar*).

Finazzi-Agrò (LP) reconstrúe [*ir*], mais non nos parece necesario.

**2 e 5.** No cancionero aparece *alheas*, en ambos os casos, mentres si está nasalado nos dous exemplos da estrofa seguinte. Lapa púxolle til ao verso 5, mais non ao 2, porque considerou que si tiña marca de nasalidade no quinto e a súa pretensión era rexistrar "essa vacilação". Por esa razón, só marcamos a nasalización alí onde aparece, nos versos 8 e 11.

Finazzi-Agrò (LP) e Lopes optaron por tirar a marca de nasalidade en todos os casos.

**9.** Finazzi-Agrò (LP) reconstrúe *mal[h]ada* ('agredida' ou 'manchada'), mais fai menos sentido que o termo que aparece no cancionero, que pode entenderse como un tipo de videiras, como apunta Lopes —aínda que nós non encontramos ningunha referencia a ese uso—, ou como unha 'servente', tal e como aparece outras dúas veces nos cancioneiros (Ferreiro, 2014-, s. v. *malada*).

### **Cantiga 66\***

Joan Fernandiz, aqui é chegado  
un freir'e anda un mouro buscando,  
e anda dele os sinaes dando:  
e diz que é cresp[o] e mal tal[h]ado;  
5 e ide-vos deste preito [guardando]:  
ca atal era o voss'anaçado  
que vos eu achei [sen ser] bibtizado.

[...]

Roi Gomez de Briteiros

*REPERTORIOS:* D'Heur 1563; Tavani 144,1.

*MANUSCRITOS:* B 1544.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lapa 409 (1998: 259). LP 144,1. Lopes 378 (2002: 441). Projeto Littera<sup>74</sup>.

*CONTIDO*

Un freire anda a buscar o mouro feo que tería consigo Joan Fernandiz.

A posíbel interpretación homosexual só se produce polo vínculo coa cantiga [29], onde se xogaba ao duplo sentido de que Joan Fernandiz tiña relacions sexuais con outro home que mantiña agochado. Porén, a rubrica xa advertía de que non existía tal *mouro*, senón que era unha burla, con elementos homófobos, á apariencia do propio Fernandiz (con xogos lingüísticos que se referían tamén ao seu pene, supostamente circuncidado),

---

74 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1577&tr=4&pv=sim>>

polo que non habería un "voss'anaçado".

#### *NOTAS*

Só conservamos esta cobra da cantiga, e con varias lacunas.

**4.** Lapa e Lopes mantiveron o verso hiposilábico.

**5.** Finazzi-Agrò (LP) propuxo reconstruír [*escapando*], mais seguimos a proposta de Lapa.

**6.** No manuscrito lese *anazado*, cuxa forma só mantivo Finazzi-Agrò (LP).

**7.** Lapa editou *bautizado*.

Finazzi-Agrò reconstruíu [*nunca*], mais preferimos a hipótese de Lapa, [*sen ser*], aínda que ambas son posíbeis.

### **Cantiga 67**

Direi-vos ora que oi dizer,  
de Maria Leve, assi haja ben,  
pola manceba: que se desaven  
dela; e pois lh'ali non quer viver,  
5      *ena Moeda Velha vai morar*  
*Dona Maria Leve, a seu pesar.*

Ca atal dona com'ela guarir  
non pod'ali, se manceba non ha;  
e vedes que oi, amigos, ja:  
10     que, pois que se lh'a manceba quer ir,  
*ena Moeda Velha vai morar*  
*[Dona Maria Leve, a seu pesar].*

Ca diz que morará ali mal e [lai],  
poi-la manceba sigo non houver;  
15    e contra San Martinho morar quer,  
pola manceba: que, xi lh'ora vai,  
*ena Moeda Velha vai [morar*  
*Dona Maria Leve, a seu pesar].*

Ca non pod'a manceba escusar,  
20    se na Moeda Velha non morar.

Joan Vaasquiz de Talaveira

*REPERTORIOS:* D'Heur 1564; Tavani 81,4.

*MANUSCRITOS:* B 1545.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lapa 244 (1998: 165) [= LP 81,4]. Martínez Pereiro (1999: 177-181).

Lopes 206 (2002: 256 e 572). Projeto Littera<sup>75</sup>.

#### *CONTIDO*

Esta cantiga ten dúas posíbeis lecturas, mais ambas lésbicas. A primeira, que Maria Leve debe mudarse a vivir á rúa da Moeda Velha porque, a pesar de que ela non gusta da idea, non pode pasar sen a súa manceba; a segunda, que Maria Leve se separou da manceba e por iso debe ir morar a esa zona de Compostela.

O nome da rúa é utilizado para insultar Maria Leve pola idade e, se callar, tamén por ser prostituta. Outro equívoco pode ser co apelido Leve, utilizado como imperativo de *levar*.

#### *NOTAS*

**13.** Lapa leu *morava*. Martínez Pereiro e Lopes, *morará*, partindo do que pon o propio manuscrito.

No final do verso, o cancionero di *e alhur*, mais debe ser mudado por razóns evidentes de rima. Lapa optou por *alhor* e mudar tamén o final do verso 16. Seguírono Lopes e o Projeto Littera.

Optamos pola menor modificación editorial que realiza Martínez Pereiro, xa que *e lai*, perfecta contextualmente (e, de feito, valorada por Lopes, 2002: 572), significa ademais non ter que mudar despois o verso 16. Esta é a proposta tamén de José Martinho Montero Santalla (Montero Santalla, 2000: 702).

**16.** No cancionero, o final do verso, *uay*. Lapa, Lopes e o Projeto Littera mudan o tempo verbal para que poida rimar co hipotético *alhor* do verso 13 e por entenderen que contextualmente é máis acaído un futuro de subxuntivo.

---

75 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1578&tr=4&pv=sim>>

## *Cantiga 68*

Sancha Perez leve vós ben parecedes  
e pero eu sei que mi vós mal queredes,  
*non xi m'obrida o amor de Maria.*

Bon doair'havedes e manso falades  
5 e pero eu sei que me vós desamades,  
*non xi m'obrida o amo[r de Maria].*

Joan Vaasquiz de Talaveira

*REPERTORIOS:* D'Heur 1568; Tavani 81,19.

*MANUSCRITOS:* B 1549.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Nunes (1971: 247) [= LP 81,19]. Martínez Pereiro (1999: 185-186). Lopes 210 (2002: 258). Projeto Littera<sup>76</sup>.

### *CONTIDO*

O suxeito poético laméntase de que Sancha Perez non o quiere e, no refrán, sinala que non esquece o amor de María. Esta composición está en diálogo coa [67]: a aparición de leve no v. 2 advírtenos de que o amor que non se pode esquecer é o de María Leve con Sancha Perez.

### *NOTAS*

**1.** Lopes (2002: 258) salta o adverbio *ben*, presente con claridade no cancioneiro (tamén cometemos ese erro; cfr. Callón, 2011: 113).

Nunes (1971: I, 247) e Martínez Pereiro (1999: 185) editan o *incipit* de forma que fique decantado *leve* como nome propio: *Sancha Perez Leve, vós ben parecedes*. Non os

---

76 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1582&tr=4&pv=sim>>

seguimos porque pensamos que esa sería unha segunda lectura. Pola mesma razón non colocamos vírgula, porque diferentes pausas poden dar pé a diferentes interpretacións: se ten semellanza con Maria Leve, se aparenta lixeira, se resulta bonita, etc.

**2.** Nunes, *que mi vos mal queredes.*

### **Cantiga 69\***

O arraiz de Roi Garcia,  
que en Leirea tragia,  
*desseinó-o*;  
e pois vēo outro dia  
5      *enlinhó-o.*

Non vos foi el de mal sén:  
[e] serviu-se del mui ben,  
*desseinó-o*;  
e pois vēo a Santaren  
10     *enlinhó-o.*

Non vos foi el mui mezquinho:  
per como diz Cogominho,  
*desseinó-o*;  
e pois morreu Don Martinho,  
15     *enli[nhó-o].*

Ainda vos eu más direi:  
per quant'eu del vej'e sei,  
*desseinó-o*;  
e pois vēo a cas del-Rei,  
20     *enlinhó-o.*

Afonso Meendez de Besteiros

*REPERTORIOS:* D'Heur 1579; Tavani 7,8.

*MANUSCRITOS:* B 1560.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lapa 62 (1998: 58-59) [=LP 7,8]. Lopes 80 (2002: 115). Projeto Littera<sup>77</sup>.

González Martínez (2012: 68-72 e 2014). Marcenaro (2013: 111-116).

#### *CONTIDO*

Roi Garcia leva constantemente o mesmo xibón (*arraiz*) nas reunións da corte, só que o lava (*enseinar*) e o zurce (*enlinhar*). Alén da crítica á avareza, pode esconderse nesta composición unha crítica por volta das apariencias nunha situación política convulsa en Portugal.

Durante un tempo, a crítica interpretou que *arraiz* significaba 'capitán de navío' (ten tamén esta acepción) e, por iso, Manuel Rodrigues Lapa supuxo que os verbos en xogo no refrán farían referencia a como engordaba ou adelgazaba segundo a presenza do seu amante. É certo que hai cousas desta composición que se nos escapan, mais non parece unha interpretación que se poida manter.

#### *NOTAS*

**1.** Nos cancioneiros aparece *arrayz*, polo que mantemos a terminación en <z>, a diferenza da proposta de Lopes, que a mudaba a <s>, influída pola interpretación de 'capitán de navío'. Marcenaro modifica tamén o códice para que se adecúe máis ao último sentido, sobre que é un tecido: *arraz*. A forma *Arraz* si aparece dese xeito, como topónimo que lle deu nome aos tecidos, na *Cantiga de Santa María* CV (Mettmann, 1988: 20).

**3.** No manuscrito, *Desseynoo*. Sería unha redución no morfema de número e persoa -ou da P3 en -o debido ao contexto fonético. Tendo en conta isto, entendemos que é necesario acentualo diacriticamente.

**4.** No cancionero, *veno*. Por iso marcamos a nasalización, igual que Lapa e Marcenaro, mais a diferenza de Lopes e o Projeto Littera.

**5.** O que se le no manuscrito é *E enlinhoo*. Sobre o verbo, vid. v. 3.

A connexión copulativa aparece no manuscrito no refrán alterno nalgúns ocasions

---

<sup>77</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1593&tr=4&pv=sim>>

si (vv. 5, 8 e 10) e noutras non (vv. 3, 13, 15, 18 e 20). Por unha cuestión de maioría, para manter o cómputo silábico, optamos por retirala en todas as ocasións, por nos parecer que a súa inclusión no manuscrito podía deberse a doados erros de copia.

**7.** Lapa e Projeto Littera, *serviu-se del mui[to] ben*. Lopes e Marcenaro, *serviu-se del[e] mui ben*. Seguimos a proposta de González Martínez, na nosa liña de introducir as menos modificacións posíbeis no texto.

**9. e 19.** Ten unha marca de nasalidade nos cancioneiros, que mantemos, a diferenza de Lopes e o Projeto Littera.

**11.** Marcenaro, *non vos foi del*.

**20.** Déborah González Martínez que reconstrúe *enli[nho-o]*, cando non é necesario, pois aparece completo no cancioneiro. Dá pé a erro que, despois do termo, aparezca unha liña no manuscrito como se faltase algo.

## **Cantiga 70**

Rubrica: *Stevan Faian fez esta cantiga d'escarnh'e de maldizer. E diz assi:*

- Fernan Diaz, fazen-vos entender  
que casariades desta dona ben;  
e nós teemos que vos é mal sén,  
per quant'est'o que vos quero dizer:  
5      porque a dona é de terra tal,  
Don Fernando, que per ben nen per mal  
non poderedes i un hom'haver  
  
ant', e faredes i vosso prazer  
en quererdes con tal dona casar,  
10     Fernan Diaz? Ca é de [tal] logar  
que non podedes, per nen un poder,  
haver nulh'home; ca as gentes son  
de tal natura, se Deus mi perdon,  
que non querran i su vós guarecer.  
  
15     E, Don Fernando, per quant'aprendi,  
non poderedes esta dona haver,  
ca seus vassalos, com'ouço dizer,  
non queren hom'estrano sobre sí:  
ca dizen que sabedes lousinhar  
20     home deant'e sabedes buscar  
gran mal detras a muitos, com'oi.

Estevan Faian

*REPERTORIOS:* D'Heur 1580; Tavani 31,1.

*MANUSCRITOS:* B 1561

*EDICIONES PRECEDENTES:* Lapa 127 (1998: 96-97). Arias Freixedo (1993: 75-76). Lopes 100 (2002: 138). Projeto Littera<sup>78</sup>. Marcenaro (2013: 125-129).

#### *CONTIDO*

Aconséllase a Fernan Diaz que non case cunha determinada muller, pois non tería vasalos que o quixesen, xa que teñen del a imaxe de que lisonxea por diante e fala mal por detrás. O equívoco baséase no duplo sentido dos homes que non quererían estar ao seu servizo e, ademais, no xogo diante / detrás, no sentido de activo / pasivo. Cabería tamén comprender unha maliciosa alusión ao sexo oral nos vv. 19-20.

#### *NOTAS*

**7.** Non marcamos punto ao final da estrofa, como as outras edicións consultadas, porque existe un calembur procurado.

**8.** As edicións consultadas editan *Ante, i faredes*. Seguimos, porén, a proposta editorial do proxecto Glossa (Ferreiro, dir., 2014: s. v. *ante*).

**10.** Mantemos a interrogación con que editou Lapa. Lopes optou por unha exclamación.

**14.** Nas edicións consultadas, *pardon*. Corrixímolo, de acordo con Ferreiro (2016: 55).

**15.** O verso no cancionero é hipérmetro. Igual que Marcenaro, expunximos o verbo *sei* que ía após a conxunción copulativa (*E ssey dō*), pois tamén é xustificábel do punto de vista sintáctico, xa que o verso seguinte debería iniciarse con *que* por ser unha subordinada.

**16.** No códice lese claramente *poderedes*, mais iso suporía un verso hipérmetro, polo que o conxugamos en presente, igual que se ve no v. 11.

---

78 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1594&tr=4&pv=sim>>

### **Cantiga 71**

De Pero Bõo and'ora espantado  
de como era valent'e ligeiro  
e vivedoir'ẽ as[s]az, e arriçado;  
e disse-mi agora un cavaleiro,  
5 que o leixara eire, ao serão,  
seer ant'a sa porta guardid'e são  
e, ante luz, acharon-no peideiro.

E com'ẽ traedor aqueste mundo  
e mao a quen se del muito fia!  
10 Ca de Santiag'ata San Fagundo  
mais vivedoiro homen non havia.  
E dizen todos: "Quen o assi visse  
jazer peendo, como se dormisse,  
ja del mazela nunca perderia!"  
  
15 E este era o mais arriçado  
home de toda esta nossa terra,  
e viveu sempr'en exec'[e] en guerra;  
mais peeue ora e, a Deus loado,  
dizen os homens, e dizen dereito,  
20 que peeue ben, pois peeue en seu leito;  
pero non peeue ben maenfestado.  
  
El peeue quando cantavan os galos;  
e por sa molher, que i non chegava,

non o ousavan changer seus vassalos;  
25      mais ūu deles, o que el más amava,  
          e que sempr'ante muito ben fazia,  
          ja s'enton a el chegar non podia,  
          atan mal dizia que lhe cheirava.

Pero Garcia d'Ambroa

*REPERTORIOS:* D'Heur 1585; Tavani 126,3.

*MANUSCRITOS:* B 1575.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Lapa 332 (1998: 215-216). Alvar (1986: 65-69) [= LP 126,3]. Lopes 328 (2002: 393 e 583-584). Projeto Littera<sup>79</sup>.

#### *CONTIDO*

Pero Bõo parecía de moi boa saúde, mais morreu de súpeto e producindo grandes cheiros. Os posíbeis equívocos estarían no uso da forma *peideiro* e do verbo *peer*, como alusións ao sexo anal que aparecen más veces nos cancioneiros; aquí está reforzado pola súa unión co verbo *jazer* (v. 13) e polo feito de que fose no *leito* (v. 20). Ademais, é importante a referencia ao vasalo que más amaba e ao que sempre lle facía moito ben *ante* (v. 26). Xa sabemos que as preposicións de lugar son habituais usos equívocos para referir ás posicións na actividade sexual. Ademais, ese vasalo xa non se lle podía *chegar* (v. 27), un verbo de frecuente valor sexual.

Debe pórse en diálogo coa cantiga [30].

#### *NOTAS*

**3.** No cancioneiro lese *euiue doyre*. Seguimos a proposta de Manuel Ferreiro (2012b: 317) de comprender e *vivedoir'*é. Alvar editou *vivedoire*. Lapa, Lopes e o Projeto Littera, *vivedoiro*.

---

79 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1599&tr=4&pv=sim>>

**7.** Lapa edita *acharō-no*.

**9.** Alvar e Lopes manteñen o *maao* que aparece no cancioneiro. Seguimos a Lapa e simplificámolo, pois é unha xeminación antietimolóxica.

**11.** En B lese *mindoyro* con claridade. Alvar editou *ruidorio*; Lapa e Lopes, *vivedoiro*. Mantemos a forma que propoñen estes últimos, tendo en conta o dito para a mesma forma no verso 3.

**14.** Seguimos a edición de Lapa e Alvar; Lopes optou por *prenderia*.

### *Cantiga 72*

Abadessa, oi dizer  
que erades mui sabedor  
de tod'o ben, e, por amor  
de Deus, querede-vos doer  
5 de min, que hogano casei,  
que ben vos juro que non sei  
máis que ūu asno de foder.

Ca me fazen én sabedor  
de vós que havedes bon sén  
10 de foder e de tod'o ben;  
ensinade-me más, senhor,  
como foda, ca o non sei,  
nen padre nen madre non hei  
que m'ensin'e fic'i pastor.

15 E se eu ensinado vou  
de vós, senhor, deste mester  
de foder, e foder souber  
per vós, que me Deus aparou,  
cada que per foder, direi  
20 "Pater Noster" e enmentarei  
a alma de quen m'ensinou.

E per i podedes gaar,  
mia senhor, o reino de Deus:

per ensinar os pobres seus  
25      mais ca por outro jajúar;  
e per ensinar a molher  
coitada, que a vós veer,  
senhor, que non souber ambrar.

Afons'Eanes do Coton

*REPERTORIOS:* D'Heur 1589; Tavani 2,1.

*MANUSCRITOS:* B 1579 / V 1111.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 212-213). Lapa 37 [=LP 2,1]. Arias Freixedo (1993: 39-41). Gaspar (1995: 65-68). Lopes 57 (2002: 91). Projeto Littera<sup>80</sup>. Marcenaro (2015: 52-53).

#### *CONTIDO*

Un home que acaba de casar diríxese a unha abadesa para que lle ensine a ter relacións sexuais, pois se non el ficará virxe. Dille tamén á abadesa que se axudar as mulleres que non saben ter relacións gañará o Paraíso.

Hai varias insinuacións lésbicas na composición, aínda que ao servizo dunha fantasía heterosexual masculina. A abadesa —que non podemos esquecer que vive rodeada só de mulleres— sería especialista no sexo e podería transmitir ese coñecemento a outras de fóra do convento que lle pidan axuda. A imaxe explícita na terceira estrofa da monxa ensinándolle a outra conxénere como desfrutar do sexo non ten dúbida ningunha.

Os termos *mosteiro* e *abadesa* utilizáronse en varios puntos de Europa para designar respectivamente os 'bordeis' e as 'madamas', porén non hai datos contextuais que nos permitan asegurar que este sexa o caso.

---

<sup>80</sup> <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1603&tr=4&pv=sim>>

## *NOTAS*

**7.** Tanto en V como en B aparece o artigo sen crase e con marca de nasalidade. Os outros editores contemporáneos optaron por *un* xa que se trata dun monosílaba. Porén, decidímonos por manter o hiato vocálico gráfico, mesmo que a métrica indique claramente como neste caso unha pronuncia unisilábica, de acordo cos criterios consensuados a que nos acollemos.

**14.** Nos dous cancioneiros lese *e ffiqy*, polo que valoramos a posibilidade de editar *e fiquei*, que é a opción do proxecto Glossa (Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *ficar*). Aínda que esta posibilidade é paleograficamente más axeitada e tamén fai sentido, mantémonos co criterio das outras edicións consultadas, porque nos semella más adecuado contextualmente: é no presente cando se laia de que non teña quen lle ensine.

**16.** Braga, *desi, vós señor, d'este mester.*

**27.** Braga editou *cortada*.

### **Cantiga 73**

Mari'Mateu, ir-me quer'eu d'aquen,  
porque non poss'un cono baratar:  
alguen que mi o daria non o ten,  
e algun que o ten non mi o quer dar.

5      *Mari'Mateu, Mari'Mateu,  
tan desejosa m'es de cono com'eu!*

E foi Deus ja de conos avondar  
aqui outros, que o[s] non han mester,  
e ar feze-os muito desejar  
10     a min e ti, pero que m'es molher!

*Mari'Mateu, [Mari'Mateu,  
tan desejosa m'es de cono com'eu!]*

Afonso Eanes do Coton

*REPERTORIOS:* D'Heur 1593; Tavani 2,13.

*MANUSCRITOS:* B 1583 / V 1115.

*EDICIÓNES PRECEDENTES:* Braga (1878: 213). Lapa 41 (1998: 46). Arias Freixedo (1993: 85-86). Gaspar (1995: 77-78). Lopes 61 (2002: 94). Callón (2011: 15-20). Projeto Littera<sup>81</sup>. Ferreiro (2012: 545-561). Marcenaro (2015: 60-62 e 101).

*CONTIDO*

O suxeito poético dille a Mari'Mateu que se vai dese lugar porque non pode conseguir ningunha vaxina para se satisfacer e que ela gusta tanto das vaxinas como el mesmo. Nun

---

81 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1607&tr=4&pv=sim>>

panorama do mundo ao revés, dise que os homes que teñen vaxinas non llelas queren dar (alusión ás infidelidades) e que hai outros que as teñen mais non as usan (referencia á homosexualidade masculina).

#### NOTAS

**1.** Marcenaro retira a marca de elisión vocálica porque considera que ese nome sería un hipocorístico, "ancore oggi in vigore in galego". As terminacións hipocorísticas en *-i* átono final, como Mari, Loli, Ioli, Pepi, etc., introducíronse no galego por influencia do castelán nas últimas décadas e nun comezo eran pronunciadas cun *-e* de acordo co sistema fonético de Galiza, polo que non é unha solución válida.

**4.** O verso cuarto foi lido de tres xeitos diferentes pola crítica contemporánea: a literal dos manuscritos (*algun* en V e *algū* en B) e as reinterpretacións *alguen* (Braga, Lopes, Callón, Projeto Littera e Marcenaro) ou *algū[a]* (Lapa). Esta última proposta de corrección ten a súa lóxica nunha lectura literal do verso, xa que en principio o que se espera é que diga que quen ten xenitais femininos sexa unha muller. No entanto, a literalidade do texto que nos ofrecen os cancioneiros está a marcar as mulleres como posesión masculina que os varóns non queren partillar; refírese, pois, a todo o universo das infidelidades, sobre a cal tamén se debruzan os poetas en varias trobas.

Corriximos a edición que fixemos anteriormente desta composición neste verso cuarto (cfr. Callón, 2011: 19), pois desenvolvemos o *algun* de V e o *algū* de B como *alguén*, para posibilitar unha lectura ambigua do texto, tanto de homes como de mulleres; pretendía ser un camiño paralelo ao realizado por Manuel Rodrigues Lapa, aínda que diferente. Porén, a verdade é que esa non é unha interpretación que abran os manuscritos. Esa lectura de *alguém* tamén a fixera previamente Lopes e mantense, como *algu[é]m*, no Projeto Littera.

**6 e 12.** Seguimos a Manuel Ferreiro en editalo como un pronomé de interese, *me*, a diferenza do *che* que manteñen o resto das editoras e editores. É unha moi probábel confusión <ch>/<m>, detectada en diferentes pasaxes dos cancioneiros B e V. Marcenaro considera que editar *me* e non *che* supón eliminar o que sería un trazo exclusivo do galego fronte ao portugués, mais non nos parece que o uso do pronomé neste contexto sexa un argumento que se poida sustentar en termos gramaticais para a fala da Galiza.

Igual que fixemos en *Amigos e sodomitas* (Callón, 2011: 15-20), editamos o refrán pondo ao final un sinal de admiración, pois achamos que transmite mellor a sorpresa que quere expresar o trobador.

Por outra banda, a existencia ou non dun equívoco (*de cono com'eu / de cono comeu*) dependería da forma de interpretación da composición, sobre a que descoñecemos absolutamente todo.

**10.** Colocamos tamén o sinal de admiración, segundo o xa indicado para o segundo verso do refrán.

Mudamos tamén o *ches* dos cancioneiros por *m'es*, como indicamos na nota ao v. 6.

## *Cantiga 74*

Trag'agora Marinha Sabugal  
  ña velha que adusse de sa terra,  
  a que quer ben, e ela lhi quer mal;  
  e faz-lh'algo, pero que [muito] lh'erra;  
5   mais ora quer ir moiros guerrejar,  
  e quer consig[o] a velha levar  
  mais a velha non é doita da guerra.

Muito amado e p[...]

Afons'Eanes do Coton

*REPERTORIOS:* D'Heur 1601; Tavani 2,23.

*MANUSCRITOS:* B 1591 / V 1123.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 215). Lapa 49 [= LP 2,23]. Gaspar (1995: 99-100). Lopes 69 (2002: 102). Projeto Littera<sup>82</sup>. Marcenaro (2015: 76-77).

*CONTIDO*

Cantiga incompleta sobre Marinha Sabugal e unha *velha* (pode ser simple hipérbole sobre a idade ou uso figurado para unha alcaíota). Dise que non se separan a unha da outra e aparece léxico que ten un abudante uso equívoco para as relacóns sexuais, como *guerrejar* (v. 5) e *guerra* (v. 7) ou *fazer algo* (v. 4).

*NOTAS*

Lapa considera que esta sería a 2<sup>a</sup> estrofa da cantiga, á que lle faltarían pois a primeira e a

---

82 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1615&tr=4&pv=sim>>

terceira. No entanto, ten tamén as características de presentación dun tema propias dos exordios.

**1.** Braga edita *Tal é 'gora Marinha Sabugal*.

**4.** Seguimos a Lapa —do mesmo xeito que Lopes— á hora de refacer o verso.

O Projeto Littera parece que opta por unha escolha menos agresiva (*e faz-lh[e] algo, pero que lh[e] erra*) o problema é que lingüisticamente é pouco probábel que non elidisen as vogais dos pronomes átonos nesa posición.

**5.** As edicións consultadas optan por *guerreiar*, mais entendemos que se refire ao sufixo *-ejar* (vid. nota 1 de [65]).

En B aparece *moiros* e en V *mouros*.

**8.** O inicio deste verso só aparece en B, pegado ao resto da estrofa, e detrás del van cinco liñas en branco. Normalmente non se recolle nas edicións, mais Lapa en nota interpreta *muyto amado ep*; Gaspar, por *muito ei*. O Projeto Littera opta por *Muit'a mando[u] e p*, que nos parece moita reconstrución para tan pouca información de que se dispón.

A nosa lectura é coincidente coa de Marcenaro.

### **Cantiga 75**

Rubrica: *Estoutra cantiga fez Pero d'Ambrão a Pero d'Armea por estoutra de cima que fezera.*

Pero d'Armea, quando compostes  
o vosso cuu, que tan ben parescesse,  
e lhi revol e concela posestes,  
que donzela de parescer vencesse,  
5        e sobrancelhas lhi fostes põer;  
tod'est', amigo, soubestes perder  
polos narizes, que lhi non posestes.

E, Don Pedro, põede-lh'os narizes,  
ca vos conselh'eu o melhor que poss[o];  
10      e mat[a]rei ū par de perdizes,  
que atan bel cuu com'é esse vosso,  
ainda que o home queira buscar,  
que o non possan en toda a terra achar  
de San Fagundo ata San Felizes.

15      E, Don Pedro, os beiços lh'er põede  
a esse cu, que é tan ben barvado,  
e o granhon ben feito lhi fazede  
e faredes o cuu ben arrufado;  
e punhade logo de o encobrir,  
20      ca, se vejo Don Fernand'Escalho vi[i]r,  
sodes solteiro, e seredes casado.

Pero Garcia d'Ambroa

*REPERTORIOS:* D'Heur 1613; Tavani 126,11.

*MANUSCRITOS:* B 1603 / V 1135.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 217). Lapa 340 (1998: 220). Alvar (1986: 90-94) [= LP 126,11]. Lopes 336 (2002: 401). Arias Freixedo (2003: 262-264). Projeto Littera<sup>83</sup>.

Rubrica: Lagares (2000: 173).

#### *CONTIDO*

A cantiga elaborouse como resposta a outra (B 1602 / V 1134, "Donzela, quen quer entenderia") en que Pero d'Armea dicía que, se preparar o seu propio traseiro como unha dama prepara a súa cara, o seu traseiro sería más bonito. Nesta composición, Garcia d'Ambroa retrúcalle que entre tantos enfeites esqueceu pór un nariz (enténdase, co cal ser penetrado) e que teña moito coidado, pois se o ve Fernand'Escalho (satirizado en varias composicións por ser homosexual), quererá emparellarse con el.

#### *NOTAS*

**8.** Braga, *poned'olhos grizes*.

**9.** Braga, *ca vos conselh'eu o revinquieroso*.

**10.** Nos cancioneiros lese *metrey* (B) e *matrey* (V).

**11.** En B, *bei cuu come esse* [...]; en V, *bea cuu come ẽ he uosso*. Braga, que edita a partir de V, le: *quem a tam bom cuu com'o que he vosso*. Todas as outras edicións cotexadas optaron polo adjetivo *bel*. Así mesmo, todas optan por *com'esse*, excepto Alvar, cuxa solución adoptamos.

**12.** Braga, *que irá buscar*.

**16.** Alvar mantén *ẽ fo*, que é a lección de B. Seguimos o resto das edicións cotexadas en

---

83 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1627&tr=4&pv=sim>>

optar polo testemuño de V: *q̄ he*.

**19.** A edición de Braga é incomprendíbel: *e per hu pode log'ade-o encobrir*.

**20.** En B pon *uelo* e en V *ueio*. Alvar editou *ve-lo*, que nos parece que non concorda contextualmente, entre outras cousas porque sería o único verso da composición en que atuaría. O resto das edicións consultadas optan por *vejo*, que é tamén o que nós mantemos.

En Lapa e en Lopes prodúcese a expunción de *Don*, presente en ambos os cancioneiros.

Braga, en troca de *viir*, edita *riir*, que non fai sentido. Concordamos con el en que áinda non se producira a crase, a pesar de que así figure graficamente nos manuscritos. No resto das cantigas en que se usa este verbo, cando non figura *viir* ou *vīr* é necesaria a restitución da vogal que falta por razóns silábicas, como é este caso (cfr. Ferreiro, dir., 2014-: s. v. *viir* ~ *vīr*).

### *Cantiga 76*

A vós, dona abadessa,  
de min, Don Fernand' Esquio,  
estas doas vos envio,  
porque sei que sodes essa  
5       dona que as merecedes:  
          quatro caralhos franceses,  
          e dous aa prioressa.

Pois sodes amiga minha,  
non quer'a custa catar,  
10      quero-vos ja esto dar,  
          ca non tenho al tan aginha:  
          quatro caralhos de mesa,  
          que me deu ũa burguesa,  
          dous e dous ena bainha.

15      Mui ben vos semelharán,  
          ca sequer levan cordões  
          de senhos pares de colhões;  
          agora vo-los daran:  
          quatro caralhos asnaes  
20      enmangados en coraes,  
          con que calhedes orans.

Fernand'Esquio

*REPERTORIOS*: D'Heur 1615; Tavani 38,3.

*MANUSCRITOS*: B 1604<sup>bis</sup> / V 1136.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 217-218). Álvarez Blázquez (1975: 103). Paxeco / Machado (1949-1963, VI: 311). Lapa 148 (1998: 108). Toriello (1976: 122-129) [= LP 38,3]. Arias Freixedo (1993: 42-43). Lopes 456 (2002: 526 e 599). Arias Freixedo (2003: 406-408). Projeto Littera<sup>84</sup>.

#### *CONTIDO*

Fernando Esquio diríxese a unha abadesa para lle enviar uns galanos, porque sabe que é merecente deles: catro consoladores de moi boa cualidade, que lle deu unha burguesa. Tamén envía outros dous á priora.

A lectura lésbica baséase en primeiro lugar no verso 16, nas ataduras que levaban, enténdese que para poderen usalos con outras persoas. O número de artefactos (catro e dous) pode indicar tamén un uso colectivo no convento. Por último, pode haber algúna alusión indirecta na burguesa do v. 13.

Hai exemplos europeos do uso do termo *abadesa* para se referir á madama dun bordel, como veremos no capítulo 8, mais pensamos que non hai elementos que nos leven a estendelo a esta composición.

#### *NOTAS*

**9.** Braga edita *non quer'a cust'acatar*.

**10.** Nos cancioneiros, *qreu9 ia*. Seguimos a lectura de Toriello, *quer'e[u] vus ja esto dar*, que vai na mesma liña da proposta por Paxeco / Machado: *quer eu [u]os ia esto dar*. As outras editoras e editores len *quiero-vos ja esto dar*.

**20.** Nos cancioneiros, *enmanguados*, que interpretamos como unha latinización gráfica. Mangado é un termo que co significado, 'que se colle polo mango', está dicionarizado en Galiza (Santamarina, dir., 2006-2013: s. v. *mangado*; vid. tamén Corominas / Pascual, 1984: s. v. *manga*) e que en Portugal se considera unha forma dialectal da área do Minho (Priberam, 2008-2013: s. v. *mangar*).

---

84 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1629&tr=4&pv=sim>>

**21.** Pasaxe de moi difícil lectura. En B, *cō q̄ calhedes oraans*; en V, *cō q̄ delheddo eumo*. Paxeco / Machado interpretaron *con que talhedes o paam*. Seguíndoo en parte, Lapa optou por *con que colhades o pan*. Tentando ser más fiel aos manuscritos porén nunha solución escura áinda que con alusións ao latín conventual, Toriello optou por *con que caledes orans* (na liña de 'paredes coas vosas oracións'), áinda que afirma que esa solución non exclúe outras saídas igualmente "sostenibili", como *colhades o vāo, colhades o pau, tolhades em mão e tolhades afam*. Álvarez Blázquez decantouse por unha opción nada equívoca sobre a satisfacción, emparentada coa última proposta citada: *con que [a]caledes o afán*. Lopes, *com que calhedes a mam*, que é tamén a que se mantén no Projeto Littera. Braga editou *com guedelha d'ūa mam*, que non sabemos se sería no sentido contextual dunha referencia ás ataduras citadas no v. 16.

Arias Freixedo, tanto en 1993 como en 2003, propón *talhedes o pan*. Ante a coñecida confusión <c>/<t> dos cancioneiros, parécenos convincente a opción de *talhedes* e, unha vez seleccionado este verbo, por razóns contextuais, tamén parece lóxico optar por *o pan*.

No entanto, a lectura de *oraans* en B parece unha referencia ben nítida ao termo *orans*, moi utilizado no latín medieval para designar a persoa que está en posición de pregaria, coas mans abertas e normalmente en pé. É unha posición gloriosa, que neste contexto pode significar por tanto a chegada ao orgasmo.

O verbo *calhar* non o achamos nin no noso trobadorismo (Ferreiro, dir., 2014-, s. v. *calhar*) nin noutrous documentos medievais (Varela, dir., 2004-, s. v. *callar, calhar*), mais é un vocábulo que existe en galego-portugués co significado de 'coagular, unir as partes dun líquido', que tamén en ocasións se pode utilizar cos significados de 'conseguir un propósito, un obxectivo', 'entrar en actividade', 'acontecer' ou 'ficar bo' (Santamarina, dir., 2006-2013: s. v. *callar*; Priberam, 2008-2013: s. v. *calhar*). Por tanto, a lectura sería 'co cal cheguedes ao voso propósito de estar na gloria'. Parécenos unha posibilidade máis achegada á literalidade de B (a V semella imposíbel aproximarse), mais que só formulamos como hipótese. Entre os aspectos negativos para a súa presentación é que a literalidade do manuscrito significa adoptar o único caso de rima imperfecta na cantiga.

## *Cantiga 77*

Vós que [por] Pero Tinhoso preguntades, se queredes  
dele saber novas certas per min, poilas non sabedes,  
achar-lh'-edes tres sinaes per que o conhosceredes;  
*mais esto que vos eu digo non vo-lo sábia nengū:*

5       *aquel é P[er]o Tinhoso que traz o toutuço nuu  
e traz o cancer no pisso e o alvaraz no cuu.*

Ja me por P[er]o Tinhoso preguntastes noutro dia  
que vos dissess'eu del novas, e enton non as sabia,  
mais per estes tres sinaes quen-quer o conhosceria;

10      *mais [esto que vos eu digo non vo-lo sábia nengū:  
aquel é Pero Tinhoso que traz o toutuço nuu  
e traz o cancer no pisso e o alvaraz no cuu].*

Vós, que por Per[o] Tinhoso mi [or]a iades preguntando  
que vos dissess'eu del novas, novas vos quer'ir contando:

15      *achar-lh'-edes tres sinaes, se lhos ben fordes catando;  
mais esto que vos eu digo non vo-lo sábia nengū:  
aquel é Pero Tinhoso que traz o toutuço nuu  
e [traz o cancer no pisso e o alvaraz no cuu].*

Pero Viviaeza

*REPERTORIOS:* D'Heur 1630; Tavani 136,8.

*MANUSCRITOS:* B 1618 / V 1151.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 220). Lapa 404 (1998: 256). Beltrami (1978-1979: 118-

121) [= LP 136,8]. Lopes 373 (2002: 437). Projeto Littera<sup>85</sup>.

#### *CONTIDO*

O suxeito poético diríxese a aqueles que preguntan por Pero Tinhoso. Poderán recoñecelo por tres sinais relativos ás súas doenzas: ten calva a caluga e ten tumores no pene e no ano.

#### *NOTAS*

Braga e Beltrami realizaron edicións en versos curtos, á semellanza da disposición dos cancioneiros. Porén, Lapa optou por versos de quince sílabas, que acaen mellor, sen por iso deixar de existir neles unha cesura significativa na séptima sílaba.

**5 e 17.** Nos dous casos, nos cancioneiros lese *otoutuco* (B) e *otrotuco* (V). Braga, Lapa, Lopes e Projeto Littera optaron por *toutiço*.

**6, 12 e 18.** Braga editou a segunda parte do verso como se existise unha referencia animal: *Pero Alvar asno ou muu*. Porén, é algo que non se sostén nos cancioneiros.

**14.** Braga editou a segunda parte do verso como *novas as quer enmentando*; Beltrami, *nen vus as quer'eu ir dando*; Lapa, *ir-vo-las quer'eu escançando*; Lopes e o Projeto Littera, *novas vos quer'ir contando*. A lección final do verso en B é confusa, mais entendemos *Nou9 as ñreu cütando* (Lapa comprendía *cittando*); en V, *nou9 asq'reu ãtando*.

A interpretación de Beltrami non é contextualmente acaída, xa que en toda a composición o suxeito poético está a ofrecer esas noticias sobre o satirizado, e continúa nos versos restantes. A proposta de Lapa supón unha modificación importante no códice. Por iso, optamos pola lectura de Lopes e o Projeto Littera, aínda que assumindo que se trata dunha proposta conjectural.

**15.** Lapa, *se lhe ben*; todas as outras edicións, *se lhos ben*. Lese *lhes* nos dous cancioneiros.

---

85 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1644&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 78***

Eu digo mal, com'home fadimalho,  
quanto mais posso daquestes fodidos  
e trob'a eles e a seus maridos;  
e un deles mi pôs mui grand'espanto:  
5 topou comig'e sobraçou o manto  
e quis en mí achantar o caralho.

Ando-lhes fazendo cobras e sões  
quanto mais poss', e and'escar necendo  
daquestes putos que s'andan fodendo;  
10 e un deles de noit[e] as[s]eitou-me  
e quis-me dar do caralh'[e] errou-me  
e [er] lançou, depos min, os colhões.

Pero da Ponte

*REPERTORIOS:* D'Heur 1638; Tavani 120,16.

*MANUSCRITOS:* B 1626 / V 1160.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 222). Paxeco / Machado (1949-1964, VI: 346). Panunzio (1992: 129-131). Lapa 342 (1998: 221) [= LP 120,16]. Juárez Blanquer (1988: 248-251). Lopes 294 (2002: 359 e 581). Callón (2011: 89-96). Projeto Littera<sup>86</sup>.

*CONTIDO*

O suxeito poético xáctase de compor trobas contra os homes que teñen relacións entre si e conta que un deses o quixo penetrar unha noite.

---

86 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1652&tr=4&pv=sim>>

## *NOTAS*

**1.** Nos cancioneiros lese *fadimalho*, con <a>, que foi a forma que mantiveron Paxeco / Machado, Braga, Panunzio e Juárez Blanquer, así como a que seguimos na edición anterior do texto. A hipótese de que sería un composto a partir de *foder* fixo que Lapa modificase a *fadimalho*, proposta en que o seguiron Lopes e o Projeto Littera. Téñense dado diversas hipóteses sobre a orixe do termo, mais non existe unha solución definitiva. En calquera caso, débese notar tamén as alteracións *fader* / *foder* nos cancioneiros, como en B 493 / V 76.

O termo próximo *fadimalhas* aparece na cantiga V 1040, de Don Pedro, Conde de Barcelos, escrito tamén claramente con <a> nese testemuño.

No capítulo 16 explicamos que o seu significado é 'que ten sexo reprodutivo', mais non puidemos determinar a súa etimoloxía, sobre a cal existen diferentes propostas (Lapa, 1998: 221; Panunzio, 1992: 130; Montero Cartelle, 2005: 213; Corominas / Pascual, 1984: s. v. *majo*).

Mantemos a forma en <a> porque é a única que se documenta nos códices e porque se podería explicar unha mudanza tanto en termos fonéticos como eufemísticos:

Quizá la iniciativa partió de la combinación paralela, empleada entonces en Castilla, *fadeduro* (...) o sea *fode-duro*, con *duro* adverbial, 'duramente, reciamente'. Una disimilación provocaba aquí el paso de *fode-*, ante la labial tónica, a *fade-*; y el eufemismo aprovechó este accidente para disimular el compuesto de *foder*, disfrazándolo de compuesto de *FATUM* (apoyándolo en *malhadado*, *fadamaliento* 'desgraciado' Berceo [...]). (Corominas / Pascual, 1984, s. v. *majo*)

**10.** Na edición de 2011 sostiven a hipótese de que fose *azeitar*, no sentido de 'lubrificar con aceite'. Hai máis casos dos nosos cancioneiros onde se producen esas confusións, como p. ex. *escasseza*, grafado *escacesa* en B e *escazesza* en V no v. 9 de [47]. Porén, trataríase do único caso en que se documentaría nos nosos cancioneiros e que suporía un exceso descriptivo para un asalto.

Tanto en B como en V aparece con un só <s>, mais seguimos a Lapa na súa restauración, de acordo coa súa aparición noutra cantiga (Ferreiro, dir., 2014-, s. v. *asseitar*) e tamén a que é un termo que existe áinda en galego-portugués, co étimo ASSECTARI (Santamarina, dir., 2006-2013: s. v. *aseitar*; Corominas / Pascual, 1984: s. v. *acechar*).

Braga editara *affitou-me*.

**12.** O verso é hipómetro. Mantemos a opción de reconstrución que propuxo Lapa. A solución *os [seus] colhões*, de Panunzio, seméllanos unha intervención excesiva na cantiga.

Outras propostas de edición deste verso foron: *e lançou, depos nuu, os colhoes*, de Lapa e Juarez Blanquer. Paleograficamente é posíbel, mais fai menos sentido.

### *Cantiga 79\**

Noutro dia, en Carrion  
queria un salmon vender,  
e chegou i un infançon,  
e, tanto que o foi veer,  
5 creceu-lhi del tal coraçon  
que diss'a un seu hom'enton:  
"Peixota quer'hoj'eu comer.

Ca muit'ha ja que non comi  
salmon, que sempre desejei;  
10 mais, pois que o ach'ora aqui,  
ja custa non recearei,  
que hoj'eu non cômia, de pran,  
ben da peixota e do pan,  
que muit'ha que ben non ceei.

15 Mais, pois aqui salmon achei,  
querrei hoj'eu mui ben cëar,  
ca non sei u mi o acharei,  
des que me for deste logar;  
e do salmon que ora vi,  
20 ante que x'o leven dali,  
vai-m'ña peixota comprar.

Non quer'eu custa recear,  
pois salmon fresco acho, Sinher!

Mais quero ir ben del assūar  
25 por enviar a mia molher,  
que morre por el outrossi,  
da balēa que vej'aqui,  
e depois quite quen poder!"

Pero da Ponte

*REPERTORIOS:* D'Heur 1644; Tavani 120,29.

*MANUSCRITOS:* B 1632 / V 1166.

*EDICIÓNIS PRECEDENTES:* Braga (1878: 223). Michaëlis de Vasconcelos (2004: 150). Panunzio (1992: 143-145). Lapa 348 (1998: 224-225) [=LP 120,29]. Juárez Blanquer (1988: 266-269). Martínez Pereiro (1996: 163-167). Lopes 300 (2002: 365 e 581). Projeto Littera<sup>87</sup>.

#### *CONTIDO*

Alguén que vendía peixe conta que un infanzón quixo comprarlle un salmón a calquera prezo, para el e a súa muller, mais que xa se vería quen o pagaba.

Ademais de se criticar a pobreza ou avareza do infanzón, hai un probábel xogo equívoco de carácter erótico: *peixota / pixota*, segundo o cal ese infanzón estaría a buscar un prostituto; véxase tamén o probábel calembur dos versos 25-26: tanto el como a muller o quererían; o verbo *quitar* do final tanto pode significar 'pagar' como 'separarse nunha relación amorosa'. É, no entanto, unha cantiga de difícil comprensión.

#### *NOTAS*

**2.** Tanto en B como en V figura *queria*. Todas as edicións consultadas reconstrúen unha hipotética nasal para o póren en plural, mais na verdade a cantiga ten sentido igualmente, como unha narración posta en boca do peixeiro.

**7.** Braga e Michaëlis, *peix'ora / peix ora*, que é a lectura de V.

---

87 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1658&tr=4&pv=sim>>

**14.** Michaëlis e Panunzio marcan nasalización en *ceei*, mais esta non aparece nos manuscritos, a diferenza do *cēar* do v. 16, que si figura en B. Juárez Blanquer edita *ceney* porque considera que hai unha confusión <h>/<n> nos manuscritos: *cehey*.

**23.** Braga e Michaëlis editaron *siquer* no final do verso.

**24.** Braga interpretou *assimar* para o verbo final dese verso.

**26.** Normalmente editase este verso entre parénteses (Lapa, Lopes, Projeto Littera), mais non vemos necesidade de o facer así, como tampouco o fixo Juárez Blanquer.

### *Cantiga 80\**

Sueir'Eanes, este trobador  
foi por jantar a cas d'un infançon  
e jantou mal; mais el vingou-s'enton,  
que ar hajan os outros del pavor,  
5 e non quis el a vendita tardar:  
e, tanto que se partiu do jantar,  
trobou-lhi mal, nunca vistes peior.

E no mundo non sei eu trobador  
de que s'home más devess'a temer  
10 de x'el mui maas tres cobras fazer,  
ou quatro, a quen lhi maa barva for;  
ca, des que vo-lh'el cae na razon,  
maas tres cobras, ou quat'r'e o son,  
de as fazer muit'é el sabedor.

15 E por esto non sei no mundo tal  
home que lh'a el devess'a dizer  
de non, por lhi dar mui ben seu haver;  
ca Sueir'Eanes nunca lhi fal  
razon, de quen el despagado vai,  
20 en que lhi troba tan mal e tan lai,  
per que o outro sempre lhi quer mal.

Pero da Ponte

*REPERTORIOS*: D'Heur 1648; Tavani 120,48.

*MANUSCRITOS*: B 1636 / V 1170.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 224). Michaëlis de Vasconcelos (2004: 152-153). Panunzio (1992: 153-155). Lapa 352 (1998: 226-227) [= LP 120,48]. Juárez Blanquer (1988: 283-286). Lopes 304 (2002: 369). Projeto Littera<sup>88</sup>.

#### *CONTIDO*

Sátira contra Sueiro Eanes, a quen xa vimos na cantiga [1]. Céntrase na súa falta de pericia como trobador, mais tamén hai equívocos que regresan sobre o tema das súas relacións con outros homes, en especial os calembures dos versos 8-10 e 15-17, así como o duplo sentido posíbel do derradeiro verso.

#### *NOTAS*

**6.** Panunzio reconstrúe *e[n]tanto*, que non nos parece preciso.

**9.** Nos cancioneiros, *deuassetemer*. Lapa edita como *devess'a temer*. Unha opción sería considerar ese <a> como unha gralla, mais a comparación co v. 16 lévanos a adoptar a mesma solución que o grande editor portugués.

**12.** Braga editou *des que non lh'el cae*.

**16.** Do mesmo xeito que Juárez Blanquer, privilexiámos a lección ofrecida por V e por iso introducimos o pronomo *lhe* que deixan fóra a maioría das edicións.

**18.** As outras edicións editan *c'a*, excepto o Projeto Littera que opta por mudar os cancioneiros e propón *e a*. Pola nosa banda, seméllanos que é válida a convención *ca* con valor causal.

**19.** Nos dous cancioneiros lese *desquẽ*, cun <s> que podería ser un erro de copia, como interpretaron Lapa, Lopes e o Projeto Littera, a quen seguimos.

Panunzio e Juárez Blanquer optaron por manter a lección do códice, con *des qu'en*.

---

88 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1662&tr=4&pv=sim>>

### ***Cantiga 81***

Don Bernaldo, pois tragedes  
convosc'ña tal molher,  
a peior que vós sabedes,  
se o alguazil souber,  
5      açoutar-vo-la querra,  
e a puta queixar-s'-a,  
e vós assanhar-vos-edes.

Mais vós, que tod'entendedes  
quant'entende bon segrel,

10     pera que demo queredes  
puta que non ha mester?  
Ca vedes que vos fara:  
en logar vos meterá  
u vergonha prenderedes.

15     Mais que conselho faredes,  
se alguen a'l-Rei disser  
ca molher vosco teedes  
e a justiçar quiser?  
Senon Deus non lhi valra;  
20     e vós, a quen pesará,  
valer non lhi poderedes.

E vós mentes non metedes,  
se ela filho fezer,

andando, como veedes,  
25      con algūu peon qualquer,  
          aquei temp'havemos ja,  
          alguen vos sospeitará  
          que no filho part'havedes!

### Pero da Ponte

*REPERTORIOS:* D'Heur 1653; Tavani 120,8.

*MANUSCRITOS:* B 1641 / V 1175.

*EDICÍONS PRECEDENTES:* Braga (1878: 225). Panunzio (1992: 167-169). Lapa 357 (1998: 229-230) [= LP 120,8]. Juárez Blanquer (1988: 279-282). Lopes 309 (2002: 374 e 582). Projeto Littera<sup>89</sup>.

### *CONTIDO*

Advírteselle a Don Bernaldo que leva unha prostituta consigo e iso podería suporlle problemas coa xustiza e tamén de que alguén poida chegar a pensar que, se ela fica grávida, o fillo é del, o cal o suxeito poético nos deixa claro que nunca podería ser o caso de Don Bernaldo.

Ademais das indicacións de que el non necesita compaña feminina, cabería aínda a posibilidade de interpretar a composición como un equívoco onde sexa o propio segrel o que sexa considerado esa muller que leva.

Confróntese coa cantiga [51].

### *NOTAS*

**17.** Panunzio propuxo *ca[ll]*. Seguiuno Juárez Blanquer.

**26.** En B lemos *Aql tenpairem9 ia* e en V *aql tempauemos ia*. Non lle encontramos sentido

---

89 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1667&tr=4&pv=sim>>

contextual á primeira opción: *aquel temp'a iremos ja*, polo que nos decantamos por V. Mantémonos, así, coa edición Braga, Panunzio e Juárez Blanquer.

Lapa interpretou à *qual tempo vemos já*. Lopes e o Projeto Littera propoñen *a qual temp'havemos já?*, que seguiría o verso 22.

### **Cantiga 82**

Mentre m'agora d'al non digo [nada]  
dun meu amigo vos quero dizer:  
amor sen prol é palavra doada;  
de tal amor non hei eu que fazer,  
5      nen outrossi hei eu por que temer  
o desamor, que non mi ha nuzir nada.

Non me tem'eu ja de grand'espadada  
que del prenda, nos dias que viver,  
nen s'ar tem'el de nulha ren doada  
10     que eu del lev', a todo seu poder;  
nen m'ar tenh'eu de nunca del prender  
jamais bon don nen boa espadada.

E quen viu terra tan mal empregada,  
nen a cuida nunca mais a veer?  
15     Que non merece carta de soldada,  
e dá-lhe o Demo terra e poder;  
e muitas terras pod'home saber,  
mais nunca terra tan mal empregada.

E o que non val, e podia valer,  
20     este merece so terra jazer,  
mais non terrá ũa polegada.

Pero da Ponte

*REPERTORIOS*: D'Heur 1656; Tavani 120,25.

*MANUSCRITOS*: B 1644 / V 1178.

*EDICIONES PRECEDENTES*: Braga (1878: 226). Panunzio (1992: 175-77). Lapa 360 (1998: 231-232) [= LP 120,25]. Juárez Blanquer (1988: 275-278). Lopes 312 (2002: 377 e 582). Projeto Littera<sup>90</sup>.

#### *CONTIDO*

Canto á afectividade intensa entre homes, para o cal se utilizan os significantes *amor / desamor*, aínda que non teñan en absoluto implicacións de atracción física.

Esta cantiga é testemuño da diferenza profunda que existe na expresión dos afectos, que rompe absolutamente coas posibilidades esquemáticas homo / hetero da Idade Contemporánea.

#### *NOTAS*

**1.** A restitución [*nada*], realizada por todas as editoras e editores, é fácil visto que utiliza a palabra-rima no primeiro e derradeiro verso das outras dúas estrofas.

**11.** Braga, Panunzio e Juárez Blanquer manteñen a lectura dos códices: *tenh'eu*. Lapa, Lopes e o Projeto Littera, *tem'eu*.

**21.** Verso de comprensión e edición difícil. Lapa, Juárez Blanquer Lopes e o Projeto Littera solucionárono coa mesma comprensión contextual, de que a terra que tería por riba non sería pouca, senón que estaría nunha cova profunda: *mais non [so] terra [d]ña polegada* (Juárez Blanquer: *mays non [so] terra huna polegada*). Panunzio propuxo *mays non tirará húa polegada*, que querería dicir 'non lle fará unha afronta a ninguén porque é vil'.

A proposta que nos parece más acaída é a que realizou Braga: *mays non terrá huā polegada*. Ou sexa, que non será verdadeiramente posuidor nin da más pequena medida desas terras, nin tan sequera cando estea xa morto e debaixo delas.

---

90 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1670&tr=4&pv=sim>>

### **Cantiga 83**

De Fernan Diaz, est[e] asturão,  
oi dizer novas, de que mi praz:  
que é home que muito por Deus faz  
e se quer ora meter ermitão;  
5 e fara bon feito, se o fezer;  
de más, nunca lh'home soube molher,  
des que naceu, tant'é de bon cristão.

Este ten o Parais[o] en mão,  
que sempr'amou, con sén cristão, paz,  
10 nen nunc'amou molher nen seu solaz,  
nen desamou fidalgo nen vilão;  
e más vos [én] direi, se vos prouguer:  
nunca molher amou, nen quis nen quer,  
pero cata, falagueir'e loução.

15 E [a]tan bõo dia foi [el] nado  
que tan ben soub'o pecad'enganar,  
que nunca por molher ren quis[o] dar,  
e pero mete-s'el por namorado;  
e os que o non conhocemos ben  
20 cuidamos d'el que folia manten,  
mais el d'haver molher non é pensado.

Que [se] hoj[e] el foss'empardẽado,  
non se saberia melhor guardar

de nunca ja con molher albergar,  
25 por non se riir d'el[e] o pecado,  
ca nunca deu por molher nulha ren;  
e pero vedes: se o vir algun,  
terrá que morre por seer casado.

E, pois s'en tal castidade manten,  
30 quand'el morrer, direi-vos ūa ren:  
*Beati Oculi* será chamado.

Pero da Ponte

*REPERTORIOS:* D'Heur 1661; Tavani 120,6.

*MANUSCRITOS:* B 1649 / V 1183.

*EDICIONES PRECEDENTES:* Braga (1878: 227). Panunzio (1992: 189-191). Lapa 365 (1998: 234-235). Juárez Blanquer (1988: 252-256). Arias Freixedo (1993: 77- 80). Lopes 317 (2002: 382 e 582). Projeto Littera<sup>91</sup>.

*CONTIDO*

Fernan Diaz, coñecido como asturiano polas súas ambicións tamén sobre ese territorio, ten sona de que é moi bo cristián e de que vai chegar ao paraíso, pois mantense estritamente casto coas mulleres, até o punto de que, se morrer, será chamado *Beati Oculi*. O latinismo xoga de novo co sentido romance de *olho*, en referencia ao ano (ou, se callar, ao pene), pois é evidente que a súa hiperbólica castidade é só con mulleres. Pola contra, nunca desama "fidalgo nen vilão" (v. 11) e repara no home que sexa "falagueir'e louçao" (v. 11), expresións ambiguas ambas con que se consegue o efecto cómico.

Repárese tamén que, a pesar desa fama que se lle atribúe, el di que está namorado. Hai aí un indicio de que a crítica que se realiza contra o personaxe é para deslexitimar as

91 <<http://cantigas.fcsh.unl.pt/cantiga.asp?cdcant=1675&tr=4&pv=sim>>

súas pretensíóns de casamento.

Débese ter en conta o habitual uso de metáforas habitacionais con sentido sexual no trovadorismo galego (Arias Freixedo, 2014), á hora de interpretar *albergar* (v. 24) e *empardēado* (v. 22).

#### Notas

**1.** O final do verso é, segundo B, *es taturao*; segundo V, *e stasturão*. Braga e Lapa colocaron como hipótese que se trataría dun segundo alcume, *Estaturão*, que non está recollido en ningún outro lugar dos cancioneiros nin noutra documentación medieval que coñezamos. Ten como elemento positivo que se basea na lectura literal de B.

No entanto, nós concordamos con Xulio Viejo Fernández (1998: 60-61) en que pode facer referencia ao xentilicio *asturão*, aínda que non necesariamente aplicado a Fernan Diaz pola súa orixe, como consideraba este investigador, pois os dominios que se lle aplican nas cantigas de forma irónica son moito maiores ca ese (cfr. [53] e [54]):

[L]'alcuñu, na nuesa opinión, puede que nun sía otro qu'una alteración de los copistes por *Esturão*, esto ye, *asturianu*. Puede encontarse esta conxetura na peculiar tresmisión de los cancioneros, qu'alter frecuentemente les grafías nes copies (nesti casu insertando una sílaba), segundo, na métrica y, terceiro, na alusión que se fai n'otra cantiga (CBN 1480, CV 1091, d'Airas Pérez Vitoron) a la so supuesta condición d'adelantráu real de *San Fagundo* (Sahagún de Campos) y, particularmente, *d'Esturas d'Ovedo*. (Viejo Fernández, 1998: 60-61)

Tendo en conta as ambicións territoriais que se lle critican nas cantigas [53] e [54], que inclúen tamén Asturias, entendemos que este comezo da cantiga ten unha finalidade burlesca, na cal se unen de novo na mesma invectiva as pretensíóns políticas cun transfondo matrimonial, que se descualifica a través dos gustos sexuais que se lle apoñen.

Para corrixir o hiposilabismo do verso, Lapa reconstruíu un *[Don]* diante de *Fernan Diaz* que sería plausíbel, mais que se encontra co inconveniente de que non hai ningunha outra composición dos cancioneiros onde *Fernan Diaz* sexa antecedido do tratamiento. Nas cantigas [31], [53] e [70] chámase alternativamente nunha estrofa *Fernan Diaz* e na outra *Don Fernando*. Na nosa proposta, abondaría con reconstruír *est[e]*. Reparamos, porén, no problema que supón que non haxa elisión vocálica neste contexto.

Cabería outra hipótese de lectura diferente, que sería *[a] est'asturão*, no sentido de que foi a un asturiano a quen se lle ouviu dicir esas novas. Somos plenamente conscientes de que é unha hipótese feble, xa que o habitual nas cantigas é que indique só como un indeterminado "home" ao transmisor das informacións que se van poetizar.

**17.** Do mesmo xeito que Juárez Blanquer, adoptamos unha das posibilidades de reconstrucción silábica do verso que propuxo Panunzio en nota de rodapé, pois é unha forma verbal presente tamén nos cancioneiros. As outras propostas realizadas polas diferentes editoras ou editores modifigan máis substancialmente os testemuños. Por exemplo, Lapa propón *molher[es]*, un plural que altera o sentido máis do que semella,

tanto se o trasunto é pola pelexa do satirizado para contraer matrimonio como polo feito de que os gustos sexuais son identificados aquí sempre en singular: *mulher / home, fidalgo, vilão, falagueiro, louçao* etc.

**22.** Adoptamos a proposta de reconstrución de Panunzio, xa que a de Lapa e Lopes supón modificar a forma do pronomo, *el[e]*, que implica unha intervención maior na lingua dos códices. Juárez Blanquer optou por *Que ss[e] oj'el foss[e] empardiado*.

**29.** Lapa e Lopes privilexiaron a lectura de B *poys en*, fronte á de V, *poys el*, aínda que esta última nos semella más contextual e lingüisticamente más admisíbel (coa lectura de B, daríase un caso único nos cancioneiros de elisión vocálica do condicional; vid. Ferreiro, 2013).

### *Cantiga 84*

Quen a sa filha quiser dar  
mester, con que sábia guarir,  
a Maria Doming'ha d'ir,  
que a saberá ben mostrar;  
5 e direi-vos que lhi fara:  
ante d'uu mes lh'amostrará  
como sábia mui ben ambrar.

Ca me lhi vej'eu ensinar  
úa sa filha e nodrir;  
10 e quen sas manhas ben coucir  
aquesto pode ben jurar:  
que des Paris atées aca  
molher de seus dias non ha  
que tan ben s'acorde d'ambrar.

15 E quen d'haver houver sabor  
non ponha sa filh'a tecer,  
nen a cordas nen a coser,  
mentr'esta mostra aqui for,  
que lhi mostrará tal mester,  
20 por que seja rica molher,  
ergo se lhi minguar lavor.

E sera én más sabedor,  
por estas artes aprender;

demais, quanto quiser saber,  
25      sabe-lo pode mui melhor;  
          e, pois tod'esto ben souber,  
          guerra assi como poder;  
          de mais, guerra per seu lavor.

Pero da Ponte

*REPERTORIOS:* D'Heur 1663; Tavani 120,43.

*MANUSCRITOS:* B 1651 / V 1185.

